Arturo Casas

ESTUDOS IBÉRICOS

POSIBILIDADES E LÍMITES

CUESTIÓNS DE MÉTODO SOBRE REVISTAS LITERARIAS, MEDIACIÓN E TRANSFERENCIA CULTURAL

andavira
editora

Arturo Casas é catedrático de Teoría da literatura e Literatura comparada na Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde tamén ensina Socioloxía da literatura. Foi o primeiro director do Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes da USC. Impulsou igualmente iniciativas como o Grupo Alea de Análise Poética, o Núcleo de Estudos para a Innovación da Historia Literaria Galega e a rede internacional *Poetics of Resistance*, ademais de formar parte do Equipo Glifo e da Rede de Pesquisa Internacional *LyraCompoetics*. É membro do Instituto de Literatura Comparada Margarida Losa da Universidade do Porto.

Como coeditor publicou, entre outros, os libros *Performing Poetry: Body, Place and Rhythm in the Poetry Performance* (Rodopi, 2011), *Resistance and Emancipation: Cultural and Poetic Practices* (Peter Lang, 2011), *Textualidades (inter)literarias. Lugares de lectura y nuevas perspectivas teórico-críticas* (Iberoamericana-Vervuert, 2020) e *Xoán González-Millán: a projeção de um pensamento crítico* (Através, 2023). Entre os seus libros máis recentes figura *Procesos da historiografía literaria galega. Para un debate crítico* (Edizioni Ca' Foscari, 2021). As súas liñas de investigación en curso comprenden en particular a socioloxía da literatura, a poesía no espazo público, a metodoloxía da historia literaria nacional e comparada e os estudos ibéricos.

ESTUDOS IBÉRICOS

POSIBILIDADES E LÍMITES

1.ª edición: Santiago de Compostela, 2024

© Andavira Editora, S. L.
© Arturo Casas

Deseño de capa, maquetación e impresión
Tórculo Comunicación Gráfica

Depósito legal
C 1540-2024
ISBN
978-84-129402-0-6

Impreso en España/*Printed in Spain*

Reservados todos os dereitos. Non se permite a reprodución total ou parcial desta obra, nin a súa incorporación a un sistema informático, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, fotocopia, grabación ou outros) sen autorización previa e por escrito dos titulares do copyright. A infracción dos ditos dereitos pode constituír un delito contra a propiedade intelectual. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra. Pode contactar con CEDRO a través da web www.conlicencia.com ou por teléfono no 91 702 19 70 / 93 272 04 47.
Andavira, no seu desexo de mellorar as súas publicacións, agradecerá calquera suxerencia que os lectores fagan ao departamento editorial por correo electrónico: info@andavira.com.

andavira
editora

Andavira Editora, S. L.
Vía de Édison, 33-35 (Polígono del Tambre)
15890 Santiago de Compostela (A Coruña)
www.andavira.com

A publicación deste libro vincúlase co programa de Axudas á Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas do Sistema Universitario de Galicia no período 2022-2025, do que foi beneficiario o grupo de investigación Teoría da literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela (GI-1371). Entidade: Xunta de Galicia. Referencia: ED431C 2022/22.

Arturo Casas

ESTUDOS IBÉRICOS

POSIBILIDADES E LÍMITES

CUESTIÓNS DE MÉTODO SOBRE REVISTAS LITERARIAS, MEDIACIÓN E TRANSFERENCIA CULTURAL

andavira
editora

Para Teresa, Ambinha connosco

E, no entanto, eu escrevo…
Maria Gabriela Llansol

Índice

1 En prol duns estudos ibéricos críticos 13

2 Iberismos, comparatismos e estudos ibéricos: por que, desde onde, como e para que? 41

Aspectos preliminares 41

A reflexividade: o acto de enunciar o ibérico 55

A disciplina: describir / narrar Iberia e o ibérico 64

3 Para unha análise das transferencias culturais galego-catalás. Os fluxos entre revistas literarias no período de entreguerras (cuestións de método) .. 79

A investigación centrada nas revistas literarias 84

Algunhas bases teórico-críticas para a renovación: *gatekeeping*, transferencia cultural e redes literarias 88

Emerxencia e pulo dos *Periodical Studies* 100

A condición periférica e as revistas literarias 104

Cataluña, Galiza, a súa contemporaneidade histórica, as súas revistas 110

Referentes nacionais de analoxía e transferencia cultural 121

Heteronomía, transferencias e nacionalismo literario 128

Prospectiva 135

Referencias bibliográficas 143

1

En prol duns estudos ibéricos críticos

Este libro presenta dous capítulos que manteñen significativas correspondencias internas e sitúan un dos focos principais, percibirase axiña que con certo empeño crítico, na emerxencia dos estudos ibéricos como área académica e como prisma analítico. Área e prisma non consolidados no espazo universitario propiamente ibérico, mais presentes e actuantes, con determinación variábel, noutros espazos internacionais. Sobre todo nas universidades anglosaxoas, e en particular nas dos países máis condicionados por pugnas e lóxicas —a miúdo, implacábeis— dependentes do mercado académico e dos axustes efectuados por gobernos e autoridades universitarias, dobregados neste período histórico de hexemonía neoliberal por enervados balances económicos e cálculos de prazo curto. Esta realidade hostil obrigou a grupos docentes e investigadores en diferentes zonas do mundo a esforzos de imaxinación académica, patentes xa na tensión por dar cunha boa denominación ou marca (*Peninsular Studies*, *Iberian Studies*, *Comparative Iberian Studies*, *Iberian Cultural Studies*...), designio pouco menos que aporético, para dese xeito maximizar a atracción dun alumnado suficiente en número, capaz de dotar dun futuro menos incerto a proxección dos colectivos profesionais implicados.

Asociarse baixo o paraugas común do ibérico foi por tanto, en ocasións, unha especie de aposta atribulada, quizais resiliente, pola supervivencia de colectivos procedentes, xa en orixe, de situacións de marxinalidade académico-institucional, en particular se a comparación se establecer coa proverbial fortaleza dos estudos centrados en culturas como a francesa ou a alemá. Claro que, segundo foi anotado en análises de moi diferente orientación teórico-crítica (Resina 1996 e 2009, Casas 2000 e 2003, Cabo Aseguinolaza 2003, Martí Monterde 2004 e 2013,

Domínguez 2005, Faber 2008, Pereira 2017; Martínez Tejero e Pérez Isasi 2019a), os programas de base asociados a esa clase de movementos, e a outros relativamente converxentes de fundamentación comparatista, non sempre asumiron nin declararon a existencia de conflitos de base cultural e política no espazo ibérico e rara vez apostaron polo abandono de modelos xerarquizantes á hora de describiren as relacións interliterarias efectivas nese mesmo espazo, ou á de daren conta da entidade histórica das diversas culturas e literaturas en xogo ou da correspondente ás propias especialidades a elas correspondentes (hispanismo, estudos vascos, estudos galegos e demais).

No cadro xeral presentado é innegábel que intersectan chaves como as suspicacias crecentes sobre os itinerarios epistemolóxicos e políticos das filoloxías nacionais, as derivas respectivas do hispanismo e dos estudos luso-brasileiros en universidades como a estadounidense e outras, a súa volúbel tolerancia cos estudos culturais e cos estudos poscoloniais e sobre a subalternidade, os seus dispares encaixes coa romanística, cos estudos latinoamericanos e cos estudos (trans)atlánticos ou, en fin, todo o que Sebastiaan Faber (2008) analizou como «economías do prestixio». Para especialidades como as aquí contempladas, sempre en competición naquela clase de escenarios co resto de ramas lingüístico-literarias concorrentes (xermanística, estudos franceses, estudos árabes, sinoloxía e outras), esas economías administrarían dimensións institucionais, xeopolíticas, demográficas, ideolóxicas, afectivas, de afinidade cultural e moi en especial as relativas ao status internacional do Estado asociado coa lingua e a cultura de referencia, habitualmente percibidas en singular (un Estado, unha lingua, unha cultura), contra o que a realidade empírica evidencia. Isto último non só porque nun Estado poidan coexistir varias culturas, linguas e nacións, senón tamén porque unha lingua, ou unha cultura, pode ser común a varios Estados.

No entanto, será oportuno lembrar tamén que en etapas anteriores á da última gran crise económica internacional, mesmo en momentos case inmediatos á fase final das ditaduras salazarista e franquista, agomaron proxectos que dalgún xeito anticipaban ese xiro ao ibérico. Entre eles o da Association for Contemporary Iberian Studies (ACIS), activa desde 1978 na esfera académica británica e impulsora, a partir de 1988, do *International Journal of Iberian Studies*.

De circunstancias como as detalladas proceden algunhas das potencialidades e igualmente das eivas ou carencias dos estudos ibéricos. Tamén, con probabilidade, a súa eventual fortuna nas vindeiras décadas. Entre as primeiras, unha certa habelencia para o desbloqueo de determinados *impasses* ou suspicacias e para contribuír a dinamizar algunhas incomunicacións, non tanto entre as culturas ibéricas en xeral —ou entre os pobos ibéricos, segundo se diría noutra altura— como entre algúns sectores académicos, institucionais e profesionais. É elocuente ao respecto o rexistro de designacións habituais en publicacións e foros diversos anotado por Cristina Martínez Tejero e Santiago Pérez Isasi (2019b: 10) para dar conta, nos últimos tempos, da vontade colectiva de superación daquela clase de obstrución. Segundo os autores observan, os conceptos chave postos en circulación a partir de certa altura remitiron reiteradamente ao campo semántico do fluxo, da interacción e do dinamismo: relacións, contactos, redes, diálogos, encontros, presenzas, intercambios, mediacións, conexións... Nada disto que se expón é exclusivo das coordenadas ibéricas, claro está.

Desde finais do século pasado, algúns grupos de investigación radicados, esta vez si, no territorio peninsular, comezaron a desenvolver proxectos específicos nos cales se manifestaban certas similitudes con esa procura de comunicación cultural e de recoñecemento mutuo (Pérez Isasi 2017a: 351-355). En realidade, os propósitos e as vías trazadas por eses grupos resultaron a fin de contas bastante plurais. Non todos traballaron sobre os mesmos problemas nin coas mesmas perspectivas, aínda que a presenza máis recorrente foi a da historia literaria. Unha axenda de gran peso específico fixou a atención sobre tarefas pendentes de carácter comparatista, fundamentalmente para atender relacións de contigüidade ou proximidade no espazo ibérico. Destacan neste sector os labores desenvolvidos por grupos da Universidade de Estremadura e da Universidade de Évora para estudaren as converxencias e as diverxencias históricas das literaturas portuguesa e española, con fases de diálogo e outras de notábel desinterese mutuo. Noutro plano, desde varias universidades catalás concretáronse indagacións de natureza histórico-cultural e marcadamente política que fixaron como obxecto de estudo determinados paralelismos nos procesos moderno e contemporáneo de Cataluña e Portugal. Ou mesmo, xa con outra clase de presupostos teóricos e metodolóxicos, de Portugal e Galiza no cadro xeral da lusofonía, cometido este asumido desde a Universidade de Santiago

de Compostela en particular pola Rede Galabra, á que se adscriben igualmente membros doutras universidades galegas e portuguesas.

Radicado así mesmo na universidade compostelá, o grupo de Teoría da literatura e Literatura comparada (TLLC-USC) ocupouse desde primeira hora de cuestións de índole diferente. O básico, cando menos nos primeiros pasos do proceso, dos que aquí informo en condición de partícipe, foi responsabilizarse de prementes retos teóricos e metodolóxicos, tamén heurísticos, relacionados co debate global sobre os usos e funcións da historia literaria e, máis en concreto, da historia literaria comparada, con tanta frecuencia debedores de esquemas historicistas e positivistas. De forma tal que esta segunda vía de potenciación dos estudos ibéricos, entón non vivida exactamente nestes termos polo grupo en cuestión, arrancou de feito como un intento de actualización da teoría da historia literaria de base nacional e como unha crítica da historia literaria comparada, asuntos non delimitados en principio, segundo foi xa suxerido, ao espazo xeocultural ibérico. Non se quere indicar co anterior que estas perspectivas de traballo fosen exclusivas do grupo TLLC-USC, nin moito menos que outros núcleos de investigación radicados no espazo académico ibérico se desentendesen do tipo de asuntos sinalados, pero si que a clase de preocupacións descrita deveu non só central, senón ademais claramente motriz para a materialización de resultados tan significativos como os dous volumes de *A Comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula* (Cabo Aseguinolaza, Abuín González e Domínguez 2010; Domínguez, Abuín González e Sapega 2016), cuxos obxectivos foron considerados por Pérez Isasi (2017a: 353) «casi como un manifiesto de los Estudios Ibéricos en su conjunto».

Ademais de potencialidades como as anotadas, das circunstancias antes descritas proveñen tamén, segundo se anticipou, algunhas constricións, inercias e límites que obstrúen comprensións máis proporcionadas e desenvolvementos menos previsíbeis dos estudos ibéricos. Apostar por un entendemento compensado dos obxectivos e programas dos estudos ibéricos nas coordenadas xeopolíticas, xurídico-institucionais e simbólicas que os delimitan debera comezar, nese sentido, polo recoñecemento dunha realidade histórica patente.

Non outra, como mínimo, que a derivada da presenza e intervención dos Estados portugués e español, cos respectivos aparatos institucionais e os respectivos nacionalismos —o portugués e o español— ac-

tuando como focos mediadores e refractores de toda clase de relacións obxectivas no espazo ibérico. Ese conglomerado relacional abrangue nomeadamente as conexións culturais e literarias, onde teñen lugar non só as relacións entre a cultura española e a cultura portuguesa, senón tamén as existentes entre culturas peninsulares e insulares clasificadas como *periféricas*. E tamén as dadas entre algunha destas e as promovidas xerarquicamente como políticas culturais de Estado ou directamente como cultura de Estado[1]. Boa parte da desconfianza relativa aos estudos ibéricos nútrese da verificación deste contexto efectivo, binario e binarizante, que media indefectibelmente en planos como o institucional, o identitario e o simbólico. Incluso cando parece ausente.

Eses receos actívanse en especial, cabe conxecturalo, desde sectores próximos aos nacionalismos clasificados como periféricos, temerosos de que os estudos ibéricos acaben actuando como unha especie de quinta columna académica ao servizo de vellos moldes ou valores e, en particular, dos propios nacionalismos de Estado, a fin de encubrir diferenzas culturais e de desfigurar conflitos políticos, lingüísticos e identitarios. Porén, é doado localizar reservas epistemolóxicas, académicas e en último termo tamén políticas noutro tipo de posicións: as máis puristas, situadas á defensiva no relativo ás especificidades de cada cultura, as pouco dadas a se ocupar das conexións exteriores da literatura propia —sublimada ás veces sen mesura—, as reactivas a aparentes exercicios igualatorios entre os méritos da literatura nacional propia e os correspondentes a outras inmediatas. Por paradoxal que pareza,

[1] Farei miñas neste punto as reservas formuladas polos coeditores do volume *Perspetivas críticas sobre os estudos ibéricos* sobre a abusiva redución da condición periférica, no cadro xeocultural aquí atendido, que con certeza excede o plano das denominadas «nacións sen Estado» e que ben podería comprender, segundo é indicado, «outras marginalidades —e as suas consequentes transversalidades— de natureza territorial, cultural, linguística, de género, de raça ou etnia, de orientação sexual, de diversidade funcional, de classe e, inclusive, na área de atuação que nos ocupa, de formatos de produção cultural, de distribuição ou de agencialidades» (Martínez Tejero e Pérez Isasi 2019: 8). Por ficarmos na dimensión territorial, un dos retos frecuentemente desatendidos polos estudos ibéricos é o da insularidade. No volume indicado, Mercè Picornell propón a metáfora do nobelo enredado como fundamento posíbel duns estudos ibéricos alternativos aos pensados a partir das imaxes reticulares. Fronte á idea corrente da rede, o nobelo comprendería «círculos de diferentes diámetros y perímetros irregulares que provocan nudos a veces involuntarios e inicios o finales difíciles de identificar» (Picornell 2019: 64).

coinciden estas en xeral con concepcións idealizadoras da república mundial das letras, servidas por unha notoria inxenuidade sobre o valor literario, sobre as dinámicas nacionais e internacionais nos procesos de canonización e sobre as leis do mercado cultural.

Un aspecto obviamente ligado co que se acaba de mencionar é o da percepción da pluralidade nacional dentro do marco estatal español, reconducida por algúns especialistas en iberística, diríase que en conformidade coa tónica dominante entre influentes académicos e publicistas españois, a simple diversidade «territorial» dentro dunha nación única e radial. Cada vez máis subordinada, por certo, aos ditados e intereses exclusivos da capital do Estado, que, pola deriva semántico-ideolóxica da palabra «territorio» nos códigos mediáticos e na retórica política en voga, parecería ser a única zona de soberanía española que non é tal cousa —*territorio*— senón outra de substancia menos continxente e máis primorosa. Cifrouno en 2020 Isabel Díaz Ayuso ao asegurar que «Madrid es España dentro de España», para interpelar de seguido ao seu propio sentido común: «¿Qué es Madrid si no es España?». Certo, isto que se comenta forma parte da actualización máis ou menos agraz do modo en que desde hai un par de séculos se segue tentando construír unha identidade entre a furia e a torpeza, algo que hoxe representa de xeito tan diáfano como procaz o xefe de gabinete da presidenta en cuestión. En calquera caso, para o que aquí se está a tratar, ese peso da historia, medida xustamente en séculos, parece esclarecedor. Por moito que se asuma o carácter construído e administrado —se se preferir, *imaxinado*— das identidades nacionais, de todas elas sen excepción, as consecuencias históricas para as culturas concorrentes no espazo ibérico foron as que foron (e son). Houbo identidades que lograron imaxinarse e xestionarse cun mínimo de autonomía na duración histórica e houbo outras que non completaron na modernidade tal percurso en plenitude. Entre outras razóns, pola incidencia de procesos de nacionalización alternativos que activaron conflitos identitarios aínda hoxe non resoltos. Conflitos que tamén se manifestan de portas a dentro, se así se quixer expresar, pois a homoxeneidade identitaria non existe en grao absoluto en ningunha comunidade política, tampouco nas non emancipadas plenamente en sentido nacional, ou noutros que se decida considerar.

Aquela recondución rexionalizante dalgúns especialistas en estudos ibéricos, evidenciada por exemplo na falta de aceptación explícita,

nalgún grao polo menos, da plurinacionalidade do Estado español, non rara vez se mostra desde unha calculada ambivalencia por parte de significados partícipes entre os que operan no campo, tanto individuais como colectivos. Parecería, nalgún caso, que para non incomodar determinadas sensibilidades identitarias, corporativas, institucionais ou doutra orde. Apréciase algo desta índole, sen ir máis lonxe, en exposicións discursivas tan eminentes como as da propia ACIS, que no seu *site* oficial informa de que os seus obxectivos prioritarios conectan coa promoción do estudo dos problemas sociais, económicos e políticos da Península Ibérica en conxunción coas súas linguas. Obxectivos que na publicación cuadrimestral da asociación, o xa citado *International Journal of Iberian Studies*, se reorientan programaticamente para sinalar, a modo de declaración editorial, que a revista recibirá con especial interese artigos que apliquen metodoloxías comparatistas ou entrelazadas ao estudo de España e Portugal, abrindo tal dominio —valórese se de xeito nebuloso en termos discursivos— a «other identities, cultures and nationalities (Andalusia, Asturias, Basque Country, Catalonia, Galicia, etc.) and communities (Sephardics, Romani, immigrants, etc.)».

Sería absurdo obviar que os estudos ibéricos corren un risco básico, non sempre sorteado de forma airosa. Un risco que pode chegar a ser invalidante se a opción acabar estimulando un comparatismo de vella escola entre as literaturas portuguesa e española aderezado con algunhas notas de rodapé sobre as outras literaturas nacionais ou rexionais comparecentes nese espazo xeopolítico e atento, no fundamental, ao que Claudio Guillén (1985: 71-85) catalogaba como fenómenos de influencia ou de transmisión literarias. Na esteira, por exemplo, do que Fernand Baldensperger resolveu no lonxincuo 1904 co seu *Goethe en France: Étude de littérature comparée*.

Conviremos en que para abundar nesa clase de enfoques, perfectamente lexítimos, aínda que algo caducos, non habería necesidade de acudir a etiquetas novas do tipo da que agora nos ocupa. Aínda sería menos decoroso escudarse na hipotética eufonía da marca «estudos ibéricos» se do que se trata é de diferir, algo máis, a fin de traxecto histórico dunha concepción anacrónica e desmedida do hispanismo e da propia ideación dunha España culturalmente tupida e en última instancia coral. Sobra indicar que nada disto que se afirma presupón desmerecer a entidade histórica das literaturas portuguesa e española nin a súa inxente

proxección internacional, de certo alicerzada na consolidación imperial e na colonización de extensos territorios en varios continentes.

E conviremos aínda neste punto, asemade, en que abstraerse desa condición de potencias colonizadoras dos dous Estados ibéricos distaría moito de representar unha garantía fiábel para uns estudos ibéricos dignos de consideración científica. E isto con independencia de onde se estableceren o núcleo e os recursos principais deses estudos ibéricos: na historia, na cultura, nas artes, na literatura, no pensamento estético ou filosófico ou en específicas concrecións disciplinares ligadas coas ciencias sociais ou con diferentes series historiográficas, a literaria entre elas. A análise de aspectos políticos, económicos, antropolóxicos ou sociolóxicos, por exemplo, referidos non só á cultura ou aos seus axentes, podería ter cabida nuns estudos ibéricos non restrinxidos ao que, en xeral, se constituíu até agora no seu núcleo primordial, a literatura. Aínda que entendida esta, no fundamental, como unha especie de ponte franca e afábel que mitiga —cando non oculta ou neutraliza— diferenzas, divisorias, desdéns e até hostilidades, quer de índole imagolóxico-cultural quer de natureza nacional, coa marca a miúdo velada das políticas de Estado.

Alén do dito, hai algo que interesa manter en mira cando se tratan estas materias. A propia noción de «literatura» —ou «do literario», de se preferir— é plurívoca de raíz e non hai motivo para a reducir a unha formulación idealista, configurada só por autorías, estilos, obras e agrupacións diversas que se suceden no tempo de maneira en maior ou menor medida autónoma e azarosa (ou heterónoma e teleolóxica, dependerá do prisma asumido). En codependencia con esa polivalencia na comprensión do literario, tórnase lóxico que os estudos literarios, así como as súas funcións e relacións disciplinares, mostren alternativas igualmente plurais nos seus desenvolvementos históricos. En suma, se a comprensión e a delimitación dos estudos literarios se nos mostran hoxe tan abertas, non habería razón para esperar que non o fagan as duns estudos ibéricos que, con total evidencia, situaron na literatura e nas relacións interliterarias o seu obxecto principal, ou polo menos inicial, de atención.

En relación coas estruturas académicas no ámbito dos estudos literarios, a presión económica promovida polo capitalismo financeiro non chegou a condicionar con tanta severidade o colectivo académico

radicado no propio espazo ibérico, onde os estudos sobre culturas e literaturas propias lograron en xeral manter configuracións e cadros de persoal, sen seren estes alleos aos efectos da crise financeira internacional de 2008. O contrapeso a esa atención académica privilexiada ao propio foi —e segue a ser— a persistencia dunha desatención xeneralizada ao alleo lingüístico-cultural ibérico, determinada en alta medida por factores históricos e, normalmente, polo fomento dunha disposición cautelosa de longa proxección, en ningún caso exclusiva da Península Ibérica.

Esta disposición foi analizada en perspectiva semiótico-cultural por Iuri Lotman e Boris Uspenski (2000), aínda que tamén podería calibrarse desde o pensamento de Gilles Deleuze e Félix Guattari por aplicación do que estes autores conciben como vector ou abertura «desterritorializante» (1980: 415 e *passim*), o que presupón un factor de desestabilización. Sería pertinente neste punto lembrar que a semiótica da cultura lotmaniana mostra que as culturas próximas a unha cultura dada adoitan ser percibidas por esta como non-ordenadas, fronte ao carácter supostamente ordenado da cultura propia. Sendo así, a cautela que se acaba de mencionar derivaría da crenza de que unha atracción profusa polas culturas limítrofes podería acabar desgastando o carácter orgánico e modelizador da cultura propia. Pois, en última instancia, alimentaríase o risco de resultar neutralizada a súa hexemonía —e a súa «territorialización»— no espazo xeocultural de seu. Tamén a súa utilidade e fiabilidade como testemuño válido dunha experiencia histórico-cultural, o que implica sempre unha codificación do pasado común e unha partición do eixe memoria/esquecemento (isto é, o que se decide lembrar e o que se decide esquecer) non intercambiábeis con outras culturas. Claro que todo isto debería puntualizarse convenientemente mediante algunha mención ao feito de que a cohesión cultural plena non deixa de ser unha ilusión. Ou unha fantasía, como con algún detalle veremos de seguido. Pois o outro non é necesariamente un elemento externo. Moi a miúdo o outro é interno, aínda que desde determinadas instancias e posicións pase a cualificarse entón como «alleo». E isto tanto en culturas e nacións hexemónicas como nas ubicadas en procesos de emancipación.

Entre os factores históricos amentados cóntanse os procesos de nacionalización vinculados coa consolidación dos Estados español e

portugués e os correlativos programas de periferización cultural (e nacional) de que se fala con algo de detalle nas páxinas deste libro. Porén, nun plano non necesariamente inscrito na cuestión nacional, debe contarse igualmente co que Marcelo Topuzian (2022: 157) describiu como «capilaridade» das intervencións do Estado, incorporada en modos de experiencia considerados culturais así como en prácticas e dispositivos burocráticos de natureza asignificante, con incidencia en calquera proceso constitutivo de suxeitos sociais. Esa clase de procesos materializaríase necesariamente para Topuzian baixo as analizadas como «condicións de estatalidade» (2022: 165). Segundo se suxeriu, trátase dun plano que en realidade excedería o vínculo nacional, correntemente sen conciencia plena de que algo así (nos) estea a acontecer. O seu ángulo de incidencia sería o da subxectivación política, incluída a artístico-literaria, e o da propia biopolítica.

Porque, por riba de calquera disquisición teórica, o certo é que o Estado se configura na ubicuidade e actúa sen pausa a través dunha multiplicidade de organismos, corporacións, instancias. Isto é consubstancial á súa propia existencia, se ben cada fase histórica, cruzada coas coordenadas xeopolíticas locais e globais, acaba promovendo condicións específicas de intervención. Unha desas condicións, relevante no mundo actual en escalas tanto globais como estritamente ibéricas, é a que delimita e restrinxe desde instancias xudiciais as decisións dos poderes lexislativo e executivo, e en último termo o libre exercicio das decisións políticas maioritarias. Mediante esta clase de operativos instrumentalizadores, descritos en ocasións como «*lawfare*» ou, quizais con maior precisión, como «xuristocracia», os tribunais constituirían unha especie de parlamento pospolítico, ao acabaren tomando decisións claramente partidarias e exercendo un control ascendente sobre as políticas públicas.

Pénsese que o momento histórico que na actualidade se vive en España quedou profundamente marcado polo anuncio de ETA, en outubro de 2011, do cese definitivo da súa actividade armada. O paso do tempo, coa comprobación desa realidade efectiva, disipou a postiza congruencia dos argumentarios esgrimidos desde os poderes do Estado para o control político dunha serie de demandas sociais, algunhas das cales foran postas de manifesto polo movemento 15-M apenas uns meses antes daquel anuncio. Razóns desta clase contribúen a explicar a forma en que algúns deses poderes, estimulados pola dereita e a extrema dereita

políticas e económico-mediáticas, veñen experimentando unha crecente nostalxia daquel tempo de excepción, que aflora de forma constante e non sempre inconsciente no plano discursivo público. Un tempo, aquel, supostamente lexitimado nas medidas tomadas, mais tamén en todo o tolerado e en todo o relegado de xeito notoriamente transversal pola sociedade civil —desde a «guerra sucia» contra ETA até a corrupción sistémica dalgún partido dos considerados «de Estado»—, polo que se fixo común designar como «persistente ameaza terrorista». Para alén disto, o esgotamento de certos pactos da transición no relativo ao modelo autonómico veu converxer coa sentencia do Tribunal Constitucional, no verán de 2010, sobre a inconstitucionalidade dun número de artigos do Estatut de 2006 e sobre a nula eficacia xurídica do seu célebre preámbulo, onde se postulaba a condición nacional de Cataluña. A reactivación, nalgunha medida consecutiva, do proceso soberanista catalán a partir de 2012 conduciría á convocatoria do referendo de independencia do 1 de outubro de 2017 e á posterior intervención da autonomía, mediante a aplicación do artigo 155 da Constitución, pactada polo goberno español do PP co PSOE.

En todo o que se acaba de mencionar é perceptíbel a dilatada persistencia do Estado profundo, nutrido aínda por idearios e obsesións franquistas. A mofa connatural a formulacións como «cloacas do Estado» ou «policía patriótica», incluso a condescendencia corporativa cos xuíces e maxistrados que fantasían coa lei e os delitos e devecen por torcer o brazo do lexislador, impiden calibrar o verdadeiro alcance e influencia na vida pública dese Estado profundo, movido ademais polo afán encubridor (definitivo) dos crimes do réxime franquista —coa colaboración necesaria de sucesivos gobernos que, por exemplo, adiaron anos e anos a atención ás fosas comúns e ás vítimas desaparecidas do franquismo, aínda unhas 140.000 en 2018— e, en fin, por ostensíbeis degoxos recentralizadores que conectan co que Luisa Elena Delgado (2014) estudou como a fantasía da normalidade do sistema democrático español e a propia comprensión de España como Estado-nación, suxeito aos imperativos de cohesión e singularidade.

Sen saírmos totalmente deste plano, non tería sentido esquecer a desconfianza tradicional sentida desde Portugal, en particular desde a súa esfera cultural (institucións, axentes culturais, mercado, público), en relación coas dimensións e potencialidades do seu único

Estado contiguo, contempladas baixo parámetros tamén culturais e comerciais, aínda que non só, pois a seguridade nacional nunca deixou de estar sobre a mesa. Quizais abonde con lembrar neste sentido que, con estrita limitación cronolóxica á ditadura franquista e malia as moi aireadas alianzas previas co Estado Novo, houbo dous momentos, finais de 1940 e os meses posteriores ao 25 de abril de 1974, en que se contemplou e planificou polo exército e os gobernos de Franco unha ocupación militar do territorio portugués. Segundo haberá ocasión de ver de xeito tanxencial nun dos capítulos deste libro, tratouse en ambos casos de situacións estimuladas, e finalmente desactivadas, sobre todo por factores xeopolíticos de orde internacional (Ros Agudo 2008: 269-284; Magalhães 2023: 127-134), o cal non deixa de ser significativo para o que aquí se trata.

Dificultades económicas do tipo das antes mencionadas, xunto coas estratexias que trataron de superalas, promoveron en diferentes lugares, incluído aquí si o contexto ibérico, dinámicas académicas cuxa complexidade e efectos talvez non foran plenamente previstos antes da toma dalgunhas decisións, ou da roza inicial dalgúns escenarios inéditos. Entre outros motivos, porque a postulación de novos campos de estudo e de análise activa sempre, en ámbitos de coñecemento como o das humanidades e as ciencias sociais, fluxos de debate, intercambios e lóxicas que non é infrecuente que ultrapasen o ámbito do estritamente heurístico, para conectaren así, nalgún sentido, con outras preocupacións e mudanzas culturais en marcha. Algo deste tipo podería estar pasando no ámbito académico e na episteme que segue a ser habitual identificar, parece que de modo algo abusivo, coa filoloxía.

As dinámicas de cambio histórico xorden en ocasións por unha simple cuestión de oportunidade, dadas certas condicións culturais e políticas que acaban por ter incidencia no terreo dos imaxinarios e as mentalidades sociais. Unha hipótese de traballo que non semella aventurado enunciar, é que a introdución dunha perspectiva comparatista nas análises literarias e culturais —e os estudos ibéricos incorporan de maneira obrigada ese vector— favorece normalmente a actualización metodolóxica e axiliza a renovación dos propios obxectos de estudo, que sempre poden ser diferentes dos que é común seleccionar.

O anterior poténciase se o prisma comparatista se aplicar cun mínimo sentido crítico, mediante a implementación de opcións me-

todolóxicas non desfasadas da literatura comparada, algo que tendo á vista o panorama efectivo de publicacións non parece estar resultando tarefa fácil para todos.

Na academia estadounidense dos últimos lustros do século xx constituíu un bo exemplo a contestación crecente aos operativos dunha hispanística e unha lusitanística percibidas desde os sectores menos conformistas como tributarias de programas redundantes na erudición positivista, e acomodadas en demasía ás destrezas menos fecundas da estilística idealista. A controversia arredor desas tradicións, os seus sistemas de valores e o propio *habitus* profesional de base, trasladada despois a outros espazos académicos, converxeu de xeito inevitábel nos últimos trinta anos co reexame crítico do canon respectivo, e non menos coas implicacións ideolóxicas e políticas das «canonicidades» de base (os valores estético-literarios asumidos e atribuídos polos historiadores literarios como corporación), o cal remite de novo a escollas axiolóxicas ansiosamente naturalizadas, dependentes en última instancia dun sentido común aducido na práctica, desde determinadas posicións académicas e institucionais, como inalterábel.

Pese a isto, a insistencia dos estudos culturais en atender discursos non hexemónicos, en particular se incidiren en desenvolvementos históricos de construción identitaria, favoreceu nos campus estadounidenses, como tamén noutros do ámbito anglófono, a aparición dun contrapeso de entidade francamente vacilante, o asociado ás rúbricas do periférico, tantas veces previsto nos panoramas culturais sobre as posditaduras española e portuguesa como apéndice, suplemento e pouco máis.

Sexa como for, por extensión de todo o que se vén de sinalar, quedou afectada tamén a propia comprensión ideolóxico-cultural do literario, pois, como salientaran Mikhaíl Bakhtín e o seu círculo, a literatura non consiste sen máis en produtos e obras, senón que se constitúe ante todo como produción e como prácticas. E, consecuentemente, como sucesión de cambios, como proceso.

O que se comenta coincidiu no tempo, por outra parte, coa ampliación das dimensións específicas do feito literario a unha realidade sociocultural menos acoutada, cedéndose espazo á atención a medios de comunicación, artes do espectáculo, festivais de diverso signo, mediación cultural e industrias culturais. A maiores, nos últimos decenios foi desvelada como dispositivo con vasta proxección sobre os estudos

literarios a sempre cuestionábel redución da idea de suxeito a unhas determinadas condicións de partida. En último termo, as típicas do pensamento moderno europeo e as derivadas dunha comprensión inconsistente da universalidade, asociada nalgúns casos á xustificación dos procesos coloniais e tamén á dominación heteropatriarcal. Por isto mesmo é tan relevante o diálogo fluído entre uns estudos ibéricos críticos e os estudos de xénero, os estudos poscoloniais e sobre a subalternidade ou os estudos sobre diversidade sexual, entre outras especialidades académicas. Unha dimensión nada distante das anteriores é a relativa ao que, con Josefina Ludmer (2021: 315-327), cabería diferenciar como condición «postautónoma» do literario na actualidade. Para a profesora arxentina, esa condición derivaría da fin de ciclo da autonomía literaria, condicionada pola complexa delimitación da ficción fronte á realidade (tal como isto último é constituído desde os medios) e, á vez, pola imposibilidade de seguir contemplando o literario/cultural separadamente do económico e do político.

A contribución a esta clase de mudanzas dista de ser menor no que respecta aos especialistas nas consideradas literaturas periféricas da Península Ibérica —a galega, a vasca e a catalá—, hoxe presentes en diferentes zonas do globo. O labor de quen investiga nesas especialidades desde fóra, partindo non poucas veces de posicións académicas e laborais precarizadas, parecería mostrar, non tan paradoxalmente, praxes menos condicionadas por fórmulas varadas, indolentes na comprensión dos asuntos culturais e literarios e dos conflitos a eles connaturais, incluídos os ideolóxicos e os institucionais. Entre outras, unha representación paradigmática disto que se apunta sería a constituída pola traxectoria de Xoán González-Millán, profesor da City University of New York e un dos principais valedores, desde 1985, da Asociación Internacional de Estudos Galegos.

Por outra parte, algo difícil de desmentir é que, polo menos até hai uns anos, a innovación no campo de estudos polo que aquí nos interesamos procedeu con maior intensidade e frecuencia de fóra do espazo académico ibérico. Se callar, pola propia mobilidade laboral e polas lóxicas e dinámicas a ela asociadas. Nos últimos decenios, promotoras da idea de que non mudar de focalización teórica cada certo tempo é preludio probábel de anquilosamento académico, incluso persoal. Fronte a esa realidade, as universidades do espazo hispano-luso é habitual que

neste ámbito mostren en xeral maior adherencia á tradición filolóxica e un apego desinhibido, en ocasións ostentoso, coa reprodución cultural, no sentido exposto por Pierre Bourdieu e Jean-Claude Passeron (1970) nun célebre libro que se ocupou da arbitrariedade de fondo da cultura académica e da súa inherente violencia simbólica.

Cabe deterse minimamente, para alén do visto, nunha das derivas máis frecuentes e perceptíbeis das prácticas investigadoras e das lóxicas de publicación que están na base dun sector dos estudos ibéricos e, en xeral, de certas orientacións do comparatismo literario, o referido a ámbitos como o ibérico ou a tantos outros. Afecta neste caso en proporción similar ao resolto fóra e dentro do espazo académico máis inmediato aos territorios peninsular e insular. Trátase en concreto dunha comprensión dos estudos ibéricos por simple agregación ou xustaposición de elementos dunha serie de análises parciais sobre as diversas realidades culturais ibéricas tomadas unha a unha. Neste sentido, non parece clasificábel como proposta inscrita nos estudos ibéricos, por exemplo, a dun volume composto por capítulos sucesivos que atenden tal ou cal aspecto das diferentes culturas ou literaturas postas baixo foco: primeiro a española, despois a portuguesa, seguida da catalá, etcétera. De modo que neste terreo, como en tantos outros, o que se detecta ás veces é un segmento de oportunismo, alimentado, segundo o que se acaba de introducir, polas lóxicas e as métricas académicas en voga.

Un factor relevante que conviría ter máis presente neste plano e noutros converxentes é o relativo á dialéctica entre posicións e tomas de posición no campo académico. Non se trata agora de pórse a escrutar traxectorias individuais, senón de discernir mellor os procesos de emerxencia e afianzamento dunha especialidade nova. Neste sentido, reafirmarei que os especialistas en estudos ibéricos, igual que calquera outro experto en humanidades e ciencias sociais (como mínimo), están condicionados polo que observou Norbert Elias (1983) a propósito da dialéctica entre o compromiso e o distanciamento obxectivador do suxeito que investiga.

O primeiro capítulo deste volume aborda en esquema xustamente un dos asuntos inevitábeis relacionados co anterior a propósito dos estudos ibéricos. Un asunto que comparece igualmente noutra clase de investigacións, incluídas as referidas a unha única literatura nacional. En definitiva, a incidencia da posición e as disposicións (o *habitus*, se se

preferir) do suxeito investigador naquilo que investiga e nos seus resultados. De inicio, trátase de algo tan elemental como manter conciencia sobre as adscricións/afinidades políticas e ideolóxicas de cada axente do campo académico a/con determinados sistemas de valores, discursos de lexitimación e construcións de identidades, xunto á correlativa confinidade con determinadas comprensións dunhas ou outras interrelacións identitarias, culturais ou doutra clase. Por tanto, non se está a falar aquí de militancia *stricto sensu* nin dun seguimento programático de ningún ideario de fondo, senón dunha proximidade cos modos de xustificación de accións ou intervencións na esfera do coñecemento —sempre situado e orientado— e da súa difusión pública.

Para o expresar con algo máis de claridade: do mesmo xeito que resulta infrecuente non localizar unha tendencia ou compromiso nacional(ista) en quen practican a historiografía literaria de base nacional(ista), resulta tamén inhabitual non percibir en quen se adscribe academicamente aos estudos ibéricos un estímulo iberista. Isto último no sentido que for. E hai máis de dous ou tres en xogo, case todos perfilados polo grao de afinidade previo cos percursos históricos de España e Portugal como Estados e cos seus respectivos programas nacionalizadores, en particular do século XIX en adiante.

O estraño é que a miúdo isto non se recoñece, como se se quixese preservar unha dedicación menos condicionada pola posición académica alcanzada ou por algunha clase de vínculos extracientíficos. Por exemplo, cunha determinada formación cultural, con certas estruturas de sentimento e con específicos (ou inespecíficos) nexos coa esfera institucional, por empregar agora conceptos de Raymond Williams (1977) aplicados tamén no capítulo final deste libro. Todo canto se acaba de indicar afecta así mesmo, xaora, a quen refuta a utilidade dos estudos ibéricos, tomaren estes e os correlativos intentos de refutación a dirección que for.

Esta última consideración ten relevancia. Porque a etiqueta que manexamos, «estudos ibéricos», pode significar algo bastante máis aberto e plural do que en principio caiba pensar, segundo se suxeriu xa en páxinas anteriores. Non parece necesario, por outra parte, que eses estudos abracen coa fe do carboeiro metodoloxías sistémicas máis ou menos vulgarizadas e simplificadas. Nin tampouco que se sustenten nunha superflua «razón ibérica» condicionada á superación do enfoque

sistémico, como de xeito algo aparatoso reclamou Joseba Gabilondo (2019: 93-98), quen no meu criterio acerta, en cambio, cando afirma que os estudos ibéricos serán postimperiais ou non serán[2] (2019: 97).

É inequívoco neste sentido o exposto en sucesivos contributos por Pérez Isasi, nalgúns casos en colaboración con outras colegas, para unha definición operativa e á vez dinámica do campo de estudo. Consciente do seu dinamismo crecente, Pérez Isasi contrastou delimitacións da súa propia autoría situadas en momentos separados no tempo. Se a comezos do segundo decenio deste século presentaba a especificidade dos estudos ibéricos como «the consistent and deliberate consideration of the Iberian Peninsula as an interconnected, multilingual and multicultural political, identitarian and literary polysystem or semiosphere, to use Lotman's term» (Pérez Isasi 2013: 11), menos de dez anos despois deixaba constancia dos problemas de manter excesiva rixidez na comprensión, e advertía contra as exclusións que delimitacións ou definicións pouco flexíbeis dos estudos ibéricos poderían promover (Pérez Isasi 2021: 26), non sen antes asumir «la necesidad de considerar como ideológica cualquier (re)configuración mental, social, política o epistemológica del espacio» (Pérez Isasi 2017a: 357), e isto con independencia das súas fontes de enunciación e das súas conexións cos diferentes nacionalismos en liza.

Máis aló van as ideas que seguen, asinadas conxuntamente por Martínez Tejero e Pérez Isasi, para concretaren «un reverso» dos estudos ibéricos que non fique naquela lóxica dos fluxos comunicativos interculturais detallada no principio destas páxinas. Porque os estudos ibéricos terían que

> atender igualmente a los procesos de ocultación, de no-relación, de asimilación, de interferencia, por un lado; a las tendencias (efectivas o no) de dominación, a las tensiones y a las distintas jerarquías de poder y capitales (culturales, simbólicos, económicos o políticos), por otro; e incluso, a los proyectos no concretados (a pesar de las dificultades historiográficas para su registro y estudio)

[2] A concreción desa posibilidade de ser aparece descrita nos seguintes termos polo autor: «En resumen, los estudios ibéricos deben entenderse como la (in)disciplina que analiza las fantasías políticas que definen la 'realidad' histórica de su campo posimperial, y en la que cada nación y Estado plasma sus fantasías culturales con respecto a su(s) otro(s), internos y externos» (Gabilondo 2019: 101).

> y especialmente a las motivaciones (y consecuencias) de estas interacciones. (Martínez Tejero e Pérez Isasi 2019b: 11)

Ao que, no mesmo lugar, se engadiu o seguinte, que, como o anterior, direi que asumo na súa totalidade:

> Esta delimitación del espacio ibérico como marco debe conllevar además una operación epistemológica de deconstrucción (y, por lo tanto, entre otras cosas, de explicitación) de las lógicas inherentes a este proceso: se hace pertinente, aunque por veces resulte paradójico, reconocer lo ibérico como una más de las posibilidades de análisis existentes, sin reificarlo, asumiendo sus ventajas y desventajas, siendo consciente de su performatividad y hasta de su carga política.

Por motivos como estes móstrase tan necesaria a análise dos operativos metodolóxicos e da clase específica de problemas e perspectivas que se consideran propios da disciplina. Velaquí, modestamente, un dos obxectivos principais deste libro: propiciar unha reflexividade epistemolóxica atenta ás posibilidades, mais tamén aos límites, dos estudos ibéricos. Facelo, pois, procedendo a un reexame permanente, comprometido coa obxectivación de programas e resultados, e baixo a aspiración de non se desviar en exceso do sentido práctico nin da análise recta dos usos e funcións habilitados para a nova especialidade.

Obsérvese nesta orde de cousas que, nos plurais ámbitos da investigación científica, o sintagma «posibilidades e límites» reaparece con asiduidade á hora de prover balances sobre determinados percorridos epistemolóxicos e metodolóxicos. Calquera estudante de Filoloxía de comezos dos anos oitenta lembrará, por exemplo, un libro centrado na revisión crítica da célebre proposta analítica efectuada conxuntamente por Roman Jakobson e Claude Lévi-Strauss a partir dun poema de Charles Baudelaire, «Les Chats», abordada baixo prismas e avaliacións diversas por diferentes autores (Michael Riffaterre, Georges Mounin ou Lucien Goldmann, entre eles). O título daquel libro, xurdido das conversas do seu compilador, o sociólogo José Vidal-Beneyto, co psiquiatra e novelista Luis Martín-Santos, era xustamente *Posibilidades y límites del análisis estructural* (1981).

De entrada, algo que non estará de máis introducir é a conveniencia de precaverse contra uns estudos ibéricos que se expliquen ou xustifiquen por si mesmos como suposta consecuencia directa e non mediada da orografía continental e da xeografía específica do suroeste europeo, espazo bastante máis complicado de delimitar do que poida parecer, como haberá ocasión de constatar máis adiante. Porque, contra o que é común pensar, os estudos ibéricos non son a decantación natural dun mapa peninsular neutro —autoxerado e autoxerido— a falar en por si. Entre outras razóns, porque os mapas son resultado dunha construción e son ferramentas habilitadas desde unha certa percepción da realidade representada, asunto este sobre o que se incide varias veces nas páxinas deste libro. Unha realidade que é física, sen dúbida, pero que nunca fica nese plano, ao estar atravesada, como mínimo, por conexións históricas, culturais, relixiosas e políticas sempre diversas, aínda que trazadas —tamén sempre— desde algunha modalidade de poder como dispositivo de control social e baixo algunha óptica de posesión ou dominio, o que innegabelmente constitúe discurso. O franquismo, por exemplo, a través do *Catecismo patriótico español* (1939) adoutrinou por longo tempo á infancia e á xuventude coa idea de que a Península Ibérica fora «colocada providencialmente por Dios en el centro del mundo» (*apud* Picornell 2019: 82).

Alén disto, sería incoherente ignorar que o usual é que, de forma análoga, desde as posicións alternativas en xogo se habiliten respostas a esas ferramentas cartográfico-discursivas, que habería que afacerse a ver como instrumentos modificábeis, non perennes. Neste sentido, todo contrapoder que aspire a intervir nalgún sentido estratéxico nos planos xeocultural e ideolóxico na esfera pública, particularmente alí onde existan conflitos de orde cultural e identitaria, xera adoito cartografías propias, en maior ou menor medida ostensíbeis. Eses mapas alternativos, na súa proxección performativa, constitúen unha manifestación máis do que, en sentido foucaultiano, cabería ver como prácticas de resistencia, se ben eles mesmos están orientados igualmente de partida a procurar fórmulas de cohesión e de control social.

Nesta introdución postulouse desde o comezo unha idea que agora, anotados aspectos significativos de varia índole, pode expresarse de forma algo máis precisa. Os estudos ibéricos están en disposición de tomar múltiples direccións e poden asumir un número tamén elevado

de propósitos epistemolóxicos, académicos e político-ideolóxicos. Todo dependerá dos obxectos de atención e análise, das metodoloxías habilitadas, dos programas de estudos perfilados e non menos dos estímulos e obxectivos de orde sociocultural, institucional, mediática e en definitiva política que se asuman polos diversos axentes participantes, tanto de forma consciente, e até declarada, como de forma aparentemente indeliberada e incluso espontánea, se tal extremo for posíbel.

A toma de posición pola que este libro se inclina a propósito duns estudos ibéricos que sitúen un dos seus focos principais na literatura e a cultura é de doada formulación. A pertinencia actual e a posíbel validación futura deses estudos ibéricos pasarían por asumir dúas condicións que se retroalimentan: unha decidida reflexividade epistemolóxica e unha firme disposición crítica, consciente dos límites e das eventuais contradicións que a opción habilitada incorpore, referidos en parte en páxinas anteriores. Prescindir dese estatuto crítico-reflexivo suporía un ingreso en vía morta, por moito que o itinerario inicial poida engalanarse, obviando por exemplo os conflitos de base nas interrelacións políticas, económicas, identitarias e socioculturais ibéricas nos diferentes períodos históricos e na propia actualidade. Que esta pluralidade de dimensións acabe reducida en sentido nacional constituiría xa de base un erro estratéxico para a fortuna dos estudos ibéricos no medio prazo. Outro asunto é se ese plano pode ser obviado —que non— por referencia a un paradigma posnacional ou outros converxentes, segundo tiven ocasión de sopesar nunha publicación anterior (Casas 2021: 101-106).

Permitireime aclarar que, en última instancia, a orientación propugnada duns estudos ibéricos críticos non difire da forma en que como investigador e docente entendo o cometido dos estudos literarios —noutras palabras: a delimitación do que cómpre estudar a propósito da literatura e do literario— e dos estudos sobre a cultura en xeral. Con dúas implicacións de neta entidade epistemolóxica. A primeira consiste na necesidade de propiciar nexos transdisciplinares entre os estudos ibéricos e a historia e as restantes ciencias sociais, con atención destacada igualmente á análise crítica do discurso —coas ligazóns entre linguaxe, ideoloxía, poder, construción social da realidade e historia— e o propio exame reflexivo sobre os operativos regularizados da teoría literaria e das diferentes series historiográficas, comezando pola historia literaria, a historia cultural, a historia da arte e outras próximas. A

segunda implicación radica en fomentar todo o anterior, como insistiu González-Millán no conxunto da súa produción teórico-crítica, tendo ben presente que os modelos científicos de suposta validez universal no ámbito das ciencias sociais teñen pendente demostrar a súa validez para situacións de dominación ou de subalternidade política e cultural, a medio prazo potencialmente conducentes a escenarios de extinción cultural. En definitiva, para situacións —como a galega— marcadas pola diferenza histórica e a diferenza cultural, pola periferización e a exclusión. Porque o certo é que, por moito que se encubra, aí adoitan fracasar aqueles modelos científicos exhibidos como universais. Como fracasará tamén calquera intento de configurar uns estudos ibéricos útiles se os seus alicerces se asentaren nos usos e pautas dunha filoloxía posta ao servizo do Estado —ou ao de certas ideacións da nación— ou de comprensións caducas da literatura comparada e da historia literaria comparada. E isto último por moi prestixiadas que estas aparezan como tradicións e como dispositivos de innegábel rendemento escolástico.

Algo que tampouco axudará na tarefa trazada, pero que adoita nutrir, aínda hoxe, non poucas propostas á hora de pensar o social e o nacional é a asimilación simplista e acrítica dunha fundamentación organicista do político: a sociedade, a nación... entendidas como totalidades análogas a organismos vivos. Ou, xa antes, da propia idea de totalidade orgánica, en derivación máis ou menos acentuada de premisas hegelianas. É posíbel que unha aplicación de conceptos como «axenciamento» e «desterritorialización», activados pola nomadoloxía de Deleuze e Guattari (1980: 434-527 e *passim*), de vasta e fecunda proxección na xeografía, nas ciencias sociais no seu conxunto e até nos estudos literarios, axudase a mitigar algúns dos efectos do organicismo idealista, a miúdo causante de indolencias metodolóxicas. Igualmente, tería interese examinar adaptacións do pensamento deleuziano ao campo de estudo dos sistemas complexos. Por exemplo, do tipo da coñecida como teoría das ensamblaxes[3], unha ontoloxía social que vén formulando Manuel DeLanda (2016 e 2021) para tratar de dar conta da complexidade social e o seu devir, con particular atención aos cambios sociais e ao cambio histórico (lonxe de todo teleoloxismo), ás propiedades emerxentes dos

[3] «Ensamblaxe» é outra posíbel tradución do complexo concepto deleuziano-guattariano *agencement*, que en inglés adoita expresarse como *assemblage*, aínda que tamén pode aparecer como *ensemble*, *arrangement* ou *layout* (Buchanan 2015).

sistemas sociais —as producidas a partir da interacción causal das partes dun todo— e ás dialécticas entre os niveis micro e macro da realidade social. DeLanda procede a eses obxectivos poñendo en diálogo unha lectura moi persoal de Deleuze con fundamentos tomados da socioloxía weberiana, do interaccionismo simbólico de Erving Goffman, da socioloxía dos conflitos de Charles Tilly e da comprensión da temporalidade histórica por Fernand Braudel. De fondo adoita figurar así mesmo un entendemento, sen dúbida controvertíbel, dos conceptos de mercado e Estado-nación, onde de novo converxen elaboracións tomadas de Weber, Braudel e Tilly. Aparece tamén unha distancia que non se oculta co pensamento de Bourdieu.

Trátase de referencias que, en todo caso, achegan indicadores potencialmente válidos para pór en cuestión a percepción máis corrente e estática do que podería ser apelado como «o vinculante», ou, se se preferir, das distribucións entre o que está dentro —de inicio, en sentido afectivo— e o que fica fóra, ás veces entendido como residual. Por conseguinte, o que se sinala ten clara incidencia nas dialécticas entre territorio e cultura, ou entre centro(s) e periferia(s), ou entre metrópole(s) e colonia(s). Quedan así mesmo afectadas nesa mesma esfera de atencións as liñas de converxencia existentes entre acollida e deportación, ou entre aculturación e repoboación forzada, incluso entre patrimonio e expropiación/apropiación, condicións todas que, con tinturas étnicas, relixiosas, culturais, económicas ou ideolóxicas, ninguén podería negar que son parte determinante nunha historia como a das nacións peninsulares, radicalmente atravesada polas realidades da expulsión, da emigración e do exilio. Trátase en última instancia, por conseguinte, de asuntos inevitábeis para uns estudos ibéricos que aspiren a un mínimo de rigor e mesmo de lexitimidade como saber específico.

Por máis que converxentes na esfera xeral de intereses dos estudos ibéricos, a articulación deste volume en capítulos de índole diferenciada demanda unhas breves notas aclaratorias. O primeiro deses capítulos móvese, xa desde o seu título orixinal nunha publicación anterior (Casas 2019), aquí traducida e revisada, nun cadro de preguntas en torno á consideración dos estudos ibéricos como campo de coñecemento emerxente suxeito a condicións e obxectivos específicos. Tal e como se argumenta nas sucesivas epígrafes do capítulo, a tarefa houbo de situarse na encrucillada entre o comparatismo, a historia e as ciencias sociais,

coa finalidade de analizar en particular as relacións entre os iberismos, a literatura comparada e os estudos ibéricos en relación con dous aspectos superpostos. En primeiro lugar, o perfil académico, ideolóxico e político dos axentes que fan parte deste novo campo de estudos e a introdución dunha reflexividade epistemolóxica destinada a non dar nada por sabido nin por clausurado; en segundo termo, a delimitación disciplinar do novo campo, que necesariamente incorpora a atención crítica a aspectos como os amentados, de ordes académica, xeocultural, ideolóxica e outras, así como ás diferentes lóxicas e aos diversos obxectivos en xogo.

De modo correlativo, fíxose precisa a observación contrastiva cunha serie de movementos concorrentes que materializan en ocasións programas de investigación de carácter centrípeto —pola persistente ineludibilidade do nacional nos estudos sobre literatura e cultura— e outras dan forma a operativos de signo inverso debido a un carácter aparentemente centrífugo. Isto último debido a dinámicas do tipo das introducidas pola emerxencia académica dos coñecidos como estudos sobre a literatura mundial e como estudos literarios globais[4], ou noutra escala pola constitución de modelos comprensivos do literario e do cultural incómodos coa reclusión nacional dos fenómenos estudados ou pola atención a fluxos repertoriais e doutras clases de marcada natureza internacional.

Sobre esta realidade, sobre estas tensións, sobres estes *desde-onde* locativos, epistemolóxicos, políticos, performativos… móstrase ilustrativa a observación dos percursos dos diferentes iberismos históricos e tamén das sucesivas crises da literatura comparada como disciplina e do comparatismo como método. Todo a fin de perfilar na medida do

[4] Para un cotexo entre os *World Literature Studies* e os *Global Literary Studies*, estes últimos marcados polo propósito de aplicar con sentido crítico perspectivas inclusivas e descentralizadas, máis atentas ás periferias e semiperiferias culturais, véxase Roig-Sanz e Rotger (2022). As autoras caracterizan os obxectivos dos estudos literarios globais mediante o contraste cos propios dos estudos sobre a literatura mundial, na actualidade amparados xa por unha firme institucionalización académica. A ese fin, inciden na preocupación por debates como os relativos á transnacionalidade literaria, a circulación e recepción de formas, modelos e xéneros textuais en diferentes rexións do globo ou a crecente constelación de axentes que interveñen no espazo literario internacional (Roig-Sanz e Rotger 2022: 2). Unha parte deses debates son de aplicación para algúns dos problemas tratados neste libro.

posíbel as lóxicas activadas, os mecanismos habilitados, os intereses e obxectivos de fondo, as estratexias implementadas e tamén as elaboracións discursivas que xustifican e lexitiman as apostas en liza, entre outras a duns estudos ibéricos postulados como alternativa *a algo*.

O seguinte capítulo do libro centra a atención nun sector dos medios de comunicación, as revistas culturais e mais especificamente as de signo literario. Malia o seu carácter en principio selectivo e minoritario, trátase dunha parcela que sempre activou a curiosidade dos especialistas en historia da literatura, atentos á función-arquivo que esta clase de proxectos adoita integrar e baixo a consideración de que nas revistas, en particular nas de certos períodos históricos, comeza a configurarse, de forma tentativa ou preliminar, toda gran literatura posterior. Tamén o comparatismo prestou continuada atención a este fenómeno cultural, en particular pola produtividade dos intercambios de vario signo entre revistas de procedencia xeocultural e lingüística diversa, aínda que igualmente pola confluencia interartística que as revistas acostuman promover sobre todo entre literatura, artes gráficas e artes visuais. Como haberá ocasión de concretar, en realidade todo é bastante máis complexo do que permite inferir a referencia a simples dinámicas de intercambio.

O foco do capítulo definiuse de forma moi específica, ao incidir sobre as interrelacións e transferencias das revistas catalás e galegas no período de entreguerras. En principio, unha parcela posíbel dos estudos ibéricos. Posíbel aínda que non exenta de controversia, como agora se tentará expor. De feito, poderíase sinalar nesa escolla unha contradición interna co postulado no capítulo anterior deste mesmo volume, dado que nel se declara que propiamente hai estudos ibéricos só alí onde o dominio ibérico aparece tratado na súa totalidade e non de forma parcial. Isto suporía que outra clase de opcións, como a das relacións entre as literaturas galega e catalá, ou como as dadas entre as literaturas portuguesa e española, encaixarían máis ben no terreo específico da literatura comparada. Con todo, segundo se tratou de argumentar no propio capítulo e tamén nestas páxinas introdutorias, o foco aberto por uns estudos ibéricos críticos fai que cuestións de raíz apenas bilateral en orixe acaben esixindo, para se dotar dunha mínima eficacia analítica, a referencia a un marco xeocultural e político como o delimitado pola presenza e intervención —tamén para a clase de transferencias aquí

estudadas— dos aparatos e institucións do Estado e, en medida complementaria, pola clase de relacións que Galiza e Cataluña estableceron ao longo da historia con Portugal, tanto no plano cultural como no plano político. En calquera caso, nada máis lonxe da miña intención que forzar interpretacións terminantes a este respecto. O propósito do capítulo no cadro xeral do libro, máis alá da súa orientación e obxectivos específicos, é tamén o de contribuír a abrir exames e comprobacións sobre os lindes dos estudos ibéricos.

O certo é que, como se comprobará, aquela decisión de aparencia restrinxida abriu de contado panorámicas e despexou o camiño para a introdución de debates sobre as condicións da contemporaneidade histórica, sobre o perentorio reexame das relacións centro-periferia, sobre as especificidades da interacción de revistas procedentes de espazos culturais non hexemónicos, ou inclusive periferizados, e sobre o esgotamento das comprensións verticais, mecánicas e unidireccionais das relacións interculturais.

Tamén aquí con obrigada apertura transdisciplinar, o obxecto *revista* é contemplado e identificado coa colaboración dos estudos culturais, a socioloxía da cultura, as análises de redes literarias e sobre a mediación cultural, a semiótica, os *Media Studies*, os *Periodical Studies*, os estudos sobre tradución e sobre transferencia cultural, a socioloxía dos intelectuais e outras orientacións que foron outorgando o necesario protagonismo aos diversos oficios e tarefas con incidencia na saída e circulación das revistas literarias. Ademais, non exactamente en segundo plano, e en consonancia co anticipado nestas páxinas iniciais, esa apertura permitiu ver de que modo os estudos ibéricos poden abrir, e en boa medida deben facelo, diálogos plurais de asimilación metodolóxica e de acollida produtiva das axendas doutras disciplinas.

Algo complementario que igualmente pareceu relevante é a exploración sobre a clase de coñecemento promovido desde as revistas culturais. Ou sobre a configuración destas como arquivos, ás veces mínimos, relativos a comunidades lectoras tamén restrinxidas dun tempo histórico. E non necesariamente dun lugar único ou específico, senón máis despexado e en última instancia indemarcábel *a priori*, debido á capacidade de conectividade internacional que é consubstancial ás revistas.

Abriuse de resto un ciclo de análises sobre as formacións culturais e o capital social/relacional, no sentido dado a estes conceptos por Raymond Williams e Pierre Bourdieu, ou sobre as relacións estruturadas do subcampo das revistas culturais, examinadas con alto rendemento por Anna Boschetti a propósito de *Les Temps Modernes*, como ferramentas útiles para a investigación sobre as revistas literarias, a súa institucionalidade social e a emerxencia de novas subxectividades sociais e artístico-literarias. Nas revistas de épocas históricas como a aquí atendida remarcáronse por outra parte os labores de localización fóra do espazo xeocultural inmediato de autores, poéticas ou elementos repertoriais susceptíbeis de importación (*scouting*) e de mediación asociada ao poder de autorizar e lexitimar fluxos desa mesma índole (*gatekeeping*), importantes para calibrar as transferencias culturais catalano-galegas no período estudado.

En calquera caso, a consideración desa clase de transferencias é elemental que non pode abstraerse dos procesos históricos catalán e galego e os seus ritmos respectivos, asociados a culturas políticas diferentes e a horizontes de futuro non menos diversos no referido aos pasos a prol da construción nacional. A atención préstase así a tres vectores activamente interconectados. En primeiro lugar, o constituído a partir da Renaixença e do Rexurdimento polo conxunto das relacións culturais e políticas entre Cataluña e Galiza, determinado polo incremento paulatino dos sentimentos identitarios e pola limitada autonomía dos desenvolvementos culturais e artístico-literarios respecto dos correlativos movementos nacionalistas (xacando, rexionalistas) e dos correspondentes campos de produción ideolóxica; e ao mesmo tempo, e isto acabaría sendo decisivo, polo afianzamento de Cataluña como referente nacional de analoxía e emulación para Galiza. En segundo lugar, a persistencia histórica dun correlato de oposición cultural e nacional común ás dúas nacións, blindado ao amparo do Estado e eficiente para consolidar e lexitimar resolutos programas e narrativas de periferización cultural. O terceiro vector, como outra cara da mesma moeda, consiste na consolidación do propio proceso de nacionalización española, que, entre outras consecuencias, provocou e provoca que boa parte das transferencias entre as culturas catalá e galega estea condicionada e mediada polo propio sistema cultural español. Importa destacar que todo o anterior incide con efectos innegábeis no espazo das revistas literarias,

como en calquera outro asociábel coas prácticas de institucionalización discursiva estudadas por González-Millán.

Unha versión anterior deste segundo capítulo, notabelmente máis breve, foi entregada hai dous anos para un libro colectivo que estaba previsto que se publicase a comezos de 2023 baixo o título *Circuits perifèrics de literatures* e a coordinación e edición de Bernat Padró Nieto, profesor da Universitat de Barcelona. O proxecto, perfilado con notábel intelixencia crítica, destinábase a observar o modo en que as literaturas europeas en situación de precariedade institucional asimilaron no período de entreguerras que os seus programas de recoñecemento internacional alcanzarían maior viabilidade xustamente a través de circuítos periféricos e descentrados como os propiciados por revistas literarias de nacións non hexemónicas. Situábanse así esas literaturas, en certo modo, nun plano diferente do constituído polos referentes culturais e intelectuais canonizados do continente europeo, que en todo caso seguirían presentes, de modo inequívoco, para esas literaturas periferizadas. Entre estas figurarían a irlandesa, a occitana, a romanesa, a belga e, con certeza, a catalá, configurada no libro como elemento nuclear de correlación. Na programación do volume, Padró concedía relevancia así mesmo á proxección desde Cataluña do iberismo cultural, polo que resultou imprescindíbel a análise das relacións entre as revistas literarias catalás e portuguesas, e entre aquelas e as galegas. Problemas de diversa orde impediron até o momento a aparición do volume e por tanto a específica do capítulo entregado sobre os vínculos entre as revistas literarias galegas e catalás, aínda que en realidade con aspiración simultánea de presentar alternativas á investigación ordinaria sobre revistas literarias e sobre aspectos non menos relevantes de historia cultural e en xeral de historia contemporánea comparadas.

Presentei algúns dos contidos dese capítulo en diferentes foros académicos e universidades, polo que unha parte das súas consideracións e chaves principais comezaron a circular e a entrar en diálogo con publicacións de varia autoría que van aparecendo. Este e outros motivos leváronme a considerar a conveniencia de ampliar, traducir e levar ao prelo esas investigacións. Nelas acaso se perciba, en consonancia co exposto, o propósito de constatar en que medida programas de investigación como o dos *Periodical Studies* e outros converxentes poden funcionar como campo de probas, incluso como prisma de me-

diación, para a consolidación duns estudos ibéricos críticos en diálogo con diferentes especialidades historiográficas.

Unha parte das preocupacións de partida e dos desenvolvementos efectivos que se manifesta neste volume ten que ver coa miña actividade académica e investigadora desde finais dos anos noventa. Ademais de sucesivos proxectos de investigación promovidos polo grupo TLLC-USC baixo a coordinación de Fernando Cabo, parte dos cales foron mencionados nestas páxinas, resultaron relevantes así mesmo naqueles anos a participación no proxecto *Literary Education in Multicultural Europe*, coordinado por Vita Fortunati (Universidade de Boloña) e Jean Bessière (Universidade Sorbonne-Nouvelle), e moi en especial a conexión e colaboración posterior con Jüri Talvet e o proxecto da revista *Interlitteraria* (Universidade de Tartu) a partir do III Simposio Internacional da Asociación Estonia de Literatura Comparada, que so o título «Culture and Nation at the Turn of the Millennium» tivo lugar no mes de outubro de 1999. Máis decisiva para o afianzamento destas investigacións deveu aínda a dedicación docente en materias de posgrao de diferentes programas de doutoramento a partir daquelas datas, o que me permitiu entrar en contacto con investigadoras e investigadores novos, a parte dos cales tiven a honra de dirixirlles a tese de doutoramento ou outros traballos formativos. De aí xurdiu en 2009 o Núcleo de Estudos para a Innovación da Historia Literaria Galega (NEIHLG), que conformei a carón de Isaac Lourido, Lorena Domínguez Mallo e Mario Regueira.

Para finalizar, deixarei constancia de agradecemento aos compañeiros e compañeiras do grupo de investigación TLLC-USC, que consideraron en positivo a proposta de publicación deste libro no cadro xeral de actividades desenvolvidas como unidade de referencia con financiamento público. Tamén aos colegas que estiveron detrás de iniciativas vinculadas coas preocupacións aquí exploradas e que me acompañaron nas sucesivas fases dunha dedicación de varios anos. Foron decisivos neste sentido o apoio e os comentarios, sempre produtivos, de Cristina Martínez Tejero, Santiago Pérez Isasi e Bernat Padró. Foron así mesmo frutíferos os estímulos recibidos de Antoni Martí Monterde, Isaac Lourido, Margalida Pons, Mercè Picornell, Enric Bou, Juan M. Ribera Llopis e Xesús González Gómez. A miña gratitude a todos.

Santiago de Compostela, xuño de 2024

2

Iberismos, comparatismos e estudos ibéricos: por que, desde onde, como e para que?

Aspectos preliminares

As formulacións recentes dos estudos ibéricos, materializadas ao longo do último cuarto de século desde dentro e sobre todo desde fóra do propio espazo xeocultural ibérico, poden e deben analizarse á luz dos diferentes obxectivos activados e das correspondentes lóxicas en xogo. Ademais, é preciso contemplarmos esas formulacións e ideas xuntamente cunha serie de movementos alternativos —de índole epistemolóxica, académica e tamén política— que materializan programas de estudo ou de investigación diferenciados dos propios dos estudos ibéricos. Entre eses programas concorrentes hainos de dobre carácter. Uns son de signo centrípeto, pola indubidábel persistencia do nacional nos estudos sobre literatura e cultura. Outros son de signo centrífugo, aínda que de alcance máis amplo que o ibérico. Isto último debido a dinámicas como as introducidas, por exemplo, pola emerxencia como obxecto de atención académica da *World Literature*; ou, noutra escala, pola constitución de modelos comprensivos do literario e do cultural incómodos coa demarcación nacional/estatal dos fenómenos e procesos estudados. Sobre todas estas tensións comparece así mesmo a cuestión do lugar desde o que se propón facer algo no campo de alternativas descrito. Trátase, para empezar, dun «desde onde» locativo. Pero tamén epistemolóxico e conectado coas políticas do coñecemento e a súa xestión pública, aínda que, xa antes, co profundo cuestionamento de programas noutra altura sólidos, como o dun hispanismo remiso á

renovación de determinados principios. E, sen dúbida, moi preto do que se acaba de introducir, é ademais un «desde onde» identitario, ideolóxico e performativo. Para axudar a entendelo, parece potencialmente ilustrativa a observación crítica e contrastiva dos percorridos dos diferentes iberismos históricos e tamén das sucesivas crises da literatura comparada como disciplina e do comparatismo como método.

En relación co anterior, o propósito central das consideracións que seguen sitúase en perfilar de forma fundamentada e crítica as lóxicas mobilizadas, os intereses e obxectivos de fondo, as estratexias implementadas e as súas consecuencias, así como as elaboracións discursivas que xustifican e lexitiman as diferentes apostas en xogo unha vez que aparece sobre o taboleiro a alternativa dada a coñecer baixo o rótulo de «estudos ibéricos». Isto significa, como mínimo, perfilar os obxectivos, intereses, elaboracións, estratexias e lóxicas deses mesmos estudos ibéricos postulados como alternativa a algo; uns estudos ibéricos, por outra banda, aínda en fase de concreción, con algunhas respostas por dar e sobre todo con bastantes preguntas pendentes de formulación. Unha das principais, como se salientará nestas páxinas, é a relativa á necesidade de que os estudos ibéricos e os seus promotores (tamén os seus críticos, sen dúbida) obxectiven e autoanalicen, reflexiva e sistematicamente, o conxunto das súas propostas, a súa propia lóxica e a súa potencial axencialidade.

A día de hoxe é innegábel o pulo ininterrompido dunha fase de incremento da produción teórica, programática e tamén crítica ou aplicada arredor da complexa cuestión dos estudos ibéricos e da súa situación efectiva como flamante e discutido campo de investigación. Esa produción, máis intensificada canto máis nos aproximamos á actualidade, segundo destacou Santiago Pérez Isasi (en Pérez Isasi e Fernandes 2013: 11-26), vese e verase reforzada pola potenciación e o estímulo de plataformas como *IStReS*, xerme latente dunha nova axenda iberística, promotora do traballo en rede e dunha mellor intercomprensión das ideas que xorden en diversos contextos en torno ao núcleo sinalado[5].

[5] A base de datos IStReS, *Iberian Studies Reference Site*, foi presentada en esbozo en 2017 nun encontro científico celebrado en Norwich pola Association for Contemporary Iberian Studies (ACIS), entidade fundada no Reino Unido en 1978 que continúa a auspiciar a publicación de *International Journal of Iberian Studies*, segundo xa foi anticipado. IStReS definiuse naquel momento como «a database that

Tales ideas, que aquí non se aspira a revisar baixo ningún propósito de exhaustividade, resultan en ocasións tan controvertidas que chegan a pivotar sobre a propia razón de ser dos estudos ibéricos. En definitiva, sobre a súa admisibilidade, lexitimidade, oportunidade e aplicabilidade.

Cabería conxecturar que esa marca polémica compareza máis ben en discursos con radicación xeocultural peninsular[6], con adscrición profesional a un saber ou unha erudición centralmente filolóxicos[7] e/ou cun certo compromiso nacional(ista) ou nacional-estatal(ista)[8], aínda

collects and systematizes the publications that concern the polycentric relationships between the different cultures and literatures of the Peninsula throughout history» (Pérez Isasi e Gimeno Ugalde 2017: 2). É accesíbel en http://istres.letras.ulisboa.pt (Gimeno Ugalde e Pérez Isasi 2018), sitio vinculado ao proxecto *Mapa digital das relações literárias ibéricas*, desenvolvido no Centro de Estudos Comparatistas da Universidade de Lisboa en colaboración co Boston College.

[6] Ou peninsular-insular, se for o caso; sen entrarmos a considerar agora as especificidades dos arquipélagos de Baleares, Madeira, Canarias e Açores, entre os cales os tres últimos teñen a consideración de rexións ultraperiféricas da Unión Europea. A mesma, por exemplo, que a illa de Reunión, ao leste de Madagascar, o cal non deixa de ser significativo para o que aquí se trata. Unha cuestión importante, na cal non podemos profundar agora, é a propia comprensión de arquipélagos como os citados en tanto entidades culturais compactas e homoxéneas, cando en realidade non o son. «Balear», por exemplo, dista moito de ser unha denominación avalada polo uso entre a poboación das illas ás que o xentilicio se refire. Para maior precisión sobre este asunto e outros con el conectados, véxase Picornell (2019), quen destaca, moi graficamente, que nas illas «nadie se definiría a sí mismo como 'balear'» (65).

[7] Joan Ramon Resina (2009: 176) falou con acerto da «institucionalización de la filología como disciplina fomentada por el Estado». Véxase o capítulo «Hispanismo e Estado», último do libro referido (2009: 167-206). A propósito dos chamados «sistemas culturais periféricos» e os seus réximes de produción de coñecemento, compleméntese con Harrington (2015).

[8] Falar nestes termos —por exemplo, do compromiso do historiador ou do historiador literario co seu país— presupón facelo, á recíproca, dunha autoridade e dun capital simbólico outorgados, de procedencia nacional(-estatal), con presumíbel proxección nos campos educativo, intelectual e de produción ideolóxica. Téñase presente a chave desenvolvida por Pierre Bourdieu (2012: 590) en relación co Estado como banco central de capital simbólico, ao que engade o seguinte: «Ainsi se dévoile le caractère ambigú du processus d'où est issu l'État moderne et de cet État lui-même : le processus de concentration (et d'unification) est toujours à la fois un processus d'universalisation et un processus de monopolisation, l'intégration étant la condition d'une forme particulière de domination, celle qui s'accomplit dans la

que todo o que se afirma sería susceptíbel de matizacións e excepcións, como sobradamente explicita a posición de Joseba Gabilondo, para quen os estudos ibéricos apenas darían continuidade á lóxica do vello hispanismo, configurándose como a súa reencarnación ou o seu «herdeiro tardío» (Gabilondo 2013-2014: 33). Quedaría en cambio relativamente mitigada, aquela marca, en discursos de signo diferente por incomparecencia dun ou varios dos tres factores indicados[9]. É como se falar e publicar desde fóra da península[10], algo afastados das súas suxeicións e inercias, ou desde unha episteme posfilolóxica, ou desde un encaixe relativamente distanciado do nacional e/ou o estatal, predispuxese polo menos a non rexeitar de plano a posibilidade de facer e promover estudos ibéricos, coa orientación que for e desde o axuste cos estudos latinoamericanistas e/ou atlánticos que se estimar oportuno. Quizais, aínda que non só, por ser nesas circunstancias outra a autoridade que se reclame e xestione[11].

Debe notarse, por outra banda, que os discursos favorábeis á conformación dun dominio específico e autónomo para os estudos ibéricos, chegan por veces a naturalizar a necesidade ou operatividade dos mesmos a partir de lóxicas non sempre explícitas, de procedencia administrativo-académica, aburadas pola necesidade do amparo que proporcionaría unha rede extensa e sólida de investigadores e docentes, ou incitadas pola obsolescencia de modelos académicos e metodolóxicos

monopolisation du monopole étatique (avec la noblesse d'État)» (Bourdieu 2012: 590).

9 Se callar, iso mesmo foi o que conduciu á comisión organizadora do Colóquio Internacional *Os Estudos Ibéricos a partir da periferia*, celebrado no Centro de Estudos Comparatistas da Universidade de Lisboa en 2018, a formular na «Apresentação» do libro de resumos cuestións como as seguintes: «São os estudos ibéricos uma proposta unicamente factível ou relevante fora das fronteiras do Estado espanhol? Em que medida os estudos ibéricos dependem ou assentam no enquadramento académico anglófono?» (Martínez Tejero, Pérez Isasi e Fernandes 2018: 9).

10 *Península*, aquí, como sinécdoque do territorio peninsular mais o das illas de soberanía estatal portuguesa ou española mencionadas.

11 A cuestión da vella autoridade (ou autoritarismo) académica en espazos como o da hispanística adoita ser asunto recorrente —e parece ilustrativo— nas argumentacións a favor dos estudos transatlánticos (Ortega 2012: 11-12).

supostamente superados[12]. Esa procura dunha garantía de subsistencia e continuidade nunha conxuntura adversa trataría de responder á severa matriz neoliberal, que arrasa con todo o que na universidade pública non ten tamaño suficiente para resistir o embate dunhas políticas educativas que perfilan unha academia menos autónoma, máis precarizada e máis sometida ás lóxicas do mercado.

Malia o até aquí introducido, non todo é universidade cando se fala de educación. Unha proposición infrecuente é a dunha posíbel presenza dos estudos ibéricos —na escala que concirna e, de novo, coas cautelas e debates previos que correspondan— no currículo do ensino secundario. Aclararei que non é algo que me pareza oportuno ou conveniente implementar polo de agora. Sinalo apenas que desde os estudos ibéricos non se pensou moito sobre o particular. En todo caso, unha das dimensións que podería estimularse por esa vía é a da «conciencia histórica»[13] aplicada precisamente á percepción escolar «do ibérico»

[12] Suposta e probabelmente superados. Fálase agora dunha superación que non hai por que interpretar en termos absolutos de invalidación científica nin de substitución definitiva dun paradigma por outro. Os factores implicados nesa substitución de modelos son múltiples e suxeitos a cada conxuntura histórica, como viron Faber (2008) e Resina (2009: 49-100) a propósito da situación do hispanismo e as súas persistentes dificultades para alcanzar prestixio e proxección na academia estadounidense. Alén diso, segundo apuntou o propio Resina (2013: vii), a concentración en unidades de iberística supón adoito unha contigüidade académico-administrativa que contrasta e se ve condicionada pola indiferenza mutua entre os especialistas nas diversas culturas implicadas. Ou, inclusive, por unha subordinación ao hispanismo do resto de especialidades, incluída a dos estudos portugueses (Pereira 2017: 22).

[13] O concepto utilízase de acordo co exposto en Ercikan e Seixas (2015), máis en concreto coas análises de Carlos Kölbl e Lisa Konrad (en Ercikan e Seixas 2015: 17-28). No mesmo volume, con apoio en diversas fontes —en particular, mercé aos desenvolvementos debidos a Peter Seixas— Catherine Duquette define a conciencia histórica como a interpretación do pasado que permite a comprensión do presente e a consideración do futuro (2015: 53). Esa conciencia sería reflexiva só se a súa interpretación do pasado se basear en operacións cognitivas («historical thinking») que aúnan a «perspectiva histórica» —con cinco planos: «historical significance, continuity and change, causes and consequences, historical empathy, and taking into account the complexity of the past» (2015: 52)— e un determinado «método histórico», referido como «deductive approach that requires students to question the past, propose a hypothesis, check the available sources, and analyze sources with respect to their reliability in order to offer a response to the initial question» (2015: 52).

nas súas coordenadas histórico-culturais e artísticas, que só tería sentido, no meu criterio, se se efectuar sobre alicerces epistemolóxicos de fundamento poscolonial. Como demostraron Kölbl e Konrad (2015) a propósito do caso alemán, esa conciencia histórica podería sectorializarse, medirse e avaliarse.

Por motivos como estes, configura un reto certamente audaz a elaboración de propostas informadas, fundamentadas e innovadoras en torno á área que coñecemos como estudos ibéricos, cuxos perfís, permítase a insistencia, distan de ser homoxéneos en canto nos fixamos en variábeis tan simples como eses «desde onde»[14] e «para que» comparecentes no título que encabeza estas páxinas. Parece lexítimo, a esa luz, preguntarse quen e por que imaxina(n) a «comunidade imaxinada» á que fan referencia os estudos ibéricos. Ou, seguindo o fío recentemente despregado, onde e como se posúe e se aplica, nun sentido ou noutro, unha «conciencia ibérica» e se procede de seguido a postular ou inventar a súa tradición. Porque é evidente que *o ibérico* segue a ser unha magnitude dispar e asimétrica, case imperceptíbel para a maioría da poboación (a cidadanía en xeral, pero tamén, por exemplo, para os medios de comunicación e os axentes culturais), cunha distribución territorial, sociocultural, ideolóxica e etaria máis que variábel.

Iso xustifica, por simple rigor, a esixencia de estarmos pendentes non só dos discursos e as razóns que se expoñan senón, ademais, das posicións —académicas, institucionais, xeoculturais, políticas— desde as que se pensa, imaxina e propón, tanto a título individual como colectivo[15]. Pois parece obvio que na específica concreción da heurística que se activa cando contemplamos a tarefa ou as metas de toda acción

[14] En «Los Estudios Ibéricos como estudios literarios: algunas consideraciones teóricas y metodológicas» (en Rina Simón 2017: 347-361), Pérez Isasi perfilou algúns dos asentos principais do «desde onde» dos estudos ibéricos. Non só pola presentación das súas dúas grandes tradicións xeoacadémicas —a anglófona e a desenvolvida desde a propia península— senón ademais pola introdución da fundamentación epistemolóxica, metodolóxica e mesmo ideolóxica desas tradicións e da súa posíbel converxencia.

[15] Desde hai xa bastante tempo asumiuse que a dimensión historiográfica de case todo proxecto comparatista ten que pasar de forma obrigada pola formación de equipos amplos de investigación. A historiografía «de autor» é vista en consecuencia como residuo anacrónico, haberá que ver —parece dubidoso— se para sempre.

científica, ou en xeral cognoscitiva, vai implícita esoutra concreción, a do lugar epistemolóxico, académico, institucional e político desde o que se elabora coñecemento e despois se comunica ou divulga (porque tamén se fala sempre desde un lugar, desde unha certa posición e desde un *ethos* retórico)[16] no seo dunha comunidade científica, nacional ou doutra clase.

A audacia aludida procedería pois, no fundamental, da constatación dunha evidencia. A da enorme dificultade práctica de configurar un discurso público apenas *técnico* —expresado isto desde unha certa ironía— sobre un dominio disciplinar, académico ou doutra clase no cal tan determinantes son as conviccióǹs e as sensibilidades individuais. Mais non só estas, senón tamén os condicionantes comunitarios, corporativos e profesionais (incluída, con certeza, a traxectoria de cada axente e a xestión do *ethos* e do capital académico-simbólico de cada quen), sen esquecer os procedentes do aparello institucional. Pénsese que ese *ethos*, esa autocaracterización e a autoridade a ela compasada, forman parte inequívoca do «desde onde» e do «para que». Todo con incidencia directa na clase de discursividade promovida, que no campo dos estudos ibéricos (e no da súa revisión crítica) pode constatarse sen dificultade como abertamente plural e cambiante. Tanto, que en tempos recentes acollería algo parecido a unha «tradición da ruptura» epistemolóxica e retórico-teórica, máis viva e acelerada na parte occidental do Atlántico que na oriental. Consecuencia inmediata do anterior son as propias limitacións para debater, de novo en escala especializada, razoada ou técnica, cun sector representativo das instancias e axentes copresentes con voz propia nese mesmo dominio académico ou teórico, que parecería esaxerado, e talvez impropio, cualificar de común.

---

[16] Por tanto, desde o que o propio Aristóteles entendía na súa *Retórica* como «autocaracterización», concepto próximo á «presentation of self» da socioloxía de Erving Goffman e aos desenvolvementos da análise do discurso e da argumentación por parte de autoras como Ruth Amossy (2010), quen entende o *ethos* como «une dimension intégrante du discours» (2010: 7). Aínda que non é factíbel deterse nisto neste momento, todo o anterior é de aplicación directa ao que aquí se examinará como «reflexividade». Tamén o é para unha aproximación ás identidades comunitarias e á construción dun *ethos* colectivo, nacional, profesional, académico ou doutra índole (Amossy 2010: 156-182). O da comunidade de especialistas en estudos ibéricos, por caso.

Non se trata de nada novo, é certo. En realidade, o que se describe é unha peculiaridade consubstancial ás ciencias sociais desde que estas se constituíron como saberes máis ou menos regulados e autónomos no século XIX[17]. Algo igualmente patente —disípese calquera reserva— é que o feito de detectar e formular este asunto non sitúa ao enunciador, quen for, á marxe ou por encima dese campo de condicionantes e tensións. Admitilo e declaralo abertamente podería ser unha boa forma de empezar a falar. En particular porque contribuiría a mitigar un dos visos máis delicados á hora de constituír unha nova área de traballo ou estudo, o da confianza mutua. Non tanto unha confianza ou desconfianza entre individuos, entre persoas con oficio e rigor no seu desempeño científico, senón de algo situado noutro plano. Porque o problema é o da axencia nun dado campo epistémico, académico, político…; en suma, o dos usos e a performatividade dos discursos constituídos, sexan estes ou non de perfil eminentemente historiográfico-identitario, e asuman ou non de modo declarado una certa marca ideolóxica ou comunitaria de partida, que sería inxenuo pensar que poida non comparecer neste plano. E en calquera outro, habería que matizar, se aceptarmos con Mikhaíl Bakhtín que toda linguaxe é linguaxe social nun «medio ideolóxico», que todo signo é signo ideolóxico e que a conciencia humana é, antes de máis, social. E todo isto previamente á delimitación do obxecto de referencia deses estudos ibéricos e a unha determinación correlativa, de primeira orde, que de contado se introducirá.

Vaiamos pois con ese obxecto de referencia dos estudos ibéricos. Sería quizais en especial a literatura? Seríao a suma da literatura e as artes? A cultura en xeral? As súas «modalidades», por empregar agora o inseguro rótulo habilitado por Resina (2013)[18]? Ou todo o que dalgún

[17] Con frecuencia, quen investiga nese campo (economistas, sociólogos, politólogos…) se percibe a si propio como parte do asunto analizado, de forma que a obxectivación da propia observación e das condicións en que se realiza, e en definitiva da súa posta en discurso científico ou técnico, é a miúdo un labor non carente de tensións. Trátase dun asunto observado por Norbert Elias (1990: 9-60).

[18] «From an Iberian studies perspective, culture appears as a modality of being or, better yet, a transitional stage in the historical relations among social agents in peninsular space» (Resina 2013: 14).

modo entra na zona de atención das ciencias sociais, incluída se se quere —e debería quererse— a historia[19]?

Antes de aproximarnos a un intento de resposta, recuperemos o anunciado como determinación correlativa de todo o anterior. Porque a cuestión radica no réxime dispositivo previo deses posíbeis obxectos de coñecemento dos estudos ibéricos. Por concentrar a exemplificación en só un deles, seleccionemos o primeiro dos anotados, a literatura. Que é o que habería de estudarse baixo a perspectiva específica dos estudos ibéricos: a(s) literatura(s) *da* Península Ibérica ou a(s) literatura(s) *na* Península Ibérica? Cuestión esta homóloga á seguinte: a historiografía literaria ten que prestar atención á literatura *dun* determinado dominio (unha nación, por exemplo) ou á literatura *nese* dominio? A primeira opción adoita conducir ao que ben poderiamos chamar historias literarias de «sistemas únicos» (Casas 2021: 71-72 e 98-106), algo que só existe como entelequia. A razón procede do feito de que en todo espazo conviven, loxicamente en conflito, varios sistemas, non todos da mesma dimensión e/ou puxanza. Reducilos —ou ignoralos— por decisión heurística, ideolóxica ou doutra índole ten sen dúbida consecuencias. A principal é que o excluído —tal ou cal sistema— sexa interpretado non xa como irrelevante senón mesmo como inexistente.

E aínda unha cuestión máis, capital polo que ten de programática. É verdadeiramente ineludíbel unha formalización de natureza historiográfica se se desexar facer estudos ibéricos? Devén ineludíbel a fin de contas o relato (histórico)? Un relato, aínda cando estiver sustentado na pluralidade de colaboracións, centrado nas coincidencias e nas interrelacións observadas baixo prisma estético, periodolóxico, estilístico, ideolóxico... entre as diferentes áreas culturais ou lingüísticas ibéricas? Un relato constituído sobre series de xustaposicións consecutivas (a

[19] Considérese de novo o que, de modo bastante ilustrativo, aparece consignado na páxina web da Association for Contemporary Iberian Studies como tarefas específicas do organismo: «The aims of the Association shall be to promote and advance the study of social, cultural, economic and political aspects of contemporary relevance to the Iberian area, together with its languages» (ACIS 2013: 1). Noutra escala, móstrase así mesmo elocuente o que recollen os estatutos da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) no seu artigo 3, apartado b, cando se sinala como finalidade da entidade «Propiciar o intercambio entre as/os estudosas/os das diversas disciplinas que se ocupan da *realidade galega*» (AIEG s.d.: 1; cursivas miñas).

novela en tal cultura/territorio, despois noutro e así sucesivamente) e non sobre concorrencias e conflitos (de repertorios, públicos, institucións, mercados, identidades…, inclusive os procedentes das dialécticas entre as diversas «conciencias ibéricas»)? Porque esa tende a ser, ou como mínimo tendeu a ser, a fórmula máis socorrida, polo menos no que pode delimitarse como estudos (literario-)comparados ibéricos. De maneira tácita, esa adoita ser a opción por defecto. Aínda que non o sexa probabelmente en planificacións como a perfilada por Resina (2009 e 2013), quen resalta dous factores definitorios da investigación iberística proxectada: o seu intrínseco carácter relacional e unha impugnación da preeminencia do Estado-nación monolingüe e a súa proxección colonial (Resina 2013: vii), o que non impide ao profesor da Universidade de Stanford considerar que os estudos ibéricos poidan verse como un subcampo dos estudos comparados (Resina 2013: 11).

Volvendo á serie de interrogantes arriba presentada, habería que se preguntar igualmente sobre o «por que» e o «para que» dos estudos ibéricos. Porque toda historiografía, tamén a de marca e compromiso comparatista, aspira a ter consecuencias, efectos[20]. A tarefa maniféstase particularmente intricada (e por tanto atractiva) se se asumir, como aquí se fará, que o comparatismo académico máis tradicional —en boa medida hexemónico aínda—, aquel en cuxa epistemoloxía de base non se integraron as vertentes políticas, identitarias e ideolóxicas aparentemente consubstanciais ao caso ibérico —e por tanto tampouco as súas conflitividades cruzadas, a miúdo invisibilizadas—, se callar dixo xa todo o que estaba capacitado para dicir. Non, por suposto, no plano do detalle, da análise en pequena escala, do estudo de caso. Trátase doutro plano, non só máis ambicioso senón imprescindíbel de inicio se ao que se aspira é a alcanzar rigor, obxectividade e, quizais ante todo, pertinencia.

Cómpre examinar o método, o «como» dos estudos ibéricos, un asunto ao que, malia os avances innegábeis nalgunhas elaboracións

[20] Talvez por isto mesmo Lucien Febvre titulou un dos seus libros máis recoñecidos *Combats pour l'histoire* (1953). E, se cadra por algo parecido, postulou Michel Onfray (2006) nas súas reflexións para unha contrahistoria da filosofía que a historiografía é unha *polemoloxía*, pois o que fai é xestionar a información e subliñar (ou silenciar) o que se desexa (ou non desexa) evidenciar.

eminentes[21], segue sendo necesario volver para profundar e clarificar horizontes, tamén funcionalidades e alternativas compasadas ao rumbo e ao ritmo dun pensamento crítico. Faise preciso asemade analizar o «por que», explorar o que puidese ser un dos panos de fondo máis tupidos nos percorridos históricos da preocupación *polo ibérico*. Xustamente, a serie dos distintos iberismos históricos —a súa oportunidade e oportunismos, claro, pero ante todo os seus discursos e tomas de posición—, sen perdermos en ningún caso de vista as respostas críticas recibidas, incluso as antitéticas, ás veces baixo formulacións declaradamente antiiberistas, outras desde a indolencia intelectual e moi a miúdo desde a consideración de que se trataba de lóxicas alleas ao proxecto asumido en cada caso (identitario, nacional, estatal, mesmo imperial). E isto a pesar dos ostensíbeis vínculos entre os iberismos oitocentistas (e os da entrada no século XX, como deixa ver o curioso percorrido «peninsularista» de António Sardinha) e o final da longa aventura imperial das monarquías portuguesa e española (Rina Simón 2017: 138-290).

De modo que son precisamente aquelas problemáticas e conflitividades, aqueles e estes conflitos de hoxe mesmo, aqueles e estes discursos e tomas de posición[22], os que terían que aparecer —polo menos comparecer cunha certa entidade á beira doutras consideracións valoradas como pertinentes— na axenda de calquera aproximación aos estudos

[21] Singularmente representábeis polos dous volumes da *Comparative History of Literatures in the Iberian Peninsula* (Cabo Aseguinolaza, Abuín González e Domínguez 2010; Domínguez, Abuín González e Sapega 2016), precedidos polo compilado nun libro anterior de carácter metodolóxico (Abuín González e Tarrío Varela 2004).

[22] Trátase de novo de ter presentes os usos e efectos públicos de case toda historiografía. En especial, aínda que non só, da de base narrativa. Lémbrense reflexións como as debidas a Walter Benjamin no ensaio orixinalmente titulado «Literaturgeschichte und Literaturwissenschaft», distante e severo coa tradición historiográfico-literaria alemá. Benjamin ([1931] 1999: 464) asegura nese lugar que o que realmente competería ao historiador literario non é reducir as obras ao seu contexto histórico, senón ter a capacidade de trazar a dialéctica entre ese momento e o que corresponde ao presente de quen le e interpreta. De quen le e interpreta non só obras —hai que engadir—, senón tamén todo aquilo que Bourdieu (1991) estudou como *espazo dos posíbeis*, *tomas de posición* ou *lóxica de campo*, entre outras nocións. En definitiva, todo canto xira en torno ao núcleo referido de conflitos e discursos, alcanzando relevancia máxima a loita polo control do campo (o académico entre outros) e o capital correlativo en xogo.

ibéricos. Se permanecemos en operativos sociolóxicos e entendemos o que significa a autonomía relativa do campo académico respecto ao campo do poder (Bourdieu 2000) e ao campo de produción ideolóxica (Sapiro 2007, Figueroa 2010), haberían de estudarse, en paralelo co anterior, a lóxica, determinacións e principios de xerarquización dese campo académico[23]. Estaría a se despregar así un índice de atencións insubstituíbel para unha comprensión dialéctica das forzas e programas concorrentes. E en dous planos ademais, imbricados e mediados ambos con/por factores identitarios e imagolóxicos. Primeiro, o dos feitos e as relacións; segundo, o do seu relato e representación por parte da historia e as demais ciencias sociais. Todo iso cruzado de forma transversal por dous vectores, o nacional e o estatal. O primeiro bastante frecuentado polos especialistas. O segundo, o Estado e a súa razón[24], con tendencia a obviarse ou camuflarse.

Regresemos de modo esquemático ás chaves principais até aquí baralladas. En realidade, poderían verse como dialécticas abertas entre posicións que non é sinxelo conciliar. Por unha banda, a existente entre o rexeitamento e a normalización dos estudos ibéricos en función de criterios varios —incluídos os de lexitimidade, pertinencia, operatividade e oportunidade— e das diferentes esferas de debate —a académica, a profesional, a institucional, a identitaria, a ideolóxica—, xunto con outras vertentes con incidencia no asunto. En segundo lugar, a dialéctica

[23] Intelectuais e profesorado universitario, dotados dun determinado capital cultural e simbólico, situaríanse no campo do poder, pero no seu polo inferior, motivo polo que adoitan ser caracterizados por Bourdieu como fracción dominada da clase dominante.

[24] Maniféstase oportuna neste sentido a publicación do dossier coordinado por Marcelo Topuzian «Literatura y Estado». Na presentación resáltase con xeito que literatura e Estado manteñen «vínculos de conveniencia mutua», para se advertir de inmediato que tampouco neste campo, nin no da súa correlativa historiografía, se poden subestimar inxenuamente os poderes do Estado: «Cuando exploramos las facultades de representación de la literatura, cuando destacamos sus dotes de figuración e incluso pre-figuración de lo social, cuando revisamos sus capacidades de articulación identitaria colectiva, cuando enfatizamos su vínculo privilegiado con las lenguas, que hoy todavía no pueden pensarse sino como nacionales, invisibilizamos otras historias posibles de la literatura que tienen que ver más con su rol en la factura de ese principio más o menos inefable —a pesar de ser dicho y redicho— de acción política que es el Estado» (Topuzian 2018: 4). Véxase tamén Topuzian (2019).

dada entre as comprensións nacional/estatal, supranacional, posnacional e mesmo mundial da cultura e a literatura, certamente afectada polo lugar desde o que se fale e por tensións culturais e políticas vinculadas coa nostalxia dun relato común normalizado —moi persistente na actual conxuntura española (L. E. Delgado 2014)— e co grao de recoñecemento mutuo entre as distintas culturas nacionais e no seu caso estatais e rexionais. Tal recoñecemento non hai por que o presupor xestionado, nin fóra nin dentro das coordenadas académicas, desde a equidade, o desinterese ou a simetría. Máis ben todo o contrario, tendo en conta o feito irrefutábel de que baixo certas condicións de conflito identitario adoitan verse reforzadas as estratexias de enfraquecemento da(s) identidade(s) outra(s). Finalmente, a dialéctica existente entre as disciplinas, as metodoloxías e os referentes epistemolóxicos en xogo, coa cuestión crucial do axuste entre saberes e discursos. Por exemplo, para situar as propostas concretas (práctica docente e programas, publicacións, encontros científicos) baixo coordenadas comparatistas, positivistas, historicistas, sociolóxico-culturais, feministas, poscoloniais, decoloniais, relativas á subalternidade ou doutra índole identificada como plausíbel por uns ou outros. Todo isto, hai que reiteralo, sempre baixo a marca transversal da alongada sombra do Estado, densa en calquera sistema universitario que se contemple; densa, así mesmo, segundo sinalaba Gilles Deleuze, xa en todo sistema escolástico de pensamento e nas súas proxeccións historiográficas, a comezar pola propia historia da filosofía (Canavera 2012: 24).

Dito o anterior como preámbulo prolixo, e á vez necesario, conviría centrarse xa con algún pormenor nos planos anunciados no título deste capítulo. Trátase de dous niveis distintos. O primeiro é o das relacións entre estudos ibéricos, comparatismos e iberismos. O segundo expón preguntas centradas nos antecedentes e consecuencias das relacións sinaladas e na ulterior materialización dos estudos ibéricos, en coordenadas específicas e con obxectivos tamén específicos, como área de coñecemento emerxente. Faise á vez inescusábel, en función do comentado sobre a historia e o presente, unha mínima consideración sobre o feito irrefutábel de que as coordenadas históricas —tamén as do presente— son dinámicas, cambiantes. Constátase, por exemplo, ao tratar de xestionar os interrogantes abertos, non só en termos políticos, polo proceso de independencia catalán a partir de 2010 e a resposta do Estado español. En particular tendo presentes os acontecementos do outono de

2017 en Cataluña e en Madrid a raíz dos preparativos e consecuencias do referendo de autodeterminación promovido polo goberno catalán e, posteriormente, o despropositado tratamento xudicial dos feitos, vista a sucesión de imputacións dirixidas contra os organizadores do referendo, que, en 2024, coa tramitación nas Cortes da lei de amnistía, chegou a sumar nalgunha causa xudicial o delito de terrorismo.

Cando falamos de estudos ibéricos existen por outra banda dúas cuestións dignas de consideración explícita. Faríase preciso tratalas xa nunha fase previa á especificación do que en definitiva se desexe formular como proposta concreta, sexa onde for e cos condicionantes que houber. Os dous aspectos, interrelacionados e anticipados parcialmente nas páxinas precedentes, pódense identificar do modo seguinte: 1) a reflexividade epistemolóxica e o perfil (non só académico) dos participantes ou axentes no campo dos estudos ibéricos; 2) a cuestión disciplinar e transdisciplinar, coa correspondente delimitación xeocultural e xeopolítica dos estudos ibéricos postulados, sen perder de vista as súas implicacións e sustentos biopolíticos.

A partir do exposto, comprenderase que a cuestión pivote entre o comparatismo e as ciencias sociais. Dúas esferas, por certo, menos converxentes na circulación en boga do coñecemento literario —e nas propias prácticas que recoñecemos como estudos ibéricos— do que Eva Kushner (1992) prevía hai un terzo de século como corrección inminente dos estudos literarios para se equiparar ao autoexame crítico asumido por outras ramas do coñecemento humanístico desde mediados do século xx, inclusive antes.

Como expuxen noutros lugares, faise necesario así mesmo considerar o modo en que poida ser incorporado a unha agrupación como a representada polos estudos ibéricos —en particular, de se optar por desenvolvela baixo criterios historiográfico-comparados— todo o relativo ao diálogo entre socioloxía e historia, que, en liña co pensamento de Norbert Elias e Pierre Bourdieu, parece ineludíbel propiciar. Toda historiografía debería estar atenta á socioloxía. De igual modo, non hai espazo para unha socioloxía non histórica ou *deshistorizante*, por moito que nese terreo persistan tradicións teóricas que nin sequera percibiron o sentido da modulación funcionalista introducida por Talcott Parsons hai medio século a propósito do dinamismo dos sistemas sociais, decisiva para o pensamento de Niklas Luhmann e para o desenvolvemento

de metodoloxías empírico-sistémicas aplicadas ao estudo da cultura e a literatura. Levado ao terreo actual, do que se trataría é de que a historiografía literaria, de tipo comparado ou non, quixese e soubese dialogar, polo menos, coa socioloxía da literatura, tanto coa de matriz empírica como coa que, sen renunciar a esa marca, asume o legado de Marx, Weber, Mannheim, a teoría crítica ou o propio Bourdieu e os seus críticos.

A reflexividade: o acto de enunciar o ibérico

Segundo o que se acaba de indicar, o primeiro aspecto afecta á «reflexividade epistémica», no sentido outorgado á expresión por Bourdieu e Wacquant ([1992] 2005), que no básico ten que ver coa necesaria obxectivación do suxeito obxectivante, pero que acaba tendo implicacións directas nas decisións sobre aquilo que pode/debe atenderse; por canto, como sinala Bourdieu (2005: 75), as categorías impensadas do pensamento acaban por delimitar o que é pensábel e en definitiva predeterminan o pensamento. Aquí habería que atender tamén, con certeza, todo o relativo ás implicacións e condicionantes da investigación emprendida, ao marco desde o cal se produce esa investigación e á súa performatividade e contradicións tamén.

Formulemos algunhas precisións a fin de evitarmos un exceso de abstracción. Falar de *reflexividade epistémica* presupón asimilar cuestións elementais descritas por Norbert Elias a partir dun artigo de 1956, «Problems of Involvement and Detachment», reelaborado en alemán para a súa publicación en libro no ano 1983. Nel destácase o feito certo de que todo científico social está atrapado no dilema entre o compromiso (científico, ideolóxico, de credos diversos...) e o imprescindíbel distanciamento obxectivador da realidade social da que aspira a dar conta. En realidade, por aplicación directa ao fenómeno historiográfico, isto era algo en que facía fincapé xa Johann M. Chladenius nada menos que a mediados do século XVIII, cando publicou o seu *Allgemeine Geschichtswissenschaft* (1752), libro de referencia para entender o proceso que conduciu a aceptar, fundamentalmente por parte da filosofía da historia alemá, que, aínda que os feitos históricos sexan únicos, a súa representación en forma de enunciado historiográfico é aceptábel que sexa diversa e múltiple, entre outros motivos pola lexitimidade de que o historiador aplique un «punto de vista» organizador da súa propos-

ta[25] (Koselleck [1975] 2004: 113-126). De todos os xeitos, Elias destaca algo que habitualmente se esquece cando nos situamos no terreo algo mistificado da *entrega* a causas como a do coñecemento ou a ciencia. En concreto, que a lóxica do campo académico, pero xa antes a propia traxectoria persoal ou vital dos investigadores, condiciona a simple percepción dos fenómenos sociais por parte destes (Elias [1983] 1990: 23-28). É diáfano cando pregunta:

> ¿Como podría evitarse, bajo estas circunstancias, que su experiencia de sí mismos como representantes de un credo social y político que puede estar en peligro, como miembros de una nación, un partido, una iglesia o una secta que pugnan con otros grupos semejantes, esté fuertemente marcada por emociones, por su compromiso personal? (Elias 1990: 26)

Aquí é onde se mostra máis oportuna a referencia por parte de Bourdieu á reflexividade epistemolóxica, entendida en primeira instancia como conveniencia de aplicar de modo sistemático cara a un mesmo, en tanto especialista ou investigador, as ferramentas analíticas da socioloxía. A reflexividade é entendíbel, nun segundo nivel, como a converxencia de tres planos auto(socio)analíticos (Bourdieu e Wacquant [1992] 2005: 73-83), o máis importante dos cales —o especificamente bourdieusiano— é sen dúbida o terceiro. Eses tres planos son os seguintes: 1) o das coordenadas socioculturais e identitarias do investigador en cuestión; 2) o das súas coordenadas académicas, tanto no referido á posición que ocupa no campo concreto da súa especialidade como no

[25] Desde os presupostos dunha historia posmoderna, receptora do pensamento deconstrucionista, Alun Munslow, entre outros, vai bastante máis aló ao propor que a historiografía futura requirirá «a move from the ideal of objectivity to an understanding of the nature of the historian as a subjective, emotional and creative creature who is willing to understand history as primarily a task of aesthetic expression» (Munslow 2010: 221). É significativo o feito de que o pensamento de Leibniz, tamén relevante para entender posicións como as de Hayden White ou Frank Ankersmit, representantes do xiro lingüístico na filosofía posmoderna da historia, sexa o que fundamente xa a teorización e defensa do «punto de vista» do historiador por parte de Chladenius.

referido á súa posíbel relación co campo do poder e os seus subcampos[26]; e 3) o das tensións existentes entre unha lóxica da práctica —que sería a útil— e unha lóxica teórica ou escolástica, entendida esta última como a propia dun intelectualismo que induciría a contemplar e analizar o mundo como se este fose un mero espectáculo, ou, en todo caso, como un «conjunto de significaciones a ser interpretadas en lugar de un haz de problemas concretos de resolución práctica» (Wacquant, en Bourdieu e Wacquant [1992] 2005: 74).

De fondo, esta é a razón pola que pareceu útil integrar no título destas páxinas a dialéctica existente entre iberismos, estudos ibéricos e comparatismos aplicados ao espazo cultural ibérico. Nalgunha medida, a cuestión é interpretábel baixo o seguinte foco: implica todo comparatismo iberístico a preexistencia, como mínimo latente, ou mesmo a prevalencia, dunha forma de iberismo sustentada na comparación histórica e/ou xeocultural?

Dificilmente podería ser monolítica ou carente de matices a resposta que se ofreza a esta pregunta, que non é exactamente equiparábel a preguntarse se para facer estudos ibéricos hai que participar, dalgún xeito, de idearios iberistas, ou haxa que incorporarse a aquilo que Antonio Sáez Delgado (2014) denomina «*continuum* ibérico» (2014: 30) ou «genealogía iberista» (2014: 26, *passim*)[27]. En calquera caso, parece pertinente indagar, consonte o que se acaba de sinalar, se estas preguntas se inscriben nunha lóxica escolástica, sen outro horizonte, ou conectan dalgún modo cunha lóxica da práctica e aspiran por tanto a alcanzar algunha clase de obxectivo asociado con algunha clase de problemas concretos.

O primeiro sería recoñecer a enorme diversidade interna mostrada polos textos clásicos do iberismo e polos asociábeis aos despois desenvolvidos como iberismos políticos, culturais, espirituais/sentimentais…, condicionados sempre por factores conxunturais xa desde os seus inicios

---

[26] E previamente co campo de produción ideolóxica asociado co campo do poder, a miúdo lexitimador por vía discursiva das decisións executivas que os poderes implementan.

[27] Unha expresión xenérica como *prácticas iberistas*, habilitada por Cordeiro Rua (2007) baixo metodoloxía sistémica, dificilmente deixaría fóra de foco a promoción, exercicio e institucionalización dos estudos ibéricos.

(iso que ben podería chamarse *protoiberismo*, representábel en textos do século XVIII, como os debidos ao padre Feijoo ou ao abate Marchena)[28]. A cuestión, por tanto, consiste en estar advertidos sobre o erro de aceptar que *iberismo* signifique unha cousa e só esa cousa. Entre aqueles textos clásicos, por aclararnos, estarían por exemplo os de Latino Coelho, Barbosa Leão, Teixeira de Pascoaes, Figueiredo, Pessoa, Valera, Clarín, Unamuno, Sinibaldo de Mas, Prat de la Riba, Ribera i Rovira, Maragall, Castelao, Villar Ponte, Viqueira, Álvaro de las Casas, Pla ou Gaziel. En termos conceptuais, por certo, *iberismo* tampouco acabará posuíndo un valor semántico-pragmático único entre iberistas máis recentes, desde Félix Cucurull até Miguel Torga, ou, entre outros, José Saramago e a súa *trans-ibericidade*, asentada nun exame poscolonial (dalgunha maneira exposto en *A jangada de pedra* como un adeus a certa idea de Europa), ou César Antonio Molina. O propio podería sinalarse en relación cos especialistas na historia e actualidade dos iberismos. Sempre resultan ser complexas as redes conceptuais trabadas, enmarañadas as capas que responden a análises, imaxinacións, (pre)xuízos, arelas. É algo que constataría sen dificultade unha análise crítica do discurso que sacase á luz aspectos non sempre declarados obxectivamente, aspectos non observábeis nun plano fenotextual.

A ese conxunto de notas é ao que cabería chamar, con Julia Kristeva (1969) e Roland Barthes ([1973] 2018), «significancia» do discurso, unha rede en principio asistemática, intertextual, afectivo-sensorial e non plenamente consciente que produce significación sen acabar de esgotarse e sen que se poida delimitar nin segmentar facilmente en tal ou cal lugar do texto; isto último porque, no básico, como sinalou Barthes, a significancia compete á enunciación e non ao enunciado (como si o fai a significación).

Entón, a que remite o aserto de que se poderían aplicar ferramentas analítico-discursivas á produción textual do iberismo e de igual modo ao discurso académico promotor duns estudos ibéricos (ou a eses estudos de seu)? Moi sinxelo: de entrada, e como mínimo, a observar en que medida se procede a fundamentar ou secundar algunha clase

[28] Respecto de todo iso faise absolutamente necesaria unha historia crítica do iberismo capaz de incorporar, como mínimo, as claves políticas de cada conxuntura.

de iberismo cando se practica ou se activa o comparatismo iberístico, for baixo determinación historiográfica ou á marxe dela. Non se suxire que nas prácticas actuais se faga tal cousa —ou sexa factíbel facelo— ao estilo dun Teófilo Braga, de un Menéndez Pelayo, de un Fidelino de Figueiredo. Trataríase en todo caso de algo diferente, como é lóxico, no cal non hai por que dispersarse agora e para o que importa establecer prudente contraste cunha advertencia, bastante expresiva, debida a Pérez Isasi no momento de presentar o estado de cousas no emerxente campo de estudos das relacións interculturais e interliterarias ibéricas:

> Estas aproximaciones a los diálogos ibéricos, si bien se enfrentan inevitablemente a cuestiones políticas como la identidad colectiva, o la relación entre poder y discurso, no tienen, en cambio, una agenda política en su sentido más obvio (es decir, el de la defensa de la unificación de España y Portugal) ni promueven un nuevo nacionalismo esencialista que sustituya a los actualmente existentes: en otras palabras, *los Estudios Ibéricos no son un caballo de Troya para pretensiones iberistas*. (Pérez Isasi 2014: 66; cursivas miñas)

Sen disentir co fondo do afirmado por Pérez Isasi, parece oportuno deixar anotadas certas reservas. É certo que hai indicios aparentes de que podería estar a concluír o longo ciclo dos esquemas historiográfico-literarios de fundamento nacional (Hutcheon e Valdés 2002: 3-49) e que iso mesmo constitúe unha invitación para exceder esa delimitación nun sentido inter-, trans- ou posnacional, que os estudos ibéricos, como outros hoxe activos en diversas zonas do mundo, poderían habilitar e explorar[29]. A isto mesmo referiuse noutro lugar o mesmo autor (en Pérez Isasi e Fernandes 2013: 11) para xustificar a necesidade de consolidar os estudos ibéricos pola existencia dunha serie de fenómenos literarios, artísticos e culturais que propiamente non poderían ser entendidos e explicados desde unha perspectiva nacional. Con todo, unha cousa é

[29] A condición sempre de que as lecturas trans- ou posnacionais, poscoloniais ou decoloniais non reforcen, por activa ou por pasiva (que todo pode ser), a hexemonía dunha certa literatura nacional/estatal ante outras, ou dunha nación sobre outras. O desarmamento identitario-cultural, o mesmo que o nacionalista, ou é simétrico e de dobre sentido ou é aldrabeiro.

isto e outra distinta que eses fenómenos poidan ou deban explicarse baixo unha óptica estritamente atenta ás dimensións ibéricas; e non, por exemplo, ás dimensións europeas, ou ás do «centrismo mediterráneo» (no sentido sinalado por Dionýz Ďurišin), ou ás transatlánticas, ou ás poscoloniais, sen complicarnos máis neste momento. Pola súa claridade, reproduzo unha consideración diríase que irrefutábel de Antoni Martí Monterde:

> Neither by tradition, nor by consequence, nor by circumstances does the international dimension of Catalan literature inevitably pass through the Iberian peninsula, nor can it be limited to that space. If we are to limite Catalan literature to the peninsula, we can only do so politically. (Martí Monterde, en Resina 2015: 65)

Existe outra particularidade que parece conveniente considerar, sen saírmos aínda da órbita da reflexividade epistémica. Os estudos ibéricos non se están a desenvolver sobre lóxicas uniformes alí onde arraigan e alcanzan un certo éxito. Por conseguinte, o seu vínculo cos iberismos, pero tamén coa ubicuidade esencialista dos dous Estados ibéricos (se se me permitir virar a expresión de Pérez Isasi), é lóxico que sexa bastante variábel. En ocasións, como a miúdo nas universidades anglosaxoas —comentouse xa antes—, favoreceuse a solución duns estudos ibéricos para congregar unidades de investigación e docencia algo máis resistentes contra o acoso neoliberal ás humanidades. Outras veces, as agrupacións situáronse en proximidade coa lóxica dos *Area Studies*, incorporando obxectos de atención usualmente asumidos polas ciencias sociais. O iberismo quedaría reducido nestes casos a un ítem entre outros ofrecido á pescuda investigadora.

Para avanzar é necesario ampliar o foco e tratar de contemplar o vocábulo *iberismo*, os seus usos, en correlación con outros de diámetro máis amplo. *Europeísmo*, por caso, aínda tendo presente que ben puidesen incorporarse á serie outros como *atlantismo* ou *cosmopolitismo*, todos bastante marcados en sentido político dependendo do discurso en que se inscribiren.

En xeral, forma parte dunha certa tradición académica incorporar case como máxima que o comparatismo representa uns ideais de concordia entre as nacións e as culturas. A literatura comparada, sobre todo a de formulación historiográfica, insistiu bastante nesa cha-

ve, que ten toda a aparencia de ser plausíbel. Unha boa parte da serie historiográfica dirixida desde hai anos polo Comité de Coordinación para unha Historia Comparada das Literaturas en Linguas Europeas da Asociación Internacional de Literatura Comparada (AILC) foi xusto nesa liña[30]. Quizais onde mellor se poida ver é nos volumes dos que se responsabilizaron como editores Marcel Cornis-Pope e John Neubauer (2004-2010) baixo o título *History of the Literary Cultures of East-Central Europe*. Conscientes de entrada da notábel dificultade de pór nome a esa parte amplísima do continente que se sitúa entre a cultura xermánica e a rusa, entre o Báltico e o Mediterráneo, e que comprende entre outras rexións nada menos que os Balcáns, os editores reforzaron a axialidade dunha convicción: a historia literaria comparada non pode (nin debe) resolver por si mesma os problemas políticos, a miúdo profundos e de longa traxectoria histórica, desa rexión de Europa; mais, en primeiro lugar, tampouco pode ignoralos (Cornis-Pope e Neubauer 2002: 18), e, en segundo termo (22), a historia literaria comparada manexa ferramentas discursivas, académicas, institucionais e doutra índole que permitirían pensar en obxectivos moral e politicamente desexábeis para unha zona tan convulsa de Europa[31]. Por iso mesmo aseveraron o seguinte: «A literary history of East-Central Europe will make sense if it furthers, however little, the communication between the peoples of East-Central Europe» (Cornis-Pope e Neubauer 2002: 22).

[30] Non deixa de ser curioso que as mencións ao iberismo dentro desa mesma colección da AILC, e en concreto nos dous volumes que xa foron citados, sexa mínima. Se non me equivoco, aparecen referencias centrais en só tres traballos dun total de case un centenar, dous no primeiro volume (138-162 e 641-652) e un no segundo (282-292); respectivamente, «Identitarian Projections: Between Isolationism and Reintegrationism», a cargo de Thomas Harrington; «The Dialogue of Iberian Literary Nationalisms (1900-50)», asinado por José-Carlos Mainer; e «The Essay », debido a Enric Bou e Anxo Otero-Blanco. Algo bastante diferente, xa en termos de proporción, ocorre no volume *Looking at Iberia. A Comparative European Perspective* (Pérez Isasi e Fernandes 2013).

[31] Son reflexións asumidas, nese aspecto concreto (non noutros), e reorientadas nun sentido global europeo para a construción dunha nova Europa, precisamente por quen entre 2016 e 2021 foi presidenta do Comité de Coordinación para unha Historia Comparada das Literaturas en Linguas Europeas, Karen-Margrethe Simonsen (2015).

Mais volvamos á cuestión de fondo, cuxa translación ás coordenadas ibéricas constituiría unha incitación dificilmente eludíbel. En concreto, esa cuestión sería a seguinte: é necesaria algunha clase de posición europeísta, entre afectiva e ideolóxica, para pensar unha nova Europa en termos de comparatismo cultural? Ou será preferíbel obviar esas pautas e tratar de pensar, por exemplo, desde un cosmopolitismo político (no sentido outorgado por Ulrich Beck), sexa ou non posnacional a súa condición? Ou facelo desde unha referencia á literatura mundial que se sitúe nun espazo decididamente transnacional con todas as cautelas que isto esixa? Ou desde unha óptica poscolonial, decolonial, diaspórica, desterritorializada?

Non é fácil responder. É máis, diríase que o sensato sería o escepticismo en relación con case calquera resposta a estas preguntas. Pechando a lente un pouco, cabe preguntarse aínda se é precisa algunha clase de europeísmo/iberismo para desenvolver uns estudos ibéricos centrados na cultura e a literatura. Outra forma de contemplar o asunto conduciría á pregunta de se é necesaria algunha causa *lexitimadora* de índole política para o establecemento (atención: non exclusivamente académico) duns estudos ibéricos.

Diríase que en determinada altura histórica algúns iberismos quixeron facer isto mesmo. O problema é que os iberismos ibéricos nunca foron igualitaristas senón máis ben xerarquizantes. Arestora, a ninguén se lle escapa que os iberismos os *cargaron* ou alimentaron non só persoas cabais, probos intelectuais, agrupacións políticas e culturais de insubornábel percorrido democrático…, senón en ocasións tamén *o diaño*, por concentrar figuradamente nesa figura, aquí e agora, a quen serviron estruturas de poder e dominación como as xurdidas por exemplo do Pacto Ibérico, vixente entre 1939 e 1978 pola existencia de intereses e temores comúns entre os réximes de Salazar e Franco (Sardica 2013: 123-266). Quedemos, sen ir máis lonxe, coa serie de volumes *Amor a…*, asinada por Ernesto Giménez Caballero, iberista ao seu xeito, que inclúe títulos como *Amor a Cataluña* (1942), *Amor a Galicia, proxenitora de Cervantes* (1947) e *Amor a Portugal* (1949), entre outros[32]. Por suposto,

[32] En títulos como os citados o autor chegou a desenvolver chaves textuais situadas entre o dislate estrafalario e a basta caricatura, xerminadoras de clixés e imaxes rexionalizantes (tamén de comprensións historiográficas de *lo español*, *lo hispano* e *lo ibérico*) de longa traxectoria e produtividade, elas mesmas ou outras

non todo iberismo consoa con esa clase de discurso. O exemplo é apenas un extremo —delirante, como algúns máis— do que tento argumentar, aínda que corresponde a un intelectual moi destacado dunha etapa particularmente rica das letras españolas e con certeza a un nacionalista/imperialista igualmente sobranceiro.

No fondo, parecería que a ausencia de referencias aos iberismos por parte de non poucos especialistas en estudos ibéricos —a miúdo clamorosa, aínda que con contrapuntos tan iluminadores como os que localizan en volumes como *De espaldas abiertas*, de Sáez Delgado e Pérez Isasi (2018)— tería que ver co feito de que a retórica de fondo de case todo iberismo, coas súas narrativas adoito xerarquizadoras e nacionalistas/estatalistas, desarman pola base calquera intento de fundamentación epistemolóxica ou académica homologábel en sentido comparatista e aceptábel en sentido historiográfico. Próbese a anotar o nome dun só iberista (dos iberismos político, cultural, sentimental, europeísta…) cuxo discurso conserve efectiva actualidade no momento presente —ou, mellor, *para* o momento presente— e entenderase mellor a relevancia do asunto.

Non se perda de vista que aquela clase de textos e autores —os citados e outros próximos— produciron e producen efectos e que, en consecuencia, sustentan e dan continuidade a unha certa «historia efectiva». Enténdese por tal a nutrida polos feitos históricos e polo que sobre eles se escribiu e leu, se o expresarmos nos termos de Paul Ricœur, que Mario J. Valdés (en Hutcheon e Valdés 2002: 67) asumiu nas súas propostas para unha renovación hermenéutica da historiografía cultural e literaria.

O pensamento representacionalista e narrativista de Frank Ankersmit atendeu un plano intermedio, previo ao daqueles efectos, máis doadamente comprensíbel á luz do holismo por el asumido, segundo o cal, en tanto construto narrativo, o pasado non se pode descompor en partes sen que iso ocasione unha perda do seu sentido discursivo. Trátase da dialéctica entre «narrative subjects» e «narrative substances»

---

afíns, durante o franquismo e parte do posfranquismo. Do tipo desta que segue, por caso: Cervantes, e por extensión parece que tamén España, serían o resultado, aparentemente aritmético, de dividir polo *meseteño* a suma da *progenie galaica* mais o *contacto andaluz* (Giménez Caballero 1947: 22).

(Ankersmit 1983: 90-128), orixinadora a fin de contas da oposición entre realismo e idealismo como orientacións destinadas a *representar* a realidade histórica. As «substancias narrativas» transcenderían a simple exposición de feitos para representalos e interpretalos coherentemente —é obvio que desde unha posición dada— como totalidade ordenada e estruturada que se mostra dun modo específico e alcanza un sentido. O seu peso na historiografía moderna e posmoderna é patente como principio organizador e teleolóxico daquilo que se aspira a (dar a) coñecer. Para Ankersmit, en forma de substitución dos feitos efectivos apoiada nas destrezas narrativo-estruturantes do historiador[33]. No fondo, do que se está a falar en relación cos argumentos de Valdés e os de Ankersmit, baixo diferentes prismas, é da influencia de Michel Foucault (Neubauer 1998) e da filosofía pragmatista da linguaxe sobre os usos lingüístico-retóricos nas prácticas historiográficas postestruturalistas.

A disciplina: describir / narrar Iberia e o ibérico

O segundo dos aspectos anunciados na parte final da primeira epígrafe deste capítulo afecta á cuestión disciplinar, comprendidas aquí as dimensións inter-, trans- e supradisciplinar. Por tanto, entra en xogo a este respecto a decisión sobre o obxecto dos estudos ibéricos e o seu alcance efectivo.

Habería que determinar, por exemplo, se con «estudos ibéricos» queremos designar apenas uns estudos literarios/culturais ibéricos, ou uns estudos comparados ibéricos, ou quizais uns estudos historiográfico-literarios ibéricos (comparados ou non), ou, en fin, uns estudos (ibéricos) de área ou outra cousa distinta. Pero entra xa tamén en xogo, en

[33] O sinalado sería así mesmo de aplicación á historiografía literaria, incluída a de base comparatista e por descontado a concentrada en espazos específicos, como o ibérico. Se aceptamos os presupostos de Ankersmit, todas as historiografías *representarían* a realidade histórico-cultural desde a construción e interpretación do historiador, que, para o que aquí importa, podería estar determinada por lecturas ideolóxico-cartográficas concretas. Se se quixer, pola propia forza icónica dos mapas, e non será ocioso lembrar neste punto a asimilación da teoría da arte de Arthur Danto e Nelson Goodman por parte de Ankersmit. Desde posicións identificadas como as propias dunha filosofía posnarrativista da historia, Jouni-Matti Kuukkanen (2015: 44-49) revisou criticamente a noción de «substancia narrativa» e, á vez, os tres trazos centrais (indescomponibilidade, analiticidade e infalsabilidade) que no seu criterio caracterizarían o holismo da filosofía narrativista da historia.

fase previa, decidir cal sexa o vínculo dos estudos ibéricos coa historia en sentido xeral e co conxunto das ciencias sociais, a miúdo implicadas elas mesmas no marco posíbel duns *Area Studies*, no das relacións internacionais ou mesmo no horizonte dos estudos culturais, como xa se apuntou.

Resolver todo iso, declaralo *a priori*, presupón igualmente clarificar unha instalación máis ou menos historicista, máis ou menos positivista, máis ou menos filolóxica, máis ou menos sociolóxica... do que se aspira a concretar. E evidénciase que neste fío hai aspectos non só disciplinares senón tamén heurístico-metodolóxicos. Se callar, o máis relevante deles sexa resolver se a historia funcionaría como hipóstase, ou polo menos como punto de fuga, da proposta que os estudos ibéricos —os que foren— chegasen a materializar. E de ser así, algo nada improbábel contemplado en perspectiva o curso da historiografía literaria hexemónica, se o faría como se non se tivese evidenciado suficientemente ningunha crise epistemolóxica e discursiva no campo historiográfico xeral durante os últimos cen anos.

Por exemplo, como se non existisen nin a historia conceptual nin a historia das ideas; nin a historia cultural e das mentalidades nin as reservas sobre a aceptabilidade dunha historia apenas *événementielle*. Como se non se tivesen producido arduos debates sobre a propia autoridade discursivo-historizante en que se alicerza o discurso historiográfico. Ou sobre a plausíbel fundamentación retórica de toda historiografía, sobre a radical textualidade da historia —que, nos termos de Alun Munslow (2013), consistiría en «authoring the past»[34]— e sobre o carácter inescusábel dunha discursividade historiográfica narrativa ou posnarrativa (Kuukkanen 2015)[35]. Como se non se constatasen no último medio sécu-

[34] «History, I hope, will be re-thought with the understandig that form always precedes content, and that it is an authorially, ethically, and aesthetically constituted intervention» (Munslow 2010: 221).

[35] Entendíbel como unha firme emenda das teorías posmodernas da historia, a historiografía de fundamentación posnarrativista configuraría segundo Kuukkanen un marco de coñecemento *presentacional* (non representacional) de evidencias e, desde a perspectiva dunha tipoloxía discursiva, unha práctica argumentativa non asimilábel aos usos literarios da linguaxe. Fronte ao holismo de Ankersmit e a súa postulación de que a historia sexa unha substitución discursiva dos feitos históricos, Kuukkanen reafirma o compromiso empírico (aínda que tamén persuasivo e

lo xiros epistemolóxicos da clase do espacial, o funcionalista-sistémico, o retórico-práxico…; nin tampouco tivesen pasado ante a mirada de todos o materialismo histórico, a teoría crítica, a hermenéutica non reconstrutiva, ou o novo historicismo. Como se non se manifestasen, perante calquera que non desvíe a mirada, os complexísimos diálogos entre historia e antropoloxía, ou entre historia e socioloxía, ou, noutra vertente, entre historia e estruturalismo. Como se non houber desenvolvementos como os debidos á análise cultural e á análise crítica do discurso. Nin ás series alicerzadas nalgunha caste de *contrahistoria* vinculadas a relecturas e revisións da exclusión sistemática de suxeitos históricos en razón da súa identidade de xénero, etnia, orientación sexual… Nin as reservas previas de Nietzsche sobre a historia. Nin as posteriores de Lévi-Strauss, de Foucault ou de Deleuze. Nin as observacións de Michel de Certeau sobre o corporativismo institucional dos historiadores (tamén dos historiadores da literatura, con certeza), ou as dos filósofos latinoamericanos da liberación e o método analéctico. Ou as de Paul Ricœur sobre a dialéctica memoria-historia-esquecemento. Nin, en fin, a deconstrución.

Destaco de forma tan pouco sucinta todo o anterior por dous motivos. Primeiro porque nos últimos vinte e cinco anos produciuse un caudal importantísimo de contribucións sobre teoría e filosofía da historia, tamén de propostas historiográficas moi diversas, susceptíbeis de seren aplicadas a campos emerxentes como o dos estudos ibéricos; propostas que a miúdo son ignoradas fóra do sector teórico e académico de orixe. En segundo termo, regresando á autoridade que representa quen foi presidenta do Comité de Coordinación para unha Historia Comparada da AILC, porque podería ser que, na historiografía literaria actual, comparatista ou non, estea a perderse o sentido do que sexa a historicidade mesma (Simonsen 2015). Ignoro en que sentido exacto isto último podería supor unha corrección do que nalgún momento se

performativo) dos historiadores cunha comprensión sintetizadora e coligatoria do pasado. Isto último supón unha reconsideración do construtivismo posmoderno e do seu engarce retórico, reorientado en dirección argumentativa e xa non narrativa. A esta luz, conceptos coligatorios como Ilustración, Rexurdimento e outros (incluído *iberismo*, por exemplo) gañarían aceptabilidade posnarrativista se non se activasen como metarrelatos substitutivos e fosen conducidos, por así dicilo, á area explicativo-argumentativa.

coñeceu como proposta Valdés-Hutcheon, e noutra altura como proposta Ricœur-Valdés, no relativo a unha reorganización discursiva da historicidade das culturas literarias (Valdés 2002). Lémbrese en todo caso que, na postulación dunha historia comparativo-cultural da literatura por Mario J. Valdés, esta fica perfilada como o estudo interdisciplinar da produción e a recepción do imaxinario cultural en contextos sociais específicos. Tradicionalmente, os historiadores serían, no mellor dos casos, os *mediadores* entre os acontecementos e unha certa experiencia da temporalidade por parte das sociedades, polo que o seu labor orixinou non poucas veces, observa Valdés (1999), un *emplotment* dos sucesos históricos destinado a que estes cobrasen un significado simbólico.

Esta idea da historia en tanto representación sometida a un principio organizador —lémbrese o visto a propósito das «substancias narrativas» de Ankersmit— fomentaría o que Valdés cualificou como «autoridade narrativa explicativo-causal», e está nos fundamentos de rectificacións como as denominadas *enciclopédica* e *experimental* da historiografía recente. É interesante que na presentación dunha filosofía posnarrativista da historia debida a Kuukkanen se manteña unha apelación á autoridade, aínda que en tanto «autoridade epistémica», comprometida coa argumentación e cunha racionalidade situada ou contextualizada, máis que cunha determinada instancia enunciadora. Trataríase, en suma, dunha autoridade emanada do enunciado e non da instancia enunciadora e do seu prestixio.

Por que interesa regresar a todas estas consideracións neste momento? Basicamente pola necesidade de persistir na advertencia contra calquera forma de control discursivo-institucional xerárquico —nacionalista ou non, posnacionalista ou non, cosmopolitista ou non— no rumbo futuro dos estudos ibéricos. A formalización máis gráfica diso que se sinala como xerarquización, ou construción fundamentada nalgunha clase de xerarquía cultural, ten bastante que ver co que en termos retóricos se coñece como *detractio* ou supresión (supresión dunha parte da realidade, por suposto), que englobaría figuras como a elipse e a *praeteritio*. En definitiva, co elidido ou preterido no discurso, agora concretamente no discurso historiográfico-comparatista sobre culturas ibéricas[36].

[36] Trátase de heurística, certamente, pero tamén do que Kuukkanen distingue como «autoridade epistémica».

Para maior precisión, a cuestión reside na xerarquización comparecente no discurso crítico-historiográfico ou comparatista como algo ínsito ao réxime de concorrencia das culturas. É obvio que, en termos de comparación, os diversos factores dun sistema cultural se organizan de forma xerárquica cos correspondentes a outros sistemas culturais. Por iso é polo que, sen ir máis lonxe, se producen fenómenos de interferencia entre culturas ou se traduce máis dunha lingua a outra que desta a aquela. Pero hai aquí dous planos diferentes, como é obvio: o da convivencia/conflito entre culturas e o do que se diga (e como se diga) sobre iso.

Unha das cuestións de fondo residiría en decidir se os estudos ibéricos son delimitábeis con independencia de cal sexa o número de culturas consideradas baixo o prisma da súa interrelación. Sen que isto signifique un rexeitamento absurdo dos estudos sobre relacións bilaterais (ou trilaterais, ou o que for), a resposta debería ser negativa. No meu criterio, habería estudos ibéricos alí onde se contemple o dominio ibérico na súa totalidade e na súa diversidade cultural, non unha parte ou sector. Se non se fixer algo semellante, se ao mínimo non se materializar como presente en termos dialécticos a totalidade ibérica —totalidade que inclúe as dimensións políticas e institucionais derivadas da comparecencia do(s) Estado(s)—, o que teremos serán uns estudos sen dúbida lexítimos, pero non propiamente ibéricos, senón doutra marca[37]. O razoamento que alicerza o que se acaba de dicir é homólogo ao que socorrería a quen rexeitase clasificar como literatura europea comparada o simple estudo das relacións bilaterais entre a literatura lituana e a letona, ou entre a alemá e a francesa.

Con todo, o problema non conclúe aí. A que fai referencia aquela «diversidade cultural» ibérica amentada? Só á diversidade nacional? A que nos referimos en fin cando falamos de *partes* do dominio ibérico?

[37] Pénsese, por exemplo, en estudos que contemplen a relación entre as culturas galega e portuguesa, ampliadas ou non ao resto da comunidade lusófona (Torres Feijó e Samartim 2018); ou entre as culturas portuguesa e catalá (Martínez-Gil 2010; Gimeno Ugalde, Silva e Lopes 2013); mesmo en estudos centrados nas relacións entre as culturas galega, vasca e catalá, historicamente vinculadas ao desenvolvemento do pacto Galeuzca (1933), con antecedentes na Tripla Alianza de 1923, a iniciativa de Acció Catalana, e outros previos. Son propiamente estudos ibéricos? Nin o parece nin, en xeral, se presentan como tales.

Constitúen parte, ademais das nacións, as rexións e as súas culturas para os estudos ibéricos? Constitúe parte a poboación inmigrante? Constitúen parte o pobo e a cultura xitanos? Os mundos e novas culturas das diversas e sucesivas diásporas, non só as últimas, constitúen parte? A expansión imperial e colonial? A memoria actual de todo iso?

Ademais do anterior, só en certo sentido inscrito na cuestión do canon, sobrevén outro vello asunto. É reiterativa entre os especialistas a mención da (inter)relacionalidade dos estudos ibéricos. Con todo, esa pauta podería ser restritiva sen pretendelo, en especial se en perspectiva comparatista deixar fóra todo canto Claudio Guillén designou baixo a etiqueta de «supranacionalidade». E igualmente se deixar fóra, noutro plano, a análise de medios, mediacións e variantes do *gatekeeping* cultural nos planos institucional, corporativo ou individual (Marling 2016); tamén a atención á intermedialidade e á hibridación literaria (Cornis-Pope 2014). Ou é que os estudos ibéricos non se poderían ocupar de fenómenos dese teor á marxe dos límites nacionais e as relacións que se estimaren?

Parece escusábel lembrar neste punto que unha parte non menor dos estudos ibéricos, ou autoidentificados como tales, se contentou non poucas veces co expediente do simple contraste ou comparación bilateral, bipolar e binaria entre dúas culturas sublimadas pola súa índole estatal, a portuguesa e a española. Trátase dunha orientación promocionada xa polos Latino Coelho, Antero de Quental, Oliveira Martins e posteriormente António Sardinha e Fidelino de Figueiredo, con algunha frecuencia baixo consideracións un tanto fantasmagóricas ou de groseira subordinación nacional —seguidas ou non de palinodia ulterior—, preludiadas pola autoimaxe e a heteroimaxe complementaria de Portugal como unha «España atenuada», que comentara o último dos comparatistas mencionados. Valería a pena pensar se iso, como xa a propia *invención* do dominio ibérico como entidade unitaria, está sustentado na literatura dos viaxeiros estranxeiros que percorreron a península ao longo do século XIX e alicerzaron unha imagoloxía ibérica castelancentrista. Doutra banda, correspondería pensar tamén nos propios pioneiros da historia literaria peninsular (Bouterwek, Sismondi, Ticknor), de novo estranxeiros, e o dato é de notábel interese, que cruzando ou non o territorio físico e os seus centros de saber estableceron as bases das historiografías literarias nacionais de ulterior desenvolvemento, case

sempre primando un coñecemento das culturas peninsulares *outras* a partir da cultura de expresión castelá.

En calquera caso, o mencionado non é o único formato de preterición, por moito que sexa o que maior tranquilidade parece levar a determinadas concepcións e mentalidades. É peculiar en relación co que se repasa o caso de Ignasi Ribera i Rovira (1880-1942), de quen é ben coñecido o seu *Iberisme* (Barcelona, 1907), con prólogo de Teófilo Braga, ou tamén *O genio peninsular* (Porto, 1914), pero non tanto os seus *Ensayos iberistas. Portugal y Galicia nación: Identidad étnica, histórica, literaria, filológica y artística* (Barcelona, 1911)[38]. No prólogo deste breve volume comparecen, baixo diferentes fórmulas, desmesuradas por momentos, variantes da *detractio* referida. Todo baixo a postulación da existencia dunha disputa de hexemonía espiritual sostida no territorio peninsular entre Portugal e Cataluña —entendido que Galiza formaría con Portugal unha nacionalidade única— e a interpretación de que a independencia política de 1640 proporcionou a Portugal riqueza e progreso económico e cultural. Ribera i Rovira argumenta que un fenómeno como aquel, trasladado ao século xx, podería levar a outros territorios peninsulares resultados similares. O relevante, para o que aquí se argumenta, é que o fai sen mencionar case nunca unha España preterida, visibilizada apenas como referente de oposición nacional.

Baixo outros condicionantes e propósitos, isto mesmo —a *detractio*— seguiu sendo moeda corrente, de entón a hoxe, na serie historiográfico-literaria referida ás literaturas peninsulares de condición «periférica» ou periferizada (a catalá, a galega, a vasca), aínda que non só, como de contado se puntualizará. A opción ten (e obedece a) a súa lóxica, con certeza, aínda que en termos empíricos obviar a concorrencia de autores e lectores, pero tamén de repertorios, críticos, selos editoriais ou institucións, e o propio conflito cultural (por exemplo, entre as culturas catalá e española en territorio catalán), talvez non sexa a única forma de contar o que foi no pasado, e como chegou a ser o que é no presente, tal ou cal cultura ou literatura. A catalá, por exemplo. Pero, atención, a española (a de expresión castelá) tamén. Pois esta, como calquera outra

[38] O libro reafirma o exposto nunha conferencia dada no Real Instituto de Lisboa en 1907 que concitara contra o autor unha acerba campaña dos xornais aliñados co nacionalismo español.

en calquera lugar, tende a autopresentarse baixo o expediente dobre dunha naturalización non necesitada de xustificación (como se preexistise a todo acto historiográfico) e dunha ausencia de conflitividade na súa área de implantación, tamén supostamente *natural*.

Como é obvio, non se pretende aquí xulgar en sentido ético o que se está describindo. O que interesa en realidade é a pregunta sobre que é o que debe constituírse en obxecto de consideración para a historia literaria e para a historia literaria comparada, incluída, segundo parecerá lóxico, a referida ao dominio ibérico. Se o fosen simplemente as obras e os seus autores, coas súas vidas e cenáculos, ou pouco máis, nada habería que obxectar ao que maioritariamente se vén facendo desde hai case un par de séculos. Se pola contra a aspiración é a de entender a dimensión sistémica do literario haberá que preguntarse, como mínimo, que sistemas hai en xogo e que relacións manteñen entre si[39]. Parece

[39] A reprobación por Gabilondo dos estudos ibéricos, por el lidos como reaxuste ecoico duns *Area Studies*, fundaméntase, entre outros apoios argumentativos merecedores de consideración atenta, nunha preconceptualización banalizadora da metodoloxía sistémica. En concreto, derivada de que os estudos ibéricos forzarían a configuración dunha área monosistémica (Gabilondo 2013-2014: 26) e aislacionista (2013-2014: 29), subsidiaria das lóxicas do Estado español e en definitiva do seu exceso nacionalista: «This nationalist excess emphasizes the impossibility of a (mono-) systemic and homogeneous approach such Iberian studies or, even, (Spanish) Cultural studies. Rather, it foregrounds the politics of systemic answers: they represent, in their systemic nature, an attempt to revive 'Hispanism' by other means, that is, an old-fashioned project whose subject is the Spanish state. Thus, Iberian or cultural studies, in so far as they stand for Hispanism, must be denounced and analyzed as historically impossible —or as the project of an impossibility— which the nationalist excess of Spain continues to undermine and undo» (Gabilondo 2013-2014: 26). Compleméntese o anterior co ampliado polo autor en perspectiva postimperialista e arredor da que considera falta de fundamentación teórica dos estudos ibéricos (Gabilondo 2019). Non negarei que o razoado por Gabilondo na cita anterior poida darse, neses termos ou noutros análogos, en determinadas propostas de análises autocualificadas de sistémicas ou empírico-sistémicas (e que non o son). O que é evidente é que a aplicación da episteme sistémica non ten por que conducir a iso. De feito, non debería conducir a nada diso, como mostran desenvolvementos teóricos e aplicados que Gabilondo non ten en conta. Os máis relevantes deles, para o que aquí estamos a debater, expuxéronse en relación coa cultura e a literatura galegas (Martínez Tejero 2012, Lourido 2014), case sempre, por certo, baixo unha lente crítica, comparecente de forma clara xa en González-Millán (2001). En relación con isto último, pode verse igualmente o que eu mesmo escribín noutros lugares (Casas 2021: 102-106 e 315-325 e 2023).

innegábel, tal como mantén Isaac Lourido (2014), que a concorrencia de sistemas —ou de campos, de se aceptar a idea reiterada por Bourdieu segundo a cal o campo (de poder, xurídico, cultural…) chega até onde chegaren os seus efectos— produce sempre un conflito cultural e que ese conflito é inusual que se desenvolva entre iguais. Precisamente por iso, a análise específica de tal concorrencia debería deseñarse coas oportunas ferramentas heurístico-metodolóxicas e discursivas, que Lourido (2014: 361-398) esquematizou con todo detalle en relación co caso galego. Tales ferramentas, desde logo, non se reducen ás habituais en operativos de corte tradicional, pero tampouco serían asimilábeis ás propias da solución provista por Gabilondo (2009) desde unha perspectiva posnacional e decolonial en que converxen parámetros xeopolíticos e biopolíticos[40].

No sentido anticipado, a reiterada relacionalidade dos estudos ibéricos entendo que non se debe reconducir (inxenua ou interesadamente) a epifenómenos de converxencia, concordancia e convivencia, senón tamén —diría que *en especial*— xusto a todo o demais. Por tanto, ao que, lonxe de congratularse con concordancias máis ou menos idealizadas e até irreais, incide nas disonancias, nos desacordos e tamén nos agravios. Que para certas sensibilidades epistémico-políticas sexa perturbador

[40] En particular se iso conduce a formular propostas como que Emilia Pardo Bazán deba ser resituada «as a Galician writer, and only secondarily as Spanish» (Gabilondo 2009: 254) ou a se facer preguntas do tipo de se Galiza constitúe un sistema literario dobre (Gabilondo 2009: 251). Para esa viaxe non eran precisas tantas alforxas teóricas. De entrada, un territorio non constitúe de seu un sistema literario nin nada semellante. Os sistemas culturais teñen ou non implantación (funcionan, teñen efectos) en determinadas áreas xeoculturais, e fano con axentes, repertorios e institucións que poden ser plurais en termos identitarios, lingüísticos, etc. En Galiza funciona un sistema literario no cal se dá unha concorrencia (conflito) entre elementos como os citados e outros varios (o mercado, por exemplo). Parte deses elementos (escritoras, institucións, editoriais…) actúan estritamente en territorio galego e parte non. Estes últimos actúan tamén, por exemplo, en Madrid, As Palmas ou Bilbao (no territorio de soberanía española no seu conxunto), razón pola cal se tende a considerar que configuran o sistema literario español, do cal no seu día foi axente moi destacada Pardo Bazán, partícipe así mesmo —e só o negará quen equiparen erroneamente sistema literario a literatura nacional— no sistema literario galego contemporáneo. Defender ou suxerir que exista unha relación de biunivocidade entre sistema (ou campo) e territorio é inexacto e promove confusións das que non é sinxelo desembarazarse.

unificar este suposto excedente baixo etiquetas como «conflito» semella perfectamente previsíbel.

O anterior engarza de modo directo coa delimitación xeocultural ou xeopolítica do espazo que se desexe estudar. Entramos aquí, sen dúbida, nun dos máis intricados (e delicados) aspectos da traza ou planificación que se aspira a formalizar. Por que? Pois porque con el se conxugan dúas vertentes decisivas. Tanto que é frecuente naturalizalas, dalas por sabidas e aceptadas por todo o mundo..., menos por «o outro», por algún *outro* implicado tamén no asunto, basicamente un outro nacional (individual ou colectivo/comunitario), contemplado a miúdo como un outro nacionalista. E non parece secundaria nin improcedente aquí a mención de que os diálogos entre esas alteridades —se os houber e se fundaren no igualitarismo, mesmo para abordaren as complexísimas relacións entre nacionalismos concorrentes— están con bastante frecuencia trufados de reducionismos e *misreadings*.

Desas dúas vertentes unha é, en efecto, a da nación e as identidades en xogo (que poderían ser posnacionais, e mesmo postimperiais, entre outras cousas). A outra é a dos mapas, as cartografías habilitadas, e xa (antes) o mapeo, problema este de envergadura, que é frecuente relativizar, minimizar, obviar, dando por feito que os mapas son simplemente a representación acrítica e desideoloxizada dunha realidade física, e non resortes susceptíbeis de seren instrumentalizados con obxectivos moi diversos[41]. A respecto disto habería que reactivar de novo a atención

[41] Como exemplo, resultarán suficientemente gráficas as palabras pronunciadas en Berlín en setembro de 1940 por Ramón Serrano Suñer, na altura ministro de Gobernación de Franco e próximo a asumir, só unhas semanas despois, a carteira de Asuntos Exteriores: «uno no podía evitar darse cuenta al mirar el mapa de Europa que *geográficamente hablando Portugal en realidad no tenía derecho a existir*; [t]an sólo tenía una justificación moral y política para su independencia en el hecho de sus casi 800 años de existencia» (*apud* Ros Agudo 2008: 278; cursivas do autor). A cita está tomada das actas que recolleron as conversas de Serrano Suñer con Joachim von Ribbentrop, ministro de Exteriores de Hitler entre os anos 1938 a 1945, no contexto das negociacións relativas á arelada incorporación de España ao eixe xermano-italiano na Guerra Mundial e á posibilidade dunha ocupación por parte de España do territorio portugués. Planificada polo Alto Estado Maior español na segunda metade de 1940, por tanto só un ano despois da conclusión da denominada «guerra civil», a operación vinculábase coa toma de Xibraltar e coa previsíbel resposta británica, que se presumía que se materializaría a través de Canarias e sobre todo de Portugal. Asociábase ademais coas aspiracións de con-

mencionada á significancia, rede mediada por afectos e pulsións non sempre conscientes. Que di sen dicir. Tamén desde un mapa.

Téndese a pensar, en efecto, que a cartografía evidencia só realidades xeoculturais ou xeopolíticas firmes. Isto resulta cuestionábel. Comezando pola propia disposición e técnica cartográficas e seguindo pola entidade e os límites daquilo que designamos con nomenclatura de procedencia xeográfica. Unha illa non hai dúbida de que o é, aínda que haberá quen considere que a partir dunhas certas dimensións deixe de parecelo (América, por exemplo, ou Afro-Eurasia). Outro asunto aparentemente trivial, pero que a miúdo se esquece, é que mesmo unha illa, grande ou pequena, pode estar dividida en territorios (e Estados) que culturalmente viven de costas entre si, que se ignoran e apenas manteñen o que entendemos por relacións interculturais. E iso mesmo pasa, por certo, *dentro* de certos Estados que non son illas (os casos son máis numerosos do que se cre). Cabe afirmar que a contigüidade sólida (ou terrestre) non garante nin maior cohesión nin máis intensa relación intercultural que a contigüidade líquida (ou marítima), como dabondo demostran casos como os das illas A Española (cos Estados de Haití e República Dominicana) e Nova Guiné (que reparte o seu territorio entre Indonesia e Papúa-Nova Guiné).

Pois ben, coas penínsulas todo se complica[42]. En primeiro lugar, porque é máis fácil determinar onde acaban —localizando a zona máis afastada do istmo— que onde empezan. Pénsese na Península Itálica, por exemplo, ou na Balcánica. E, desde logo, na Ibérica. Dous Estados,

trolar o estreito e lograr un dominio colonial —autorizado por Hitler e recoñecido por Mussolini— sobre unha ampla zona do norte de África, incluído o Marrocos francés e o Oranesado. A operación converxía cos afáns imperialistas de Franco e o seu goberno, na altura con forte presenza de xenerais ditos «africanistas», tras desbotarse pouco antes a ocupación do Marrocos francés aproveitando o armisticio franco-alemán e a debilidade do réxime de Vichy (Ros Agudo 2008: 141-172 e 271-277). A deriva da Segunda Guerra Mundial nos meses posteriores, en particular polas consecuencias da ofensiva alemá sobre a Unión Soviética a partir do verán de 1941, restou posibilidades de éxito, e por tanto sentido, ao ataque sobre Xibraltar e á ocupación de Portugal, que con toda evidencia terían suposto o inicio dunha participación declarada de España na guerra (máis alá do envío dos 45.000 efectivos da División Azul á fronte rusa).

[42] Máis aínda coas penínsulas denominadas así mediante a activación dalgunha clase de sinécdoque, segundo xa foi sinalado en nota no comezo deste capítulo.

Portugal e España —en realidade, algún máis—, repártense en principio o territorio identificado como Península Ibérica. Pero habería que considerar así mesmo a entidade peninsular de Andorra, e incluso a de Francia, cunha franxa meridional que se estende a boa parte das actuais rexións de Nova Aquitania e Occitania e que Estrabón se figurou longamente ístmica. Segundo é ben sabido, cando os comparatistas pensan nas linguas e literaturas da Península Ibérica case sempre fan abstracción destes detalles. O relativo a Francia[43] non é de escala tan menor como o que poidan significar Andorra, un dos seis microestados europeos, ou mesmo Xibraltar, un dos catorce territorios británicos de ultramar, que, formalmente, non son parte integrante do Reino Unido. Non é infrecuente que esa abstracción se estenda, ademais, ao relativo aos territorios de cultura e lingua vasca e de cultura e lingua catalá —Iparralde e Rosellón— situados ao norte dos Pireneos, en territorio supostamente continental. Pero é que, ademais, aquel territorio *longamente ístmico* ao que se fixo referencia é o de radicación, entre outras, da lingua occitana, que, por tanto, sería razoábel interpretar como unha lingua ibérica máis, recoñecida por certo polo Estatut catalán de 2006 como cooficial non unicamente na zona de Cataluña onde mantén vixencia de uso, o Val de Arán, senón en todo o territorio catalán.

Viremos agora o foco de atención cara a algo igualmente relevante. Segundo tratei de razoar en diversos lugares (Casas 2003 e 2021: 65-88), a radicación xeográfica e xeocultural dun territorio nunca é unívoca. Dito de forma gráfica, e abstraéndonos agora das culturas insulares alegadamente ibéricas[44], ningunha das culturas peninsulares é só peninsular, ningunha é só peninsular-ibérica. Se antes se introduciu a consideración dos vínculos marítimos foi por isto mesmo. Ao cal habería que engadir, tamén foi apuntado xa, a propia continuidade territorial

[43] En termos rigorosamente xeográficos, sería a zona máis estreita do istmo a que marca o límite entre península e continente. O certo é que o segmento istmeño que atravesa de Cantábrico a Mediterráneo por Mont-de-Marsan e Narbona mide uns 376 km, mentres que o pirenaico, que o fai pasando por Irún e Cadaqués, uns 100 km ao sur do anterior, mide sobre 55 km máis.

[44] Varias delas ultraperiféricas para a Unión Europea, lémbrese. Non parece necesario deterse a explicar que a implicación cultural ou política co ibérico de partícipes das culturas azoriana ou canaria é en principio de raíz moi distinta á que poidan experimentar individuos establecidos na península.

das culturas máis aló das fronteiras político-administrativas. O caso catalán resulta patente, visto desde os límites setentrionais, meridionais, occidentais ou orientais da actual comunidade autónoma de Cataluña.

Pero tanto ou máis importante que o anterior parece a observación de todo o que as cartografías tradicionais deixan fóra, así como a inxente creatividade que neste campo está a activarse. Non só desde o pensamento académico, senón tamén desde colectivos culturais e mesmo desde redes colaborativas abertas, co obxectivo de evidenciaren relacións de poder e a súa «xeometría», por empregarmos aquí a expresión debida a Doreen Massey (2010). Estes colectivos e redes adoitan operar con apoio nunha nova concepción do que un mapa está capacitado para ser e facer, buscando alternativas que desde o territorio (non unicamente o urbano) aposten por unha transformación da realidade social, cultural e política, en ocasións a través da denuncia e dunha forma de resistencia máis ou menos organizada.

Nesta orde de cousas, revélanse útiles as propostas de David Harvey ([1973] 1988: 22-27) sobre a correlación entre a vella imaxinación sociolóxica de que falou Charles Wright Mills e unha imaxinación xeográfica e cartográfica. O mesmo que as de Massey e a súa concepción relacional do espazo, aberta ao fluxo de heteroxeneidades, multiplicidades e historias simultáneas. Tamén o son as derivadas das cartografías rizomáticas a partir do pensamento de Gilles Deleuze e Felix Guattari, non só no relativo ás correlacións entre territorialización, desterritorialización e reterritorialización. O rizoma-mapa fomenta no básico a suspicacia fronte a toda cartografía da representación e ábrese ao *devir* de acontecementos imprevistos e a unha nova repartición de relacións e procesos[45] cuxa misión tamén sería, como a propia do historiador, «volver enunciable lo no dicho» (Canavera 2012: 34).

Xiremos, para finalizar, do plano xeopolítico ao biopolítico, e por tanto á xestión das vidas e a súa reprodución (tamén en termos socioculturais) no marco dunha sociedade da información/propaganda. Do que se trata —e aquí coincido en certa medida co exame de Gabilondo (2016)— é de pór a falar a subalternidade e unha historia non identitaria

[45] Enric Bou (2012: 49-77) inspirouse por certo nestas propostas, e na oposición entre espazo liso ou nómade e espazo estriado ou sedentario, nas súas observacións sobre a presenza e o simbolismo dos ríos en literaturas como as ibéricas.

(*diferencial*, observa Gabilondo) baixo perspectiva posnacional e fronteiriza para, entre outras cousas, liberarse da orde simbólica do Estado español postimperial (Gabilondo 2013) e á vez impugnar a secundarización crítica de desenvolvementos teóricos como os feministas e *queer*, entre outros. En efecto, a idea de desfacer as semellanzas homoxeneizadoras constitúe unha parte relevante de toda mirada historiográfico-comparada, e afecta ademais, de entrada, ao selo patriarcal, misóxino, clasista e homófobo de case toda historiografía cultural oficializada[46]. Pero a este respecto, máis que interesar a fundamentación no criterio filolóxico-textocentrista das series historiográficas ibéricas (polo cal, por exemplo, unha historia da literatura portuguesa estudaría só produción escrita en lingua portuguesa), o que importaría é —desde logo en termos biopolíticos e sociolóxicos— en que modo producir/consumir comunicación, arte, literatura... significa intervir nun campo social determinado. Todo o anterior en relación obvia co campo económico, co campo do poder político e co campo de produción ideolóxica como condicionantes de formas de vida concretas, distintas, irredutíbeis, pero sempre politicamente determinadas, como os propios corpos. E como condicionantes, así mesmo, da constitución de subxectividades e do que con Jacques Rancière (2000) podemos apelar como a repartición do sensíbel, algo que afecta as relacións entre política e estética.

Nun traballo centrado nas nocións de autoría e lectura, Bourdieu (1997: 101-109) afirmou que ler significa entender o universo literario no cal e contra o cal se conformou a proposta creadora dun autor no «espazo dos posíbeis» proposto obxectivamente polo propio campo naquelas coordenadas. Pois ben, o espazo dos posíbeis debería constituírse nun obxecto principal na descrición emprendida por calquera contribución analítica adscrita aos estudos ibéricos. Tamén para discernir que non existe case nunca homoloxía plena entre as condicións de produción e consumo existentes, por caso, na literatura vasca e na literatura galega. Porque desfacer as semellanzas debería conducir tamén a isto, a entender que a diferenza cultural se suma á diferenza socioeconómica e aos protagonismos tamén diversos das distintas clases sociais en discursos como o identitario. Proxectar o factor biopolítico no debate

[46] De certo, tamén das practicadas na Península Ibérica, como a propósito da historia literaria galega deixou demostrado Helena Miguélez-Carballeira (2013).

actual sobre o perfil dos estudos ibéricos debería conducir a entender como constitutivamente heteroxéneas as sociedades actuais. Por tanto, tamén a precavernos contra toda tentación de narrativa única (tamén cara a dentro). De forma específica no terreo cultural, si, mais con implicacións inmediatas en vertentes como a étnica, a de xénero, a sexual e por suposto a socioeconómica, incluíndo fenómenos de inmigración, emigración e, xa noutra orde, de exilio e de persecución e represión de ideas políticas, con espazo para o modo en que se determina o que pode ser dito e mesmo o que pode ser pensado nun Estado determinado. Con espazo igualmente para considerar en que medida os medios de comunicación social constitúen hoxe un instrumento privilexiado das sociedades de control descritas por Deleuze e da propia economía dos afectos e os desexos. Pasaríase así dunha biopolítica entroncada no pensamento de Foucault sobre as sociedades disciplinarias á noopolítica, tal como a interpreta Maurizio Lazzarato (Castro-Gómez 2009), e por tanto estariamos ante un escenario en que a produción prioritaria deixou de ser a de mercadorías para pasar a ser a dos públicos dirixidos e os mundos en que estes se recoñecen.

3

Para unha análise das transferencias culturais galego-catalás. Os fluxos entre revistas literarias no período de entreguerras (cuestións de método)

Planificar unha investigación sobre un obxecto de estudo complexo significa en primeiro termo facerse preguntas. Con frecuencia, preguntas novas baixo aspiración de pertinencia. Implica de contado, ademais, a cuestión do método, que en realidade mantén un axuste dialéctico continuo coa heurística de partida, porque as preguntas que nos formulamos esixen decisións e operativos metodolóxicos específicos. Asemade, estes poden pór sobre a mesa cuestións e factores se callar non considerados de inicio en relación co obxecto de atención seleccionado, máis difícil de deslindar cantos máis referentes configuren aquela complexidade aludida (a modernidade, as revistas literarias, as transferencias culturais, a tradución, a condición periférica, por exemplo). Talvez por isto mesmo, en particular cando se trata de disciplinas non inscritas plenamente na esfera do empírico, o frecuente é que xurdan dúbidas razoábeis que acaban por reformular o obxecto de análise e que, por veces, alteran os deslindes metodolóxicos e os relativos ás propias disciplinas convocadas no primeiro momento. En xeral, todo o sinalado está sometido ademais, segundo foi suxerido, a condicións variábeis, como mínimo de orde epistemolóxica e sociopolítica. Noutro plano, tamén a axendas académicas.

Fixar como obxecto de análise as revistas literarias (mundiais, europeas, ibéricas...) durante o período de entreguerras e, a partir de aí, centrar a atención nos intercambios e as transferencias culturais que nelas se documentan constitúe un propósito de máximo interese.

Tamén para unha axenda como a dos estudos ibéricos. No entanto, todo é máis complexo do que de entrada poida parecer. A comezar xa pola idea que nos fagamos da aparentemente simple condición de «contemporaneidade», que sería bo contrastar cunha teoría da experiencia histórica. Por exemplo, coa exposta por Reinhart Koselleck á luz do que entendeu como «estratos do tempo» e das conexións entre o vivido por unha comunidade dada e as expectativas históricas previsíbeis, por ela anheladas ou temidas. A pouco que se profunde no asunto indicado detectarase un número de factores crecente que é obrigado atender, describir e interpretar en sentido relacional, pois as interdependencias son numerosas. Entre outras razóns porque aquel tempo histórico, o de entreguerras, acaba configurándose de xeito moi diverso en función das temporalidades relativas en xogo e da experiencia histórica acumulada por cada nación europea durante a Gran Guerra e tras ela (Koselleck [2000] 2001: 135-154). De modo que o que se entende co sintagma «aquel tempo histórico», e coa correlativa superposición de estratos asociada nas diferentes coordenadas xeoculturais europeas, probabelmente sexa menos diáfano e común do que a primeira vista poida parecer. Mesmo nun espazo tan delimitado e tan pouco exposto ao peor daquela conxuntura histórica como a Península Ibérica. Podemos estar seguros de que todo isto dificultará a presentación de resultados sintéticos e á vez minimamente comprometidos coa complexidade do investigado. Neste caso, a propósito das revistas literarias. Mais, en xeral, tamén de calquera outra orde de produtos culturais e ideolóxicos.

Por esta clase de razóns, optarase aquí por unha indagación tentativa no terreo metodolóxico, que só de forma sumaria e como proxección de fondo fixará a atención en algo tamén complexo e insuficientemente investigado até hoxe, sobre todo baixo a esixencia conxunta de sistematicidade e dunha certa aspiración de exhaustividade. En concreto, as relacións históricas, culturais e literarias entre Cataluña e Galiza no período de entreguerras[47], que na práctica vén coincidir co que se coñe-

[47] So perspectiva internacional, o habitual é entender o período de entreguerras como o ciclo de case vinte e un anos que vai da finalización da Primeira Guerra Mundial, en 1918, até o comezo das hostilidades da Segunda, en 1939. Comprendería fenómenos históricos de tanto relevo como a consolidación da revolución soviética, a República de Weimar, o ascenso dos fascismos, a Gran Depresión, a guerra chino-xaponesa iniciada en 1937 ou a guerra civil española. Esta última

ce habitualmente nos estudos literarios galegos como tempo ou época das Irmandades. Máis en particular, o que fixará a nosa atención será o reflexo múltiple e plurívoco daquelas relacións nas revistas culturais e literarias dun momento histórico tan convulso. Tamén tan marcado, de modo inevitábel para quen o contemple, polo seu funesto desenlace.

Igual que nos respectivos ámbitos nacionais, o sector dos estudos literarios que fixou a súa atención na circulación internacional das revistas, ou na incorporación de colaboradores estranxeiros e de textos traducidos, cobrou forma, en orixe, da man da bibliofilia erudita. Aínda que axiña pasaron a ocuparse do asunto igualmente a literatura comparada, a historiografía literaria comparada e a historia cultural. Noutra escala, andado o tempo, tamén a socioloxía dos intelectuais e a historia comparada dos intelectuais.

A consideración xa indicada sobre o interese da análise dos intercambios e transferencias entre as revistas europeas de entreguerras é extensíbel, sen reservas, á decisión de centrarse nas publicacións periódicas inscritas no que se entende por culturas e literaturas minorizadas ou en situación de precariedade ou debilidade institucional. Todo iso por oposición ao que suporía facelo en relación con literaturas hexemónicas do continente. No espazo xeográfico e cronolóxico definido, o anterior asóciase case sempre a literaturas desenvolvidas en nacións sen Estado ou ás vinculadas cos Estados xurdidos da orde internacional consolidada, non por moito tempo, tras a Primeira Guerra Mundial e o Tratado de Versalles. Esa nova orde supuxo, entre outros factores, o colapso e desaparición de varios imperios, a redistribución de territorios colonizados a favor das potencias vencedoras e, xa en 1919, a creación

considérase ás veces —non só pola participación de potencias estranxeiras— un preludio efectivo da Segunda Guerra Mundial. En relación co estudo das revistas culturais galegas e catalás do período, o razoábel sería, por conseguinte, unha redución cronolóxica ao intervalo 1918-1936. Doutra parte, o control de Galiza polos sublevados contra a República culminou na práctica xa en xullo de 1936, mentres que Cataluña caeu no seu poder en febreiro de 1939. A opción indicada deixaría fóra de foco fenómenos como a traxectoria do boletín barcelonés dos escritores galegos antifascistas *Nova Galiza* (activo entre abril de 1937 e xullo de 1938), a más importante revista galega do período bélico. Sufragada pola Generalitat de Catalunya, dirixírona primeiro Daniel R. Castelao e posteriormente Rafael Dieste. Sobre as actividades galeguistas en Barcelona durante os anos 1936-1939 véxase Diaz Fouces (2021).

da Sociedade de Nacións. Favoreceu igualmente a fundación doutras organizacións internacionais, algunhas de carácter cultural, como a Commission Internationale de Coopération Intellectuelle (1922-1946), con sede en París e precedente da UNESCO. Para o que aquí máis nos interesa, implicou en particular a instauración de novos Estados no Báltico, os Balcáns, Centroeuropa e a Europa oriental.

Converxeron entón, tamén por breve tempo e desde estratexias irredutíbeis entre si, dúas liñas de forza. Por unha banda, o principio bolxevique de recoñecemento das minorías nacionais sometidas baixo o imperio tsarista e o consecuente dereito de autodeterminación nacional, que por aplicación directa do pensamento de Lenin plasmou a *Declaración dos dereitos dos pobos de Rusia* a finais de 1917[48]. Por outra banda, a liña preconizada a comezos de 1918 polo presidente Woodrow Wilson ante o Congreso de Estados Unidos no seu discurso-programa *The Fourteen Points*, orientado a ofrecer posibilidades de estabilidade e prosperidade para as nacións europeas —incluídas as pequenas e emerxentes— a fin de garantir a paz mundial[49]. Malia o seu ton xenérico, case sempre inespecífico se se fai excepción de mencións concretas a territorios como Polonia ou Bélxica, o programa de Wilson foi recibido con xúbilo por parte de numerosas comunidades subestatais europeas que até aquela altura non viran recoñecida a súa entidade nacional. Onde o pulo era propicio, algúns wilsonistas europeos engadiron un novo desiderátum, xustamente o da autodeterminación.

Un efecto lóxico do amentado foi o reforzo da visibilidade mutua entre as pequenas nacións sen Estado, factor relevante para o que nos ocupa. O wilsonismo acadou certa repercusión en Cataluña e, en moi menor medida, tamén en Euskadi e en Galiza. Como consecuencia de procesos históricos de natureza diferente, é así mesmo destacábel naquel contexto internacional, o logro da independencia por Irlanda tras a súa guerra de 1919-1921 co Reino Unido.

---

[48] Esa aplicación sería de moi desigual alcance nos vastos territorios outrora sometidos ao imperio tsarista, que chegaban de Finlandia e Moldavia ao estreito de Bering e Manchuria. A primeira tradución ao inglés da *Declaración*, de 1919, pode lerse en https://www.marxists.org/history/ussr/government/1917/11/02.htm.

[49] O discurso é accesíbel na páxina do National Archives Museum de Washington D. C. (https://catalog.archives.gov/id/5752371).

Baixo estes condicionantes, o estudo centrado na circulación e interacción das revistas en espazos culturais non hexemónicos na Europa de entreguerras configura un terreo favorábel para unha superación dos métodos historiográfico-comparados tradicionais, alleos a unha comprensión crítica das relacións internacionais e da historia en xeral. A tendencia dominante no marco de operacións deses métodos consistiu na asignación de atención case exclusiva ás consideradas —por razóns do prestixio atribuído e xestionado, tamén por razóns de simple demografía— «grandes literaturas» do continente. E da súa man, ao factor autorial e ás correlativas «canonicidade» (o requirido para ingresar no canon) e «canonización» (o resultado da selección). Todo baixo a consideración, longamente persistente, de que só desde eses núcleos centrais se dinamizaron os procesos artístico-literarios globais e se logrou innovar o repertorio de formas, xéneros e contidos. A partir de tales premisas, a periferia cultural —noción sometida a profunda revisión desde hai tempo, que, como o propio concepto de «centro», sería prudente relativizar e convocar sempre en plural (Espagne 2013: § 18-19)[50]— tería contribuído con moi pouco: basicamente co substrato dun sabor local nas historias contadas (algo de índole semántico-imaxinaria, por tanto), sobre o que intervirían pautas estruturais, temáticas e discursivas importadas directamente desde as literaturas de referencia, aquelas que de modo supostamente lóxico, mesmo natural, exercían o liderado e a dominación mundiais. Aínda que a hipótese así formulada é bastante recente —Franco Moretti sistematizouna no cambio de século—, parecería que a crítica prevalente a asumira moito antes. Para contribuír ao establecemento dalgunhas referencias claras, pénsese por exemplo no

[50] Algo así se está a facer desde perspectivas disciplinares diversificadas, comezando polos estudos sobre a variación lingüística, con conexións frecuentes coa antropoloxía, a etnografía da comunicación e a sociolingüística. Porén, probabelmente sexa nos estudos sobre o crecemento espacial das cidades (*urban sprawl*) e modelos urbanos (Alain Reynaud, Henri Lefebvre, Manuel Castells, Jean-Samuel Bordreuil, Saskia Sassen, Cynthia Ghorra-Gobin...) e, en particular, nas análises da teoría da dependencia e/ou a perspectiva do sistema-mundo (André Gunder Frank, Aníbal Quijano, Theotônio dos Santos, Fernando Henrique Cardoso, Samir Amin, Immanuel Wallerstein, Giovanni Arrighi...) onde se localizarían operativos conceptuais de máis doada e pertinente aplicación á cuestión da policentralidade cultural.

que supuxeron o naturalismo, o simbolismo ou o surrealismo na súa expansión internacional.

Nos últimos decenios, esta comprensión xerárquica, mecánica e unidireccional dos procesos culturais e das relacións interliterarias viu progresivamente limitada a súa vixencia, o cal non obstou en xeral para o recoñecemento empírico de asimetrías e desequilibrios subordinantes nos fluxos e transferencias interculturais, coas oscilacións comerciais, ou doutras ordes, asociadas. O que non logrou reter aquela forma de entender a república mundial das letras é a súa antiga lexitimidade, reclamada, adxudicada e administrada por longo tempo. Neste sentido, é apreciábel un discreto repregamento dos valedores académicos daquel modo de ver as cousas, quizais máis claro entre comparatistas sensíbeis á diferenza cultural e ás causas e efectos da subalternidade e a dependencia —incluso a pensar desde esa diferenza— que entre os especialistas nas distintas literaturas nacionais e as súas respectivas tradicións crítico-historiográficas.

Trátase por tanto de deixar atrás de forma definitiva o paradigma da influencia para dar paso a un paradigma da transferencia cultural (Jurt 2021: 149-159), de forma tal que as investigacións asociadas «relativitzen les reivindicacions dominadores i es defineixen així com un enfocament crític, i non com una disciplina de legitimació» (Jurt 2021: 158).

A investigación centrada nas revistas literarias

O conxunto de referencias e datos que en perspectiva actual é preciso manexar cando establecemos as revistas literarias como obxecto de análise experimentou un notábel incremento. Dificilmente abarcábel de non se optar por pescudas en que se impliquen grupos de investigación formados por analistas de perfís plurais e complementarios. En especial, de asumirmos que é imprescindíbel observar aquel conxunto de referencias non só mediante análises sectoriais (tipos de colaboradores, liña editorial, deseño gráfico, distribución...), senón tamén á luz das súas múltiples interrelacións. E isto tanto no espazo interno de cada revista como nas coordenadas (non só locais) das outras revistas coas que cada unha concorreu no seu tempo de actividade.

En efecto, á ampliación crecente dos espazos nacionais e lingüísticos considerados engadiuse, por exemplo, a incorporación de prismas

analíticos vinculados con factores étnicos, de xénero, socioculturais, xeoculturais e doutras ordes. Mais o panorama ampliouse en especial, como xa se suxeriu, polo aumento das clases de axentes culturais considerados merecedores de atención crítica. Ao elenco habitual de escritores, intelectuais e publicistas sumáronse ilustradores e artistas plásticos e gráficos en xeral, impresores, editores, distribuidores, tradutores, académicos, antólogos, críticos e tamén gobernos, institucións e diferentes clases de entidades e organizacións. A isto súmase a imparábel dixitalización de fondos hemerográficos que pon a disposición da comunidade científica e lectora publicacións periódicas de moi diverso signo, algunhas de vida efémera e de circulación moi restrinxida, sen apenas conexións internacionais, pero que adoitan conter datos nada desprezábeis contemplados en perspectiva sociocultural comparada.

Consecuencia de todo o anterior é a revisión en profundidade dos operativos tradicionais de aproximación ao obxecto de estudo, con participación non só ineludíbel senón prioritaria dos estudos culturais, os estudos poscoloniais, os estudos feministas, os estudos sobre tradución, a socioloxía da cultura, as humanidades dixitais, con certeza os estudos de medios e os de publicacións periódicas (*Media Studies* e *Periodical Studies*) e unha serie de disciplinas de fundamentación recente, atentas ante todo á faceta textual-visual e físico-material do obxecto que chamamos *revista* (mediante a observación de códigos como os bibliográficos, os tipográficos ou os relativos á cultura visual), mais tamén ao estudo de redes literarias non exclusivamente autoriais (De Marneffe e Denis 2006), á exploración ou minería de datos e á dimensión relacional e interliteraria das publicacións periódicas (historia cruzada, estudos sobre transferencia cultural e outras).

Así as cousas, é obrigado deterse a considerar cal será o mellor modo de estudar e dar conta de algo en aparencia tan accesíbel ao coñecemento histórico-literario como é o feito de que o texto dun determinado autor asociado a unha certa literatura nacional apareza —probabelmente traducido— nunha revista cultural inscrita nas coordenadas propias doutra literatura nacional[51]. O certo é que esa

[51] Sobre a tradución nas revistas literarias do período aquí atendido existen propostas metodolóxicas innovadoras de gran potencial. Entre elas, destacarei a debida a Roig-Sanz, Fólica e Ikoff (2022), que combina análises cualitativas e cuantitativas con incorporación da intelixencia de datos (*big data*), e trata de harmonizar

sería apenas unha parte do que debería ser atendido. Parece que a de máis sinxela resolución, mesmo en mans de estudosos pretensamente alleos —por candor erudito ou por outras motivacións— a toda sorte de *estorbos* teórico-comparados. Porque á marxe do que se acaba de sinalar e da aparente simplicidade do acceso a arquivos e hemerotecas, existe un número amplo de asuntos e de problemas, case sempre de carácter multifactorial, que non poden obviarse, e que, como mostrou Bernat Padró Nieto (2021), constitúen un reto para a literatura comparada e en xeral para os estudos literarios no noso tempo.

A investigación de fundamento empírico-positivo sobre revistas literarias é ineludíbel. Éo aínda que en ocasións parta da constrinxente base de que a tarefa conclúe co achado e o pertinente baleirado ou extracción de contidos de cada número, seguida ou non dunha análise acoutada a tal ou cal factor. En definitiva, o seu cometido sería o de facer explícito aquilo que nalgunha altura apareceu impreso nalgunha revista. Algo que, como aquí xa se indicou, representa só unha parte dos datos susceptíbeis de indagación e coñecemento. Trataríase ademais dunha clase de análise, a de fundamento empírico-positivo, que opera en exclusiva, ou pouco menos, sobre o ostensíbel, o que está á vista, dotando máis unha vez de preeminencia a dimensión autorial-textual sobre calquera outra. Todo o anterior con independencia de que esta clase de actividade se concrete sobre un ámbito nacional específico ou o faga sobre revistas procedentes de espazos culturais e lingüísticos diversos, con suxeición máis ou menos flexíbel aos protocolos metodolóxicos dunha exploración historiográfico-comparatista tradicional.

Centrándonos neste segundo caso, se se activar sinxelamente a clase de decisións heurísticas que se acaba de indicar, existirían certas probabilidades de desatención aos papeis e funcións correspondentes a toda transferencia cultural (Bourdieu [1990] 2002; Espagne 2013; Jurt 2021: 145-165). E ocorrería o mesmo, en xeral, co espazo de intervención específico da mediación intercultural, no cal operan axentes e

perspectivas en principio tan diverxentes como a sociolóxica e a hermenéutica. Véxase tamén, nesa mesma dirección, o volume coordinado por Fólica, Roig-Sanz e Caristia (2020).

intereses esenciais para toda transferencia[52], segundo haberá ocasión de detallar máis adiante. Por outra parte, os mediadores que promoven transferencias culturais poden coincidir ou non cos axentes que toman parte na preparación e lanzamento dunha revista. Sen ir máis lonxe, poden facelo cos propios colaboradores de cada número, aínda que sería redutora e inconveniente unha identificación apriorística de autores e mediadores. Ademais, para todo o que aquí se está a tratar resulta fundamental acudirmos á figura dos que Lewis Coser (1975) catalogou como *gatekeepers*, isto é, axentes ou estamentos que teñen unha capacidade que sen dúbida ultrapasa a da simple mediación, pois o que fan é tomaren decisións de autorización e lexitimación sobre o que circula e ingresa nun ámbito cultural determinado desde outro ámbito alleo. Consecuentemente, tamén sobre o que non circula nin é transferido, ficando á marxe como resultado[53].

Dito doutro xeito, a orientación empírico-positiva suporía un tipo de aproximación centrada en resultados tanxíbeis e non tanto nos procesos e interaccións conducentes a aqueles resultados. Polo mesmo, en formulacións como as sinaladas, é frecuente que permanezan fóra de foco os procesos e os proxectos fanados, de innegábel interese en perspectiva sociolóxico-cultural. Outro tanto acontecería, en fin, aínda que for en menor medida, coas interaccións de signo inequivocamente colectivo. As que privilexian non o xenio ou a dedicación de determinados individuos sobranceiros, senón as redes actuantes no debate literario (Sapiro 2006: 45), cos seus respectivos programas de intervención, atendendo así planos tan inescusábeis como o histórico, o estético-ideolóxico e o político. O primeiro, centrado nas conxunturas históricas e os estratos converxentes, as posibilidades e as expectativas, os desenvolvementos, as traxectorias e os cambios. O segundo, perfilado en especial cara ás afinidades de diverso signo e por tanto tamén cara ás desavinzas e enfrontamentos, tanto dentro como fóra do grupo ou

[52] Noutro tempo preferiuse falar de *intermediarios*. Analizouno con certo detalle Guillén (1985: 69-78) ao estudar «a hora francesa» da literatura comparada e observar o lugar daquela figura na circulación de ideas e poéticas. Entre outros espazos, nas revistas literarias.

[53] Véxase igualmente Marling (2016), Gallego Cuiñas (2019: 65-106 e 2023) e Sorá (2022). Importa destacar que Gallego Cuiñas reinterpreta o *gatekeeping* como un «dispositivo colectivo de mediación» (2023: 233).

rede. En fin, o político, pendente de cuestións de planificación cultural, asimilación estratéxica de programas e compartición de obxectivos, conexións institucionais e nexos coa dimensión nacional/estatal, entre outras.

Algunhas bases teórico-críticas para a renovación: *gatekeeping*, transferencia cultural e redes literarias

O modo en que se estuda as revistas literarias experimentou mudanzas notábeis ao longo dos últimos tres decenios. A isto contribuíu quizais de forma principal, como xa foi dito, a dixitalización de fondos hemerográficos por parte de institucións, organismos e entidades académicas. O acceso a un número ascendente de publicacións periódicas dixitalizadas, aínda que non sempre resolto de maneira óptima, dinamizou alén diso as posibilidades técnicas e as expectativas do que se pode facer, dependendo sempre dunha correcta codificación e da calidade na etiquetaxe de metadatos. Así que aos traballos sobre revistas esíxeselles hoxe máis do que era frecuente até non hai tanto. En todo caso, a dinamización de obxectivos e de metodoloxías non procede só do flanco da dixitalización. Foi tamén unha necesidade intrínseca, polo esgotamento de modelos con menor ambición epistemolóxica.

Todo isto acelerouse de maneira perceptíbel durante os últimos quince anos. E, xustamente, unha das etapas históricas que máis se beneficiou deses avances é a establecida arredor do que a periodoloxía cultural anglófona cataloga, non sempre con cronoloxías exactas nin incontestadas, como *modernism*, un tempo propicio á experimentación vangardista e ao que se deu en denominar *periodical culture*[54]. Podemos fixar a atención, como exemplo do exposto, no ocorrido xustamente

[54] O alcance e puxanza desta cultura, radicada no incremento e na fidelidade do público lector de periódicos e revistas, resultaron decisivos tanto para o caso galego como sobre todo para o catalán durante o período aquí explorado. Segundo puxo de relevo Padró Nieto (2022: 153) con respecto a Cataluña, «[d]esde los primeros esfuerzos de la Renaixença en el siglo XIX hasta el proyecto cívico de los noucentistas durante las dos primeras décadas del siglo XX, pasando por el modernismo finisecular, el ensayismo periódico constituyó uno de los ejes fundamentales de la función socializadora y nacionalizadora que en otros territorios fue vehiculada a través de la novela».

no espazo académico anglosaxón, aínda que se dirá algo tamén sobre outros desenvolvementos.

Desde hai uns vinte anos, en Estados Unidos vénse falando da emerxencia dos *Periodical Studies* como disciplina diferenciada, en cuxo marco a colaboración entre investigadores individuais e laboratorios de humanidades dixitais, xunto coa cooperación interdisciplinar, constituirían condicións ineludíbeis de partida (Latham e Scholes 2006). Estes mesmos autores, como outros anteriormente, fixáronse en particular no feito evidente de que en xeral lemos as revistas de forma bastante diferente á habitual na lectura dun libro. Isto non significa necesariamente que o público lector —nin sequera o colectivo de investigadores— acceda ás revistas activando unha especie de desagregación mecánica dos seus elementos constituíntes, nin que se entendan as revistas como meros colectores dunha serie plural de pezas encaixadas. A idea que se consolidou por riba doutras consideracións é que cada revista posúe unha identidade orgánica que debe ser apreciada e analizada nas súas partes constitutivas, ademais de non confundida coa identidade propia de xornais ou obras literarias[55].

Latham e Scholes revisaron e sistematizaron na seu concisa proposta un conxunto de lugares comúns sobre os *Periodical Studies*, á vez que presentaron un conxunto ordenado de boas prácticas de dixitalización e edición e describiron algúns debates teórico-críticos previos. Fixaron mesmo posición a propósito dalgún destes últimos. Por exemplo, sobre a diferenciación, que xulgaron inoperativa, entre revistas de gran circulación e as catalogadas como *pequenas revistas*, case sempre establecida, en relación con estas últimas, a partir dunha tiraxe curta de exemplares, unha difusión tamén de escala menor e un carácter efémero ou irregular. Latham e Scholes estableceron así mesmo criterio sobre a proveitosa inclusión dos estudos sobre publicacións periódicas nas investigacións centradas na cultura impresa. Inclusive sobre a necesidade

[55] Entender con precisión o que se indica é fundamental, por outra banda, para calibrar e corrixir a ancilaridade que o estudo das revistas poida conservar en relación co perímetro de estudos dominado pola cultura libresca e coas investigacións específicas sobre o campo xornalístico (Patiño 2009: 149-149). E igualmente cos operativos habituais na literatura comparada, tendentes en xeral a marxinar a investigación sobre revistas como documentos de valor non moito máis que preliminar, preparatorio, casual ou anecdótico (Padró Nieto 2021: 255-270).

de non desatender a publicidade como obxecto específico de exame nesas mesmas coordenadas. E sobre algo máis, de novo de innegábel alcance: a conveniencia de percibir con claridade as relacións de complicidade e, non menos, as de competitividade entre uns e outros medios.

Malia o defendido por Latham e Scholes, en determinadas culturas e en específicos espazos académicos seguen sendo de circulación frecuente etiquetas como *petites revues* ou *little magazines*, habilitadas definitivamente por Hoffman, Allan e Ulrich (1947) ao redor de chaves como marxinalidade cultural, innovación, ausencia de vontade comercial e, sobre todo, procura dun público lector reducido, intelixente e cómplice. O rótulo fora anticipado por Remy de Gourmont en 1900, ao compilar e prologar *Les Petites revues*, un repertorio hemerográfico de publicacións periódicas simbolistas. Tres decenios despois reforzaríao Ezra Pound (1930) nun ensaio de ton máis crítico e descritivo que teórico. Para Pound, a *small magazine* só tería sentido como desenvolvemento dun programa asumido e explícito, case ao modo dun manifesto:

> I have, personally, a very strong belief in the clear announcement of a program—any program. A review that can't announce a program probably doesn't know what it thinks or where it is going […] I doubt if an effective program can contain more than three ideas. (Pound 1930: 702-703)

Trátase, de todos os xeitos, de etiquetas aínda hoxe obxecto de controversia (Stead 2020, Frank e Podewski 2022), cuxo rendemento e utilidade parecen limitados se a alusión é a mercados literarios carentes das dimensións e tiraxes propias do anglófono ou o francófono[56].

[56] Stead anotou que, incluso en culturas académicas co potencial da alemá, o rótulo «*kleine Zeitschrift*» alcanzou proxección irregular e non mantén vixencia (Stead 2020: 13-14). No ámbito das publicacións en español, o uso da etiqueta «pequena revista», se comparecer, adoita proceder de investigadores que traballan sobre tradicións literarias anglófonas. É o caso de Richard Price (2009), por exemplo. Gustav Frank e Madleen Podewski, cuxa proposta de análise incide de forma prioritaria nas clases de coñecemento e de arquivo achegadas polas revistas, engaden datos de interese sobre a cuestión das denominacións en uso en diversas linguas e culturas literarias: «Language and its impact on terminology are crucial here: Norwegian and German, for instance, have particular words for newspapers and nonnewspaper periodicals: '*avis*' and '*tidsskrift*,' '*Zeitung*' and '*Zeitschrift*.' English and French, for

A publicación de referencia no espazo académico anglosaxón segue a ser a debida á dirección de Peter Brooker e Andrew Thacker (2009-2013), receptivos por certo ás propostas de Pound á hora de interpretaren os usos e funcións das revistas literarias na etapa histórico-cultural analizada. Pero a influencia máis destacada que asimila o seu modelo de análise é a de Raymond Williams. No fundamental, a través de conceptos como o de «formacións culturais»[57], vinculado co de «estruturas de sentimento» (Williams 1977: 115-135), próximo este último ao que Pierre Bourdieu entendeu por *habitus*, o cal presupón atender a súa dobre dimensión como estrutura estruturada e estrutura estruturante[58]. Outra conexión de interese das *structures of feeling* do teórico galés é a establecida con algúns desenvolvementos do xiro afectivo nas ciencias sociais.

Para Williams o relevante é a exploración empírica e histórica das conexións da conciencia intersubxectiva nos seus procesos experienciais colectivos, mediados polos entrecruzamentos e a dialéctica entre o dominante, o residual e o emerxente.[59] Trataríase de procesos dinámicos e heteroxéneos por definición. A miúdo máis perceptíbeis nas tendencias

---

example, lack a specific word for the nonnewspaper periodical. The French use '*le magazine*' and '*la revue*,' the English both 'magazine' and 'review' but also 'journal.' Scholars in periodical studies close this language gap and use the term 'periodical' as a hyponym for all nonnewspaper periodicals» (Frank e Podewski 2022: 30).

[57] As formacións culturais serían «those effective movements and tendencies, in intellectual and artistic life, which have significant and sometimes decisive influence on the active development of a culture, and which have a variable and often oblique relation to formal institutions» (Williams 1977: 117).

[58] «Les conditionnements associés à une classe particulière de conditions d'existence produisent des habitus, systèmes de dispositions durables et transposables, structures structurées prédisposées à fonctionner comme structures structurantes, c'est-à-dire en tant que principes générateurs et organisateurs de pratiques et de représentations qui peuvent être objectivement adaptées à leur but sans supposer la visée consciente de fins et la maîtrise expresse des opérations nécessaires pour les atteindre, objectivement "réglées" et "régulières" sans être en rien le produit de l'obéissance à des règles, et, étant tout cela, collectivement orchestrées sans être le produit de l'action organisatrice d'un chef d'orchestre» (Bourdieu 1980: 88).

[59] Semella claro, por certo, que a socioloxía cultural e os contributos sociocríticos de Xoán González-Millán incorporaron estas e outras propostas heurísticas desenvolvidas por Williams.

da produción artístico-literaria que noutra clase de discursos públicos ou na intervención institucional.

Algo así deixa ver, por exemplo, a súa análise do círculo de Bloomsbury como «fracción» da clase alta inglesa (Williams 1980: 148-169), útil para entender o funcionamento solidario e os efectos socio-políticos de grupos artístico-literarios unidos por un proxecto cultural e por sólidos vínculos afectivos. En definitiva, de grupos con capacidade para promoveren iniciativas —as revistas literarias, por caso— conectadas co rumbo de determinadas tendencias sociais. Como partícipes nunha formación cultural, os integrantes do círculo de Bloomsbury, entre eles, Virginia Woolf, E. M. Forster, John Maynard Keynes, Vanessa Bell ou Lytton Strachey, reaccionaron individual e colectivamente con convicción contra os valores e prácticas da súa clase social de procedencia, o cal formou ademais parte constitutiva da súa autoimaxe; aínda que —recalca Williams— nunca chegaron a facelo sen desconectar por completo das marcas socioculturais de orixe nin da clase á que pertencían.

Das propostas xerais de Brooker e Thacker algunhas son de aplicación directa ao caso que centra a nosa atención. Unha das ideas chave consiste en entender que as revistas funcionan como nodos de referencia diferenciados, ás veces con fluídas conexións internacionais, que non exclúen o debate nin a coexistencia de posicións internas heteroxéneas (Brooker e Thacker 2009: 2). A proposta consecuente non é outra que a de explorar en perspectiva microsociolóxica os modos en que pequenos grupos de artistas e escritores, constituídos como formacións culturais e movidos polo afán de innovar, foron capaces de dotar de cohesión comunidades de lectura ao redor da publicación de revistas que chegaron a funcionar como auténticos puntos de encontro (Brooker e Thacker 2009: 9)[60]. É interesante a precisión de que ese programa de agrupación, sempre nas coordenadas propias do *modernism*, proxectou en simultaneidade a aposta aglutinadora en dous sentidos: cara ao interior da

[60] Como toda formación cultural, eses núcleos poden manter diversos vínculos cos outros dous aspectos de todo proceso cultural, as tradicións e as institucións (Williams 1977: 115-120). Os tres serían ineludíbeis —sostén Williams— para fundamentaren unha análise cultural da hexemonía, que non se delimita como simple nivel superior articulado da ideoloxía nin se dispón sinxelamente como control exercido mediante técnicas de manipulación ou adoutrinamento (Williams 1977: 110).

propia formación cultural e das súas propias revistas —modelando o núcleo dos lectores habituais e activando unha especie de *capital relacional*[61]— e sobre a esfera das relacións externas que cada revista estableceu e sostivo no tempo. Estas relacións externas comprenderían non só o espazo sociocultural inmediato a cada proxecto, co moi variábel grao de autonomía política correspondente, senón tamén, de forma máis específica, as interaccións establecidas con outras formacións culturais, outras organizacións e outros proxectos concorrentes (Brooker e Thacker 2009: 18).

Baixo este foco, revelaríanse controvertidos os modelos analíticos non relacionais. É dicir, aqueles que ao estudaren unha revista se concentran en exclusiva nos seus contidos e disposición interior, se acaso nas súas dinámicas internas ao longo do tempo, cos fluxos de entradas e saídas de colaboradores, mais sen entraren a considerar outros proxectos concorrentes nin as dinámicas externas orixinadas en relación con eles[62].

---

[61] A este respecto, Padró Nieto (2021: 249-250), como tamén o fixera Canelo (2018), sinalou a aplicabilidade da noción de *imagined community* —debida a Benedict Anderson (1987) e orientada á comprensión da idea de nación e dos movementos nacionalistas— para entender algo semellante ao que aquí se acaba de referir como «comunidades de lectura». Isto é, o público máis ou menos adepto e á vez proactivo que acompaña, polo menos nalgún treito temporal, a traxectoria dunha revista. Neste plano propuxo varias chaves de relevancia, entre as cales destacaría agora a seguinte para o que aquí se está a analizar: «la capacitat de la premsa de constituir comunitats imaginades no implicava que aquestes fossin excloents, sinó més aviat al contrari. La coexistència de sistemes de revistes d'orientació diversa permetia, atès que articulaven comunitats d'interessos compartits, que un individu participés alhora en més d'una» (Padró Nieto 2021: 250). Malia Padró Nieto prestar particular atención a esa marca da non exclusividade do seguimento lector (individual ou comunitario) nunha perspectiva comparatista, para así evidenciar que unha comunidade de lectura pode prestar atención simultánea a medios nacionais e a medios transnacionais, parece innegábel que a súa proposta mantén validez plena se a aplicarmos a un espazo estritamente nacional. Pois non hai dúbida de que nesta clase de espazos haberá sempre lectores e comunidades de lectores —culturas políticas tamén— máis ou menos (in)tolerantes, máis ou menos sectarios se se preferir, respecto de alternativas socioculturais, estéticas e ideolóxicas diverxentes das posicións propias e do que podería representar «o seu» xornal ou revista de referencia.

[62] Outro tanto cabería indicar sobre os modelos que optan pola sucesión ou xustaposición de estudos parciais e privativos sobre cada unha das revistas máis representativas dunha determinada etapa histórica. Ao estilo do resolto, por exemplo,

Do que se trata en definitiva, en relación co que se acaba de expor, é de dar resposta coherente a unha serie de cuestións de orde heurística. Entre elas, as tres seguintes: que é unha revista literaria/cultural e que capacidade axencial se lle pode atribuír?; que é exactamente o que se pretende chegar a saber e dar a coñecer ao estudar unha revista deste tipo?; que posibilidades hai de caracterizala sen considerar factores externos á súa propia entidade como publicación e como obxecto cultural?

Complementariamente, debe considerarse que cando se fala das relacións e das interaccións de cada revista —en particular, do seu proxecto ou programa— se alude tanto aos escenarios estritos da cultura nacional como a escenarios máis amplos, de carácter internacional, nos que tamén concorre e nos que orixinará nexos de diversa índole. Para alén diso, tanto en espazos nacionais como en espazos internacionais, aquelas relacións e interaccións son susceptíbeis de repercutir en escalas moi variadas. En ocasións farano de modo socialmente moi delimitado, mesmo individualizado, dependendo entre outros factores das competencias lingüísticas e dos intereses particulares de cada lector ou de cada pequeno grupo de lectores. Outras veces, dependendo das conxunturas históricas, poden chegar a se perfilar como efectivos referentes políticos e estético-ideolóxicos, mesmo para unha ampliación do «espazo de posibilidades» (ou *de posíbeis*) nacional, no sentido dado a esta expresión por Bourdieu ([1992] 1998: 384-392)[63].

Parece innegábel a transcendencia e potenciación de chaves como as anteriores cando se pensa en procesos históricos de *nation-building*. Regresaremos ao asunto máis adiante, pero, a fin de dotalo de perfís máis concretos, cabería considerar o que, para a etapa histórica que

nos tres volumes coordinados por Ramos Ortega (2005) sobre as revistas españolas do período 1919-1975, obra de innegábel proveito historiográfico-literario, por outra banda.

[63] «Cet espace des possibles s'impose à tous ceux qui ont intériorisé la logique et la nécessité du champ comme une sorte de *transcendantal historique,* un système de catégories (sociales) de perception et d'appréciation, de conditions sociales de possibilité et de légitimité qui, comme les concepts de genres, d'écoles, de manières, de formes, définissent et délimitent l'univers du pensable et de l'impensable, c'est-à-dire à la fois l'univers fini des potentialités susceptibles d'être pensées et réalisées au moment considéré – liberté – et le système des contraintes à l'intérieur desquelles se détermine ce qui est à faire et à penser – nécessité» (Bourdieu [1992] 1998: 387).

aquí se trata, supuxeron por exemplo Francia para Cataluña[64] e Irlanda para Galiza. Os *espaces des possibles* da cultura francesa ou da cultura irlandesa como referentes anhelados, como modelos xenéricos de emancipación ou como simples e ocasionais mostradores en que localizar determinados patróns de mimetización na procura de efectos político-culturais tamén semellantes. E cabe pensar así mesmo en Portugal, foco simultáneo nalgunhas fases, aínda que por diferentes razóns, para Cataluña e para Galiza.

Ao fío do que se acaba de indicar, un aspecto relevante cando o debate se centra nas revistas literarias é a relación entre formacións culturais e grupos literarios, artísticos ou intelectuais, entendidos estes como sectores ou axentes daquelas. Ao estudar a fracción Bloomsbury, ou núcleos como o de William Godwin a finais do século XVIII, Williams recoñecía que a cuestión específica dos grupos culturais, sendo ineludíbel, resulta en xeral *incómoda*, tanto para a investigación histórica como para a sociolóxica (1980: 148). A cuestión de fondo residiría na escala. Ou, en termos máis claros, na confusión que adoita orixinar a integración do singular na análise sociolóxica.

Motivos de índole semellante poderían estar detrás da vixente e progresiva substitución da referencia aos grupos promotores de publicacións periódicas pola correspondente ás redes de axentes individuais, colectivos ou institucionais involucrados no seu lanzamento, conexións e pervivencia[65]. Sen abandono desta perspectiva, cómpre seguirmos prestando atención ao volume coordinado por De Marneffe e Denis (2006) en torno ás redes literarias. Localízase nel unha moi oportuna contribución crítica de Anna Boschetti sobre unha comprensión relativamente frecuente das redes literarias —e en concreto das revistas culturais— neglixente ou abstraída a respecto da distribución das distintas formas de capital en xogo, das relacións de forza presentes en cada caso

[64] Quede claro que a referencia a Cataluña en ocasións como esta é extensiva ao conxunto de territorios de cultura catalá.

[65] Véxase respecto diso, en calquera caso, a recente proposta da revista *COnTEXTES* ao redor da «función-grupo», noción elaborada sobre a foucaultiana, ben coñecida, de «función-autor» (Bridet e Giavarini 2021). Interesaría en particular o desenvolvemento sobre os denominados *efectos de grupo*, debido a Anna Boschetti (2021).

e, en definitiva, da concorrencia estrutural de cada campo e as tensións asociadas (Boschetti 2006: 68)[66].

Nada disto pode perderse de vista cando se fale de transferencias culturais entre revistas de sistemas ou campos literarios nacionais diferentes, pois a posición de cada axente e cada toma de posición (as publicacións, entre elas) son determinantes para a comprensión da específica concorrencia estrutural de cada campo; de modo que o significado, valor, interese, uso… de cada produto obxecto de transferencia en realidade non se transfire con el, senón que se lle readxudica no sistema importador.

Poida que o anterior sexa máis doado de entender de aceptarmos, na liña postulada polos xa citados Frank e Podewski (2022), que as revistas producen e activan modos específicos de coñecemento, diferenciados dos habilitados polos periódicos e tamén dos propios da cultura do libro. Tal coñecemento, e a divulgación e a intervención potencialmente consecutivas, vincularíanse con procedementos para a negociación de determinadas situacións culturais —inclusive, nun sentido amplo, de certos «estados de emerxencia» político-culturais. Por esta razón, as publicacións periódicas funcionan de feito como «little archives» do seu tempo e lugar (Frank e Podewski 2022: 40). Isto explica que acabe sendo tan incerta a transferencia de pezas dese arquivo a outra realidade cultural e/ou temporal. E aínda máis, obviamente, a transferencia da función-arquivo (de tal ou cal revista) como totalidade correspondente a unha conxuntura dada.

Para o estudo das revistas literarias, a influencia do pensamento de Williams foi axiña decisiva en América Latina. Quizais de maneira

[66] Habería que vincular estas prevencións de Boschetti coas reservas expostas no mesmo volume e en sentido análogo por Gisèle Sapiro, para quen, a pesar da súa confluencia nun enfoque relacional do feito literario, daríase unha incompatibilidade de fondo entre a teoría de redes e a teoría de campos desenvolvida por Bourdieu e a súa escola (2006: 46). En calquera caso, a propia Sapiro formula unha serie de oito «principes méthodologiques» para un posíbel aproveitamento adaptado da análise de redes, compatíbel cunha socioloxía do campo literario atenta á dimensión institucional da literatura (2006: 53-57). A este respecto, propón que as revistas literarias constituirían unha modalidade entre outras (círculos literarios, salóns, grupos de vangarda…) das que denomina «redes semiinstitucionalizadas» (54).

particularmente destacada no ámbito académico arxentino (Patiño 2009, V. Delgado 2014), onde este marco de atención se cultivou con profusión e activou vigorosos impulsos para a innovación metodolóxica, abrindo algunhas liñas de investigación aplicábeis ao que aquí nos ocupa. Por exemplo, no relativo ás relacións entre revistas brasileiras e revistas da América hispana, aínda que non só. A influencia de Williams, e en xeral da escola de Birmingham, sen a cal custaría entender a traxectoria dun medio como *Punto de vista*, converxería en pouco tempo coa asimilación de propostas desenvolvidas por Bourdieu e por outros membros da súa escola. Son de grande interese, e de novo de aplicación xeral ao que aquí se está a estudar, as once chaves que Verónica Delgado (2014: 20-24) propuxo para integrar o estudo das revistas como dimensión crucial da historia dunha cultura.

Secasí, neste punto hai que destacar —sempre pensando nun aproveitamento directo para os obxectivos actuais— un par de achegas ben significativas de Beatriz Sarlo (1992) e de Mabel Moraña (2003). A correspondente a Sarlo interesa nun dobre sentido. En primeiro lugar, pola súa comprensión da «sintaxe da forma revista» (1992: 10), próxima ao que, por mediados dos anos 80 e en expresión máis clarificadora, Roger Laufer denominara «enunciación tipográfica» da revista. En suma: a distribución de contidos na páxina, observando a orde interna e relativa dos artigos, así como a forma de os titular, xunto con aspectos tipográficos e visuais de cada contribución en contraste discursivo permanente co conxunto.

A sintaxe da revista é lida por Sarlo como chave informativa insubstituíbel da problemática que definiu o presente da aparición pública de cada número, «de un modo en que jamás podrían hacerlo sus textos considerados individualmente» (10); pero, ademais, esa mesma sintaxe evidenciaría o xeito en que cada número de revista considerou a súa forma de intervención en cada conxuntura cultural ou política (11). Por iso pode afirmar Sarlo que «el tipo de letra y el lugar en las páginas de una revista pertenecieron a un conjunto de decisiones tomadas que, básicamente, son la revista misma» (10). En segundo lugar, Sarlo defende que lanzar unha revista é ante todo unha forma de intervención cultural, un modo de facer política cultural cuxo suxeito é o equipo de dirección e cuxas coordenadas de actuación son o máis estrito presente, o momento. Parece relevante esta consideración porque o máis

habitual na aproximación crítica ao estudo das revistas é unha lectura baixo pautas histórico-literarias dos procesos e desenvolvementos da traxectoria en cuestión, abstraéndose adoito tal lectura desa ancoraxe axencial de cada entrega coa súa precisa hora histórica e contribuíndo así, en certa maneira, por expresalo en terminoloxía bourdieusiana, a unha *deshistorización* («déshistoricisation») das posicións e tomas de posición (Bourdieu 1997: 101-109).

Análoga aplicabilidade localizarase nas reflexións de Moraña, diríase que inspiradas por unha lectura adaptada das propostas de Williams arriba esquematizadas. Onde o teórico galés se refería ás formacións culturais e á súa capacidade para detectaren e mesmo abandeiraren tendencias socioculturais, a profesora uruguaia incidiu na mediación letrada que desde as revistas culturais latinoamericanas foi tradicional desempeñar, en termos decididamente performativos, para contribuír ao deseño de culturas tanto nacionais como transnacionais e á concreción de novas formas de subxectividade colectiva, acompañadas estas, nos sucesivos números das revistas, pola representación dos novos suxeitos sociais emerxentes. De forma complementaria, tamén pola produción de novos públicos (Moraña 2003: 67). Outra consideración pertinente alude ás conexións entre revistas, aparello institucional, hexemonía e tradición, tratada así mesmo por Williams, que Moraña sintetiza postulando que a mediación letrada asumida polas revistas está «directamente inmersa en la totalidad de la institucionalidad social», intervén na reciclaxe da tradición e rearticula o arquivo da cultura burguesa (68). Nada do anterior carece de importancia á hora de pensar sobre os vínculos galego-cataláns nas revistas literarias da etapa histórica de referencia.

A análise da mediación cultural e dos seus axentes en asociación co estudo das transferencias culturais demostrou capacidade para se converter nun dos eixos potencialmente reactivadores da investigación sobre revistas culturais (Padró Nieto 2019a, Rosell Nicolás 2019). Nun plano que non coincide de modo exacto co que aquí nos ocupa, aínda que tampouco estea tan afastado, Roig-Sanz e Subirana (2021: 3-23) propuxeron a activación de metodoloxías máis dialóxicas que sincréticas orientadas á identificación e ao seguimento daqueles mediadores que, nos espazos propios das redes interculturais e dos organismos e institucións internacionais, se converten en axentes fundamentais dos procesos de transferencia cultural. Mediante esas vías indagatorias concretaríase

unha especie de mapeo da sociabilidade intelectual[67] —incluídas as prácticas asociábeis co fenómeno xa amentado do *gatekeeping*[68]—, que pola súa propia natureza adoita ensancharse internacionalmente. Trátase de axentes, por outra banda, case nunca unívocos nin limitados a desempeños e funcións únicos, algo que cando se estuda a mediación cultural en revistas literarias salta de contado á vista. Roig-Sanz e Subirana consideraron imprescindíbel para os obxectivos trazados unha colaboración fluída entre a historia cultural, a historia global, a micro-

[67] As conexións da sociabilidade literaria coa análise de redes e cunha socioloxía dos sistemas culturais en proceso de emerxencia foi examinada e avaliada por Cristina Martínez Tejero (2014: 41-72). A atención á sociabilidade intelectual ou literaria, e ao analizado como «capital relacional», desenvolveuse nos últimos trinta anos, sobre todo na área dos estudos literarios de expresión francófona (Francia, Quebec e Bélxica, en especial), por parte de investigadores como Alain Viala, Pierre Rajotte ou Benoît Denis. Xa a finais dos anos 70 alcanzaran impacto en Francia as investigacións sobre a sociabilidade burguesa durante o século XIX debidas a Maurice Agulhon, quen prestou atención ás sociedades eruditas, aos cafés e en particular aos gabinetes de lectura, básicos para a difusión da prensa periódica nos círculos ou clubs burgueses.

[68] Un bo exemplo é o ofrecido por Sorá (2022) a propósito de Peter Weidhaas, quen dirixiu a Feira de Frankfurt entre os anos 1975 e 2000 e contribuíu notoriamente a abrir as portas do mercado editorial alemán ás literaturas latinoamericanas, razón que conduce a Sorá a clasificalo e estudalo como «*gatekeeper* de *gatekeepers*». Non fica lonxe desta clase de perspectiva a concretada por Antón Figueroa (1996) en relación con Philéas Lebesgue, mediador en quen podemos ver un modesto *gatekeeper* que, desde *Revue de l'Époque*, *L'Esprit Français* e sobre todo *Mercure de France*, deu a coñecer diversas culturas periféricas europeas desde os últimos anos do século XIX. Entre elas, a galega, xunto coa bretoa, a picarda, a provenzal, a portuguesa, a galesa, a serbia ou a grega. Algúns escritores, antólogos e críticos destas literaturas estableceron contacto con Lebesgue confiándolle unha sorte de consulado cultural capacitado para os pór en valor, a eles e ás súas culturas respectivas, perante o público lector francés e, na práctica, perante o europeo. Todo malia o limitado recoñecemento do crítico e divulgador francés no seu propio país. Figueroa analizou as actitudes e a correspondencia con Lebesgue de autores como Vicente Risco —informante destacado sobre todos os demais en relación coa obra propia e co conxunto da produción literaria galega, polo que en alta medida el mesmo se constitúe en *gatekeeper* e copartícipe necesario das funcións asumidas por Lebesgue (Figueroa 1996: 54-57)—, Francisca Herrera Garrido ou, noutra escala, tamén Antonio Noriega Varela, Luís Amado Carballo, Xosé Núñez Búa, Leandro Carré Alvarellos e outros.

historia, os estudos literarios, a tradutoloxía, a socioloxía, as relacións internacionais e os propios estudos sobre transferencia cultural.

Emerxencia e pulo dos *Periodical Studies*

Interesa recuperar neste punto un fío ao que non se deu continuidade en páxinas anteriores. En concreto, o da incidencia da socioloxía do campo cultural, coas teorizacións de Bourdieu e os seus seguidores, sobre o estudo das revistas culturais. Consideraremos en primeira instancia unha referencia ineludíbel que conserva plena utilidade nos seus operativos e análises: a da monografía de Anna Boschetti *Sartre et «Les Temps Modernes»* (1985), en especial a súa segunda parte, centrada no campo das revistas político-culturais francesas na época do existencialismo.

Hai que entender que a proposta de Boschetti vai moito máis alá do que declara o título do seu libro, pois ao interpretar que Sartre constitúe un produto perfecto e absolutamente representativo do modo en que se desenvolve unha cultura tan centralizada como a francesa, estudalo a el —estudar o seu caso como intelectual total e a súa traxectoria en termos de campo— implicaría en boa medida estudar en conxunto o campo intelectual francés e as súas relacións na conxuntura histórica analizada (1945-1953, en particular). Facelo con *Les Temps Modernes* e a súa posición no campo das revistas culturais francesas contemporáneas supón en paralelo un acceso fiábel para a comprensión cabal da totalidade do campo. Destacarei a seguir só algunhas das propostas da autora, como en casos anteriores considerando a súa aplicabilidade inmediata ao noso obxecto fundamental de atención.

En primeiro lugar, aparece a necesidade de describir o espazo de posicións significativas das revistas principais no seu campo específico e o propio recoñecemento da existencia dun campo das revistas culturais (coa súa autonomía relativa, a súa lóxica propia, o seu capital en xogo, os seus procedementos de lexitimación…). É basicamente o que Boschetti (1985: 190-195) estuda como *relacións estruturadas* do campo das revistas: o modo en que unhas informan sobre outras, polemizan ou mesmo se atacan entre si, comparten colaboradores, fixan posicións respecto ao debate político e as militancias e, en definitiva, configuran unha xerarquía interna no campo común compartido, cuxa hexemonía no caso estudado corresponde de maneira inequívoca a *Les Temps Modernes*.

Un segundo aspecto é o referido a algo xa comentado nestas páxinas: a radical correspondencia de cada número de revista co seu presente histórico, coa actualidade do seu momento e coa axenda de problemas priorizados, algo que de modo evidente pasa pola construción dunha mirada, unha percepción e unha cohesión de grupo (195-199), vehiculada no caso de *Les Temps Modernes* dun modo paradoxal, só explicábel desde a súa posición de privilexio: é o que a autora describe como «un *engagement libre*» (221, cursivas no orixinal).

En terceiro termo, Boschetti fíxase nas estratexias, orientadas pola relación entre as diferentes formas de capital acumulado polo grupo, o seu *ethos* colectivo, o *habitus* incorporado e o espazo de posíbeis que lle abre o propio campo. Sobre este plano formula a seguinte hipótese, que semella incontrovertíbel: a afinidade obxectiva de *habitus* entre os axentes é, na práctica, o principio fundamental que organiza a creación de grupos (199).

En 2009 produciuse un punto de inflexión para a investigación sobre revistas culturais europeas co lanzamento da European Society for Periodical Research (ESPRit), promotora desde 2016 do *Journal of European Periodical Studies* (*JEPS*). Mais desde varios anos antes agromaba xa unha eclosión de estudos en Francia, entre os cales cobran especial sentido, vistos en perspectiva, os debidos a Évanghélia Stead, directora desde 2004 do seminario interuniversitario *Texte et Image* na École Normale Supérieure de París. Da súa autoría mencionouse xa nestas páxinas un artigo sobre o lugar das pequenas revistas culturais fronte ás de maior tiraxe e continuidade[69]. Naquela altura, déronse pasos nunha dirección análoga tamén en Estados Unidos. Penn State University Press, por exemplo, lanzou en 2010 o semestral *Journal of Modern Periodical Studies*.

A Stead e Védrine (2020) débese unha proposta de ordenación sobre as que, no seu criterio, serían as tres grandes orientacións actuais dos *Periodical Studies*[70]. Comprendería, en primeiro termo, o «modelo

[69] Stead foi editora ademais da segunda entrega do *JEPS* (2016), un monográfico intitulado precisamente «Reconsidering 'Little' versus 'Big' Periodicals».

[70] En francés, tras a mención por Remy de Gourmont dunha «*science des revues*», veuse asentando en tempo recente a denominación *Études Périodiques*, sen correlatos decididos noutras linguas neolatinas, aínda que en espazos académicos

interpretativo histórico», representado por Michel Décaudin e o seu libro de 1960 *La Crise des valeurs symbolistes*, atento á evolución da poesía francesa do período 1895-1914 a través dunha serie de revistas e xornais, aínda que crítico coas análises descritivas monográficas e atomistas vixentes durante boa parte do século XX. En segundo lugar, o «modelo sociolóxico», inspirado pola teorización de Bourdieu e representado entre outros por Danièle Bussy Genevois —coordinadora en 2001, por exemplo, do volume *Le Projet national de Blanco y Negro (1891-1917)*— e por Brooker e Thacker, de quen se anotaron xa aquí algunhas características. E, por último, o modelo postulado polas propias Stead e Védrine, sen una etiqueta identificadora específica, aínda que descrito como «intersemiótico» (pola propia natureza híbrida das revistas) e pendente en primeiro plano da identidade material, conceptual, visual e tipográfica das revistas como obxectos, e, por tanto, da conxugación dos códigos que na súa análise da condición textual Jerome McGann denominou *lingüístico* e *bibliográfico*.

As autoras destacan ademais o feito de situaren a súa proposta metodolóxica nunha escala europea, co que a perspectiva comparatista se sumaría ás propias da medioloxía, dos estudos sobre transferencia cultural, da análise de redes, da xenoloxía[71], das humanidades dixitais e das historias da literatura, a arte e a prensa (Stead e Védrine 2020: 10).

Por outra banda, na súa comparación de métodos cos dous modelos anteriores, Stead e Védrine distáncianse das investigacións de marca evolucionista ou historicista e promoven o estudo en detalle dos abundantes estratos e tendencias coexistentes en «une synchronie vivace» (12), pautada sempre polo selo performativo de cada revista e por dinámicas relacionais. En termos metodolóxicos, o anterior é indicio claro da asimilación de premisas e operativos próximos ao pensamento de Bourdieu e os seus continuadores, manifesto por exemplo na pre-

como o arxentino parece establecerse a designación «estudios sobre publicaciones periódicas» (Delgado e Rogers 2021), preferíbel sen dúbida ao calco do rótulo en inglés. Kalantzis (2020) destacou a súa natureza epistemolóxica como a dun lugar de encontro interdisciplinar que debe dar conta simultánea da revista como obxecto cultural e como obxecto mediático baixo óptica comparatista.

[71] É incuestionábel a incidencia das revistas no xurdimento ou renovación de determinados xéneros literarios polo menos desde o século XIX.

ferencia por atenderen os produtos culturais como producións e por observaren as prácticas antes que as obras.

En función do até aquí sinalado, cabe asegurar que nos últimos quince anos se consolidou a idea de que estamos perante un espazo académico emerxente, unha nova e prometedora área de especialización, autónoma e dotada de entidade propia —tanto como o seu específico obxecto de estudo (Collier 2015, Frank e Podewski 2022)— malia os estreitos vínculos que mantén e promove cunha serie nada reducida de disciplinas converxentes. Esa mesma especificidade académica converte en ineludíbel o debate heurístico e metodolóxico correspondente, que aparece en primeiro plano alí onde a nova disciplina trata de facerse cun lugar propio, e que esvaece, ou directamente non comparece, onde o interese polo estudo das revistas obedece a outros impulsos e lóxicas. Sexa como for, abstraerse da cuestión do método adoita implicar, tamén neste terreo, unha opción por modelos descritivos declinantes, menos ambiciosos do que corresponde á importancia efectiva do obxecto de estudo.

Doutra parte, parece fóra de dúbida que concentrar a atención nas revistas culturais e literarias de espazos máis amplos que o nacional —como aquí se fai— introduce novos problemas e novas preguntas. Esa ampliación de coordenadas pode obstruír ou retardar a necesaria renovación metodolóxica no tipo de investigación pola que os estudos sobre publicacións periódicas veñen apostando nos últimos tempos. En ocasións ocorre que se propician mecanismos metodolóxicos inerciais de certo comparatismo caduco, que non se pode negar que funcionen adecuadamente nalgúns planos —sobre todo no descritivo—, pero que hoxe se revelan insuficientes. En especial se a análise se centrar en operativos binarios, como o estudo da incidencia dunha literatura noutra a través da mediación das revistas. Ou, incluso, se isto se contemplar en reciprocidade, como recentemente resolveron Marangoni e Schuh (2022) en relación cos intercambios artístico-literarios entre as revistas culturais francesas e italianas do período 1880-1940. Non digamos xa se, no canto de situar ante determinados espellos de reciprocidade revistas de dúas culturas normalizadas, como a italiana e a francesa, se fixese por exemplo coas revistas culturais catalás e galegas e os seus fluxos de intercambio e transferencia mutuos. En coordenadas como estas, a insuficiencia metodolóxica dos operativos tradicionais, abstraídos de determinados datos históricos e culturais, abeiraríase á futilidade.

A condición periférica e as revistas literarias

Sen deixarmos de pór o foco nas revistas literarias, cabe formular algunhas preguntas referidas á condición periférica, menos diáfana do que de entrada adoita considerarse. Entre elas, as seguintes: funcionan de modo análogo as transferencias entre sistemas culturais hexemónicos e as dadas entre un sistema hexemónico e un sistema dependente ou periférico?; funcionan de forma equivalente ás anteriores as rexistradas entre dous sistemas periféricos?; é inequívoca a condición periférica expresada en abstracto?; ou, pola contra, sería máis acaído falar dunha gradación e dunha mobilidade desa marca nas súas manifestacións concretas, tamén para someter a consideración cuestións relativas a transferencias e interferencias culturais?

Comezaremos por sinalar algo respecto dos radios interculturais centro-periferia. Será de modo esquemático, se se compara co abundante caudal de publicacións que sobre o particular apareceron nos últimos vinte ou trinta anos, por moito que a detección do asunto como problemático aparecese xa en Herder e nos albores da literatura comparada. Como tamén nalgúns historiadores que propiciaron desenvolvementos próximos aos dunha historia social e unha xeohistoria, con conexións máis ou menos diáfanas co que poden representar Fernand Braudel e a escola dos *Annales*. Citarei só un par de referencias, interesantes pola súa comprensión das dinámicas e das oscilacións entre centros e periferias, referidas a asuntos tan complexos como a perduración do imperio otomán (McNeill 1964) e o Renacemento como movemento cultural europeo iniciado con Petrarca e culminado con Descartes (Burke 2000).

En xeral, adoita aceptarse que nas relaciones centro-periferia existen graos e matices que fan recomendábel unha comprensión flexíbel da súa dialéctica, suxeita ao carácter diferencial de cada cultura e ás diversas formas de desigualdade ou desequilibrio que haberían de ser consideradas se non se quere caer nunha visión en exceso mecánica, e inxenua, do significado de calquera transferencia cultural[72]. A iso alude, por exemplo, a admisión da entidade non necesariamente biunívoca de tal relación (un só centro para unha única periferia, e á recíproca). Pois é evidente que o que, baixo determinada localización, encaixe ou

[72] Para os casos catalán e galego, mesmo para o ibérico en xeral, véxanse Gavagnin e Martínez-Gil (2011) e Colmeiro (2017).

encadramento, se mostre respecto de algo como periférico pode perfectamente funcionar como centro para outra demarcación periférica baixo outro encadramento ou escala[73]. Alude tamén ao mesmo —a non simplificar en exceso as cousas— a aceptación hoxe xeneralizada, a partir do exposto por Wallerstein (1976), dun concepto como «semiperiferia». E igualmente a consideración de que nesa clase de procesos é redutora de máis, e a fin de contas errónea, a idea de que haxa simplemente dous espazos culturais fronte a fronte, de que sexa posíbel abstraerse de todo o que se manifesta en torno deles e que, nalgún sentido, condiciona ese compareceren un espazo cultural fronte a outro.

De feito, Michel Espagne (2013: § 8) indicou que «[u]n transfert culturel n'a jamais lieu seulement entre deux langues, deux pays ou deux aires culturelles: il y a quasiment toujours des tiers impliqués». Isto evidénciase con maior nitidez, se cabe, cando se fala de transferencias entre culturas periferizadas ou subalternizadas por un centro común, algo que foi tratado baixo outra perspectiva por Juan M. Ribera Llopis (2014: 66-69). Neste sentido concreto, non é infrecuente que as transferencias entre as culturas catalá e galega estean mediadas polo sistema cultural español, coas súas persistentes narrativas de periferización, e polas industrias culturais a el asociadas[74].

---

[73] Neste sentido pode entenderse o razoado por Padró Nieto (2019: 17) ao dar conta do carácter discutibelmente periférico da revista coruñesa *Alfar*: «La modernidad de A Coruña, periférica desde un punto de vista estatal, tenía un carácter central desde una perspectiva transatlántica. Su ubicación occidental y un puerto privilegiado la convertían en un eje clave de un comercio marítimo con América, potenciado por las redes sociales generadas por la emigración».

[74] Noutro lugar (Casas 2003) discutín a aplicabilidade dos esquemas conceptuais deseñados por Dionýz Ďurišin e a escola de Bratislava ao espazo ibérico e analicei a posíbel existencia e condicións dunha «comunidade interliteraria» ou dun «sistema interliterario» ibéricos. Para calibrar correctamente en que consiste a «periferización» («periferalización», se se preferir) é operativa a seguinte proposta: «Peripheralization refers to a spatially organized inequality of power relations and access to material and symbolic goods that constructs and perpetuates the precedence of the centres over areas that are marginalized. Since peripheries are frequently localized as or within regions conceived in dominant discourses on a national or transnational scale as the apparently "natural" edges — such as border or other regions spatially removed from the centres of capital accumulation and the production of things with a recognized exchange value —, the territorialization of peripheries fosters their reification» (Fischer-Tahir e Naumann 2013: 18-19).

No plano introducido é decisivo, sobre calquera outra consideración, o grao de autonomía respectiva dos campos literarios concernidos. Un diferencial excesivo no grao de autonomía en cada campo —doadamente computábel se se atender a transferencias entre un sistema consolidado e dominante e outro periférico e minorizado— condicionaría de raíz o significado e a entidade das transferencias materializadas. Ante todo, porque a función propia do transferido tería pouco ou nada que ver no seu campo de orixe coa función que se lle reasigna no campo de recepción[75]. Cabería falar así dun *décalage* funcional (Figueroa 2011: 179; Espagne 2013); ou, nos termos habituais en Bourdieu, dunha «refracción» producida pola simple participación mediadora do campo de recepción[76]. Espagne subliñou neste sentido que toda transferencia cultural representa e activa unha *resemantización* do sentido orixinario do transferido:

> Transférer, ce n'est pas transporter, mais plutôt métamorphoser, et le terme ne se réduit en aucun cas à la question mal circonscrite et très banale des échanges culturels. C'est moins la circulation des biens culturels que leur réinterprétation qui est en jeu. (Espagne 2013: § 1)

---

[75] Trátase de algo contemplado e descrito xa nas «leis de interferencia literaria» (posteriormente, «de interferencia cultural») formuladas por Even-Zohar (1990). Lémbrese que para este autor, a interferencia sería «a relation(ship) between literatures, whereby a certain literature A (a source literature) may become a source of direct or indirect loans for another literature B (a target literature)» (Even-Zohar 1990: 54). Interesaría aquí en particular o apartado 3.3 dos principios xerais de interferencia (Even-Zohar 1990: 59 e 69-72). E en concreto a tendencia que Even-Zohar (1990: 71) rexistrou nos seguintes termos: «while a certain item may have an intricate or plurivocal function within the source literature, its function within the target literature may be more univocal or restricted».

[76] O concepto de «refracción», tomado da óptica xeométrica, introdúcese na teoría dos campos a fin de conxurar calquera simplificación asociada á idea de «reflexión» ou «reflexo» (Bourdieu [1992] 1998: 360-361); por tanto, nun sentido nada afastado do habilitado no seu día polo Círculo Bakhtín para cuestionar a banalización á que a ortodoxia marxista tería sometido a teoría do realismo debida a Friedrich Engels, para quen o realismo consistiría na representación exacta de personaxes típicos en circunstancias típicas. Na comprensión de Bourdieu, serían a lóxica e a autonomía específicas de cada campo —non necesariamente no sentido nacional que aquí nos está a ocupar— as que marcarían a densidade dos efectos de refracción impostos ás influencias e prestacións externas transferidas ao propio campo.

Debe observarse que nada do anterior é intranscendente cando se fala de mediadores ou redes de mediación que promoven transferencias culturais e as sosteñen no tempo. Por exemplo, mercé á circulación e reinterpretación nacional ou internacional de contidos, autorías, ideas e tendencias nas revistas literarias. A esta luz, entenderase por que razóns a lectura comparatista máis ou menos tradicional dos fenómenos de intercambio, transferencia ou interferencia cultural tende a mostrar insuficiencia histórica e carencias analíticas, e isto por argumentada que se presente esa lectura en termos de abstracción teórica ou de pormenor erudito[77]. Como sinalou Bourdieu, nun coñecido artigo publicado por vez primeira en 1990:

> Les échanges internationaux sont soumis à un certain nombre de facteurs structuraux qui sont générateurs de malentendus. Premier facteur : le fait que les textes circulent sans leur contexte […], qu'ils n'emportent pas avec eux le champ de production – pour employer mon jargon – dont ils sont le produit et que les récepteurs, étant eux-mêmes insérés dans un champ de production différent, les réinterprètent en fonction de la structure du champ de réception, est générateur de formidables malentendus. Ainsi, le sens et la fonction d'une œuvre étrangère sont déterminés au moins autant par le champ d'accueil que par le champ d'origine. Premièrement, parce que le sens et la fonction dans le champ originaire sont souvent complètement ignorés. Et aussi parce que le transfert d'un champ national à un autre se fait à travers une série d'opérations sociales : une opération de sélection (qu'est-ce qu'on traduit ? qu'est-ce qu'on publie ? qui traduit ? qui publie ?) ; une opération de marquage (d'un produit préalablement « dégriffé ») à travers la maison d'édition, la collection, le traducteur et le préfacier […] ; une opération de lecture enfin, les lecteurs appliquant à l'œuvre des catégories de perception et des problé-

[77] Podería ser o caso, entre outros, do modelo exposto hai xa moito tempo por Alejandro Cioranescu (1964), cuxas argumentacións interesaron e convenceron no seu momento a Claudio Guillén (1985: 124) e foron incorporadas e matizadas, nun traballo relativamente recente, por un especialista en iberismos e relacións culturais ibéricas tan destacado como Martínez-Gil (2015).

> matiques qui sont le produit d'un champ de production différent. (Bourdieu [1990] 2002: 4-5)

O recoñecemento da existencia do campo das revistas literarias implica o da existencia coligada dunhas «relacións estruturadas» que o sustentan (Boschetti 1985: 190-195), á vez que o delimitan e definen, a partir do que antes se mencionou como espazo de posicións significativas de cada publicación periódica, o seu grao de autonomía e o seu capital simbólico, as súas estratexias, os seus procedementos de lexitimación e os *habitus* compartidos polos seus axentes promotores. Todo isto é radical e diferencialmente histórico. Abstraerse desta condición promove a miúdo comprensións idealistas, banais e erróneas do que significa o proxecto de cada revista na esfera pública, así como do que implica o axenciamento ou ensamblaxe de base, entendido isto último no sentido deleuziano precisado polo texto introdutorio deste libro. Tamén do que representan as relacións internacionais que acompañen o seu programa de intervención.

Unha idea de reforzo que vén ao caso, trasladada xa á esfera das transferencias entre sistemas literarios, é a que Antón Figueroa, no libro antes mencionado, adaptou a partir de chaves desenvolvidas por Daniel-Henri Pageaux e por José Lambert. Segundo esta óptica a análise dunha determinada literatura pode confiarse, cando menos de maneira parcial, á análise das súas relacións con outras literaturas (Figueroa 1996: 10). En realidade, sería así xa polo feito de que unha literatura nacional, o mesmo que unha nación, existe só se se producir un coñecemento e un recoñecemento exterior dela, como Figueroa tivo ocasión de salientar noutro lugar (2011: 177-178). Segundo se indicou, o estudo de Figueroa fixouse nunha clase de relacións clasificábeis como asimétricas: as dadas entre unha literatura hexemónica e outra periférica, neste caso a francesa e a galega. Estableceu o seu obxecto principal de atención xustamente en tres revistas —as citadas *Revue de l'Époque*, *L'Esprit Français* e en particular *Mercure de France*— no período 1920-1936 a fin de calibrar nelas a función mediadora de Philéas Lebesgue, escritor, tradutor e crítico con escaso recoñecemento no seu país, mesmo marxinal, que acabou especializándose en dar a coñecer ao público lector francés unha diversidade de literaturas periféricas entre as que asomou a galega.

Algunhas das conclusións de orde empírica do libro de Figueroa son de aplicación para o que aquí tratamos de analizar. Por exemplo, a

acusada dependencia en todo o que Lebesgue publicaba, cando menos en relación coa literatura galega, da información trasladada previamente por vía epistolar por quen poderiamos considerar —de parecer válido este substantivo de viso antropolóxico— os seus informantes locais, con Vicente Risco como autoridade central e incontrovertíbel. De feito, parecería que Lebesgue se limitase a actuar como eco distante desas informacións de Risco e outros escritores e publicistas. Mais existe outra conclusión relevante no libro de Figueroa, só en parte paradoxal. Incide en que a planificación de posíbeis circuítos internacionais a través do contacto con culturas literarias hexemónicas, para así afianzar o prestixio exterior dunha literatura de condición periférica ou *menor*, acaba tendo, máis que un efecto real fóra, ante todo consecuencias simbólicas internas. Moi en particular para quen interveñen como mediadores seleccionados e contactados polo *gatekeeper* afanado en obter información dunha cultura que apenas coñece. Con todo, frecuentemente, o proceso selectivo é en puridade de sentido inverso, de xeito tal que o procedemento que coñecemos como *gatekeeping* parte non poucas veces dunha planificación de proxección exterior elaborada e posta en práctica non de forma delegada senón por iniciativa propia[78]. As consecuencias simbólicas internas amentadas resultan así mesmo evidentes nas esfera do canon e a canonicidade propostos en orixe e lexitimados despois, na escala que corresponda, na cultura hexemónica que dá conta da súa

[78] Segundo o observado por Rosario Mascato Rey e Carlos Pazos Justo (2015: 127) como preámbulo metodolóxico ao seu estudo da interacción dos campos periodísticos galego e portugués dos anos 1927-1936, a liña seguida polas investigacións comparatistas referidas a relaciones interculturais adoita dirixirse á identificación dos mediadores ou *gatekeepers* internacionais e non tanto á análise de obxectivos, resultados e implicacións de orde institucional: «Grande parte do interesse destes estudos comparatistas recai, sobretudo, em conhecer a agencialidade (quem?) dos contactos intersistêmicos (âmbito no qual os avanços são notórios). Mas tem-se descurado, em nosso entender, um estudo mais pormenorizado dos interesses em jogo (para quê?) ou os meios utilizados (como?); e do mesmo modo, por exemplo, tem-se avançado relativamente pouco na análise das instituições de variado tipo envolvidas (quais? como? para quê?)». Sobre estas consideracións, véxase tamén o anotado por Sapiro (2006: 55-56) a propósito dos obxectivos que orientan a mobilización de redes literarias e da necesidade de os identificar con claridade en termos sociolóxico-institucionais (sexto dos principios metodolóxicos antes mencionados).

existencia, ora que reforzados na súa lexitimidade e na acumulación de capital simbólico sobre todo no espazo cultural propio.

Á beira de todo isto, o tipo de recepción que en xeral se fai de textos literarios procedentes dunha literatura diferente da propia suporía para Figueroa unha especie de «lectura a destempo» (1996: 27-44 e 2011), pola incidencia dun desfasamento que introduciría distorsións da carga informativa do texto orixinal e da súa potencia significante e que, en definitiva, propiciaría a aparición na lectura dun filtro metatextual, desestabilizador por exemplo de certos aspectos referidos ao eixo ficción/veracidade. Ese filtro podería incorporar até, dependendo da distancia cultural apreciada desde a instancia importadora, lentes exotizadoras sobre os materiais e autorías obxecto de importación.

O atractivo e o provocador destas propostas, aplicadas ao caso das revistas, é que, de teren validez —e semella que a teñen—, neutralizarían un dos principios básicos do funcionamento da comunicación que é propio das revistas culturais: o seu proxecto de intervención no máis estrito presente, do que dan conta á vez que aspiran a transformalo. Neste sentido, podería aceptarse que os textos estranxeiros incorporados a unha revista proceden necesariamente non só doutro lugar senón tamén doutras circunstancias históricas e, por iso mesmo, doutro tempo. Doutra «experiencia histórica», diriamos con Koselleck. Asunto diferente, parece claro, é o uso que desde a revista importadora e os seus promotores se pretenda facer deses textos. Segundo a coñecida observación de Bourdieu, non sería infrecuente que tal uso refractase de forma interesada e manipuladora os textos, inclusive transformándoos en algo moi diferente ao que en orixe foron, pois «[t]rès souvent, avec les auteurs étrangers, ce n'est pas ce qu'ils disent qui compte, mais ce qu'on peut leur faire dire» (Bourdieu [1990] 2002: 5).

Cataluña, Galiza, a súa contemporaneidade histórica, as súas revistas

O estudo das transferencias e das redes de intervención actuantes nas relacións culturais galego-catalás durante o período de entreguerras, e máis en concreto das relacións verificábeis nas revistas literarias, non debería desentenderse de aspectos e perspectivas como os até aquí introducidos, en parte converxentes co programa dun comparatismo crítico disposto a integrar operativos sociolóxico-culturais. Padró Nie-

to esquematizou nunha publicación recente algunhas pautas que un programa desta índole habería de asumir para a superación dialéctica dunha polarización frecuente. Consistiría esta en enfrontar a comprensión dos produtos literarios —revistas incluídas— como monumentos ou como documentos. Trátase dunha nomenclatura presente en coñecidos debates en que tomaron parte teóricos tan representativos como René Wellek, Douwe Fokkema ou Susan Lanser, cuxo substrato podería descifrarse como a vella pugna entre un entendemento marcadamente autonomista do fenómeno literario ou a súa integración como práctica cultural radicalmente histórica.

Pensando nas publicacións periódicas, un comparatismo crítico orientado no sentido descrito estaría en condicións de observar non só a singularidade documental de cada produción (de cada revista, mesmo de cada número da serie), senón que o estaría tamén para fundamentar análises sobre revistas procedentes de dous ou máis espazos culturais, lingüísticos ou nacionais. Ademais de informar sobre os procesos de dominación inherentes a calquera forma de actividade estética, Padró Nieto (2021: 269) sinalou que tal programa atendería aspectos como os seguintes:

> la materialitat dels suports i les pràctiques de lectura que condicionen; les tensions al si del camp literari de les poètiques que conviuen o es mencionen a les revistes; la sociabilitat intel·lectual que determinen la forma, el lloc i el moment de la publicació; les literatures en altres llengües amb les quals es confronta un text, que formen les dinàmiques d'emulació, rivalitat o menysteniment, a partir de les quals sorgeix o contra les quals s'escriu un text; els processos d'institucionalització de la literatura en els que participen, especialment pel que fa a les seves fronteres, sempre poroses.

Se pensamos nas transferencias plasmadas nas revistas galegas e catalás do período considerado, o tipo de estudo polo que aquí se opta tampouco podería desinteresarse de determinados procesos históricos, cuxa complexidade aumenta ao considerar de modo comparativo a diferente expansión e a distinta puxanza que nas respectivas culturas políticas galega e catalá se foi desenvolvendo a partir de certa altura histórica nomeadamente en relación con dous factores: a representación/figuración do seu propio pasado nacional —a súa experiencia

histórica— e as expectativas políticas de futuro, comprendidos aquí o encaixe nacional-estatal e os ritmos asociados aos cambios anhelados, imaxinados ou planificados[79].

Procedente do ámbito da teoría política funcionalista de comezos dos anos 60 do século pasado (Gabriel Almond e Sidney Verba), a controvertida noción de «cultura política», unha especie de paraugas conceptual para algúns analistas, foi asumida e aplicada tempo despois con certa profusión por especialistas en historia política como Serge Berstein e Jean-François Sirinelli, favorecidos polo xiro cultural das ciencias sociais. A cultura política entendeuse así como o sistema de representacións asumido no plano político que integra unha lectura compartida do pasado e proxecta cara ao futuro, tamén de forma codificada e simbólica, certos valores, accións e aspiracións colectivos. Entre os desenvolvementos recentes ten interese, para unha análise como a centrada nas transferencias culturais con rexistro patente nas revistas

[79] En termos discursivos móstrase transparente a este respecto, entre tantos posíbeis exemplos, o modo en que se presentou pola redacción do semanario *El Poble* a serie de colaboracións de Víctor Casas «De Galícia, la terra germana. El moviment autonomista». Patentiza chaves converxentes, desde o outro lado, a forma en que abría o seu informe o xornalista e político coruñés, quen abordara reiteradamente ao longo dos anos o referente catalán na columna «Do momento», no boletín *A Nosa Terra*. A serie, de cinco entregas, apareceu baixo a epígrafe común sinalada entre os meses de febreiro e agosto de 1933 na primeira páxina do que na altura era xa órgano, no Vallès Occidental, de Esquerra Republicana de Catalunya. A nota da redacción sinalaba o seguinte: «Comencem amb aquest article la col·laboració d'un entusiasta galleguista i amic sincer dels catalans, el senyor Victor Casas. [/] Ens plau aprofitar aquesta avinentesa per adressar-li, des d'aquestes planes, la nostra més coral felicitació, que fem extensiva a tots els nostres germans de Galícia, desitjant-los que ben prompte puguin gaudir del règim autonòmic, i sigui la segona de les nacionalitats ibèriques que vegi reconeguda la seva personalitat nacional». Pola súa banda, Casas, publicista alleo a toda clase de reverencia, que naquel momento pasara xa polo Consello Executivo do Partido Galeguista e pola dirección d'*A Nosa Terra*, expresaba isto que segue nos inicios da primeira colaboración da serie: «Una salutació prèvia plena d'admiració i franca enveja al catalanisme que avui ha obtingut, si no un triomf total sí un remarcable avenç amb la consecució de l'autonomia que situa a la terra catalana, que els galleguistes admirem i estimem tant, en els camins de la seva total alliberació i ple desenvolupament de les seves peculiars iniciatives en els ordres moral i material. [/] Catalunya, *la nostra germana gran*, compta amb el nostre més coral anhel en el sentit de desitjar-li l'absolut triomf dels seus ideals» (*El Poble*, 274, 26 de febreiro de 1933, 1; cursivas miñas).

literarias, a comprensión das culturas políticas como discursos, prácticas e mesmo *performances*, influída nalgúns casos polo pensamento de Ernesto Laclau e Chantal Mouffe. Para Keith Baker, por exemplo, a cultura política estaría constituída polo conxunto de discursos e prácticas simbólicas mediante o que se trata de alcanzar demandas previamente formuladas pola política (Baker 2006: 94)[80].

Mais regresemos ás revistas e ao problema dunha análise crítica das transferencias culturais entre medios galegos e medios cataláns. Entre os procesos históricos aos que se fixo alusión anterior figurarían tres vectores. En primeiro lugar, o modelado polo conxunto das relacións históricas, culturais e nomeadamente políticas entre Cataluña e Galiza. Cando menos a partir dos ciclos históricos coñecidos respectivamente como Renaixença e Rexurdimento, o proceso polo que nos interesamos estivo sen dúbida afectado —con diferentes puntos de arranque, intensidades e ritmos— polo incremento dunha conciencia política e o reforzo substancial dun sentimento identitario. De inicio, de índole rexional e dubidosamente protonacional, en forma de catalanismo e galeguismo políticos. Con posterioridade, xa de carácter nacional. Isto estivo lonxe de significar que en certos sectores relevantes da opinión publicada e da cidadanía en xeral se dese por superado o horizonte rexionalista, percibido neses núcleos como suficiente ou prudente[81]. Como é lóxico, todo o que se acaba de sinalar orixinou conexións e mesmo dependencias —heteronomía, por tanto— cos respectivos movementos nacionalistas e coas organizacións partidarias relacionadas[82]. Tamén no espazo

[80] Véxanse os capítulos respectivos de Miguel Ángel Carrera e María Luz Morán en Pérez Ledesma e Sierra (2010: 19-85 e 87-131).

[81] Demóstrao de forma clara a posición fixada por *Vida Gallega* no momento da publicación por Antón Villar Ponte de *Nacionalismo gallego* (Torres Feijó 2023).

[82] A respectiva conceptualización crítica e historiográfica dos diferentes renacementos literarios ibéricos (Renaixença, Rexurdimento, Renascença, Pizkundea) e dos movementos rexeneracionistas asociados, desde mediados do século XIX en adiante, mostra similitudes evidentes. Como pauta común, cabería asocialas a unha estreita interdependencia político-discursiva cos respectivos procesos de construción nacional e coas dialécticas correlativas entre eses mesmos procesos e unhas etapas previas de decadencia nacional (Pérez Isasi 2017b). Certos aspectos periodolóxico-comparados conectados co anterior, sempre no contexto xeral dos iberismos culturais do período 1870-1930, foron tratados en profundidade por Sáez Delgado e Pérez Isasi (2018). A súa análise centrouse en particular en simbolismo,

propio das reaccións de signo contrario, as vinculadas co nacionalismo español[83]. Voltaremos a este plano en breve.

Un segundo vector que non interesa perder de vista é o referido á clase de relacións e nexos entre culturas non hexemónicas (*pequenas*, *menores*, *dependentes*…, díxose tamén). Este vector, así dado ou pensado, non sería homologábel sen máis á clase de vínculos habituais entre culturas consolidadas ou hexemónicas (vínculos como os franco-italianos, aos que se fixo mención). Ou entre os respectivos sistemas culturais. Que se pretende afirmar co anterior? Algo sinxelo que pode expresarse asemade de modo bastante gráfico: que con toda probabilidade constituiría un erro metodolóxico serio validar os procedementos analíticos empregados no estudo das relacións entre as culturas francesa e italiana (ou entre as revistas culturais francesas e italianas) como pertinentes e suficientes para a súa aplicación ao estudo das relacións entre as culturas catalá e galega (ou entre as revistas dos sistemas culturais respectivos).

Hai algo máis que igualmente sería absurdo desprezar como dato elemental, e non se pense que non se fai, baixo determinados prismas epistemolóxicos e ideolóxicos. Aínda que tendo presente a complexidade desta clase de procesos, probabelmente non sexa esta que segue unha

---

modernismo e primeiras vangardas, nalgúns casos con anotacións explícitas sobre revistas literarias (53-54 e 100-101, por exemplo).

[83] Como obxecto de atención académica, o nacionalismo español foi dilatadamente ignorado por politólogos e historiadores, a miúdo baixo o prexuízo da súa suposta inexistencia. Hai algo máis de trinta anos, na súa introdución ao libro *Los nacionalismos en la España de la II República*, a propósito da investigación sobre o nacionalismo español, Beramendi e Máiz (1991: xiii) falaban da súa condición de «gran asignatura pendiente» e da «enorme carencia» que isto supuña no plano xeral de estudos sobre o tema perfilado desde o título do volume. Dos vinte e tres capítulos deste libro, só dous presentaron «calas puntuales» sobre o nacionalismo español, un a propósito de Ortega y Gasset, escrito por De Blas Guerrero, e outro referido á interacción dos nacionalismos fascistas español e catalán no período 1927-1933, da autoría de Ucelay da Cal. Dez anos despois, Álvarez Junco, no prólogo a *Mater dolorosa* (2001: 25) ofrecía chaves diáfanas sobre unha carencia entón xa disipada, dada a acumulación de publicacións que en pouco tempo saíran á luz. O nacionalismo español seguía parecendo ao historiador un asunto *envelenado*, un *nespreiro* en que as respostas académicas, incluídas as propias, adoptaban case sempre ton e natureza políticos. E hai só seis anos, Núñez Seixas (2018: 9) experimentou aínda a necesidade de rotular o primeiro capítulo da súa monografía sobre este asunto coa epígrafe «¿Existe el nacionalismo español?».

formulación idónea, cabe afirmar que os sistemas culturais marcados pola súa condición periférica/periferizada adoitan manter ao longo dun certo período histórico, máis ou menos dilatado no tempo, unha relación dialéctica persistente cun correlato de oposición definido.

Este correlato de oposición —cultural, si, mais tamén político, económico, nacional...— está definido por unha condición de poder e de centralidade que xera condicións de dependencia e de periferización para as restantes culturas concorrentes no seu espazo de radicación e propagación. En realidade, non só para as culturas, senón ademais para os desenvolvementos sociais e económicos e para outros factores concorrentes. Non hai posibilidade de estenderse en exceso nestas últimas consideracións, malia o cal non sobrarán unhas precisións conceptuais mínimas. A básica é que a periferización entendida como «produción de periferias», segundo souberon ver xa as teorías da dependencia desenvolvidas nos pasados anos 60 na América Latina —por sociólogos como os xa citados Theotônio dos Santos, André Gunder Frank e outros— e a propia teoría do sistema-mundo debida a Immanuel Wallerstein, demanda unha perspectiva transdisciplinar capaz de conxugar análises e ferramentas procedentes de diversas ciencias sociais para así asegurar unha comprensión profunda do subdesenvolvemento, da marxinalización e da desigualdade nas sucesivas fases das sociedades capitalistas[84]. Máis recentemente, os estudos sobre periferización incorporaron diversas escalas exploratorias, do internacional ao local, para daren conta de procesos en que interveñen as desigualdades sociais e as súas implicacións espaciais —o espazo como entidade socialmente construída— xunto coa polarización económica e a intervención do poder político (Kühn 2015). Non habería dificultade en engadir outras clases de poder (o financeiro, o mediático e, de certo, o simbólico[85]) ao

[84] Percibidas estas polas teorías da dependencia non como fases previas dun benestar socioeconómico por vir, senón como resultado dun sistema económico ligado ao comercio internacional que tende a empobrecer, aínda máis, os países pobres. Para unha relectura crítica do concepto de «desenvolvemento» e os a el asociados, incluídos «desigualdade» e «periferización», véxase a introdución ao volume coeditado por Fischer-Tahir e Naumann (2013: 9-26).

[85] Bourdieu entende o poder simbólico como forma transformada doutras formas de poder. Forma t*ransformada* por estar *eufemizada*, ser irrecoñecíbel, non percibirse como arbitraria e, en consecuencia, aparecer como lexitimada. O poder simbólico, con apoio na violencia simbólica, destínase a construír discursivamente

entendido habitualmente como «poder político», nin tampouco a habería para incorporar a esta clase de análises unha atención específica á intervención das institucións vinculadas a aqueloutros poderes.

É neste plano onde alcanzan especial virtualidade achegas como as dos xeógrafos Frank Meyer e Judith Miggelbrink (2013), atentos á semántica espacial, á xeografía crítica e á análise do discurso para trataren de reconceptualizar a periferización de xeito tal que esta poida dar conta, tamén, das subxectividades —e das subxectivacións, podería engadirse— dos suxeitos periferizados. Sendo isto relevante cando se está a falar de produtores de discurso nun campo dado —o literario, por caso, ou o de produción ideolóxica—, o fundamental da súa achega para os nosos actuais intereses radicaría noutro aspecto. En concreto, no estímulo que dela deriva para un estudo das políticas de periferización atendendo a fondo a complexa interdependencia no curso da formación de modelos socioespaciais («socio-spatial patterns») de dúas clases de procesos, os materiais e os lingüístico-discursivos (Meyer e Miggelbrink 2013: 220).

É obvio, aliás, que as culturas non hexemónicas, as culturas *outras*, o mesmo que os sistemas culturais a elas asociados, poden compartir ou non un correlato de oposición. Pois ben, no caso dos sistemas culturais catalán, galego e vasco —tan disímiles entre si en relación coas últimas referencias introducidas sobre periferización política, socioeconómica ou cultural— dáse en parte esa situación de compartillaren un correlato común de oposición. Por razóns obvias, disto derivan efectos específicos con incidencia nas súas interrelacións[86]. Sen ir máis lonxe, nas existentes

a realidade e a establecer unha certa orde gnoseolóxica orientada non só á integración social e moral senón fundamentalmente á dominación e á reprodución social, por canto describe o que é posíbel pensar, dicir e facer e, en definitiva, delimita —pon límites— a acción sobre o mundo (Bourdieu 1977).

[86] En realidade, todo pode ser máis complicado aínda. Pois, do mesmo xeito que o que habitualmente denominamos *centro* pode manter relacións con dúas ou máis periferias (isto é, con dous ou máis sistemas periféricos), sería posíbel tamén pararse a considerar o caso inverso. De modo que un sistema periférico pode manter relacións de dependencia con máis dun sistema hexemónico —e, así, con máis dun centro— que condiciona o seu desenvolvemento histórico. Algo disto dáse con total evidencia no espazo ibérico, en particular no referido aos casos vasco e catalán, determinados na súa demarcación propia de implantación pola inserción e incidencia de dous sistemas culturais hexemónicos de tanta proxección e fortaleza como o francés e o español.

entre os sistemas culturais catalán e galego, polas que nos estamos a interesar nesta análise.

Mais retomemos o fío e refiramos xa o terceiro dos tres vectores anunciados. Como consecuencia directa do sinalado, o estudo que nos ocupa tampouco debería ignorar as dinámicas político-culturais consubstanciais a todo nacionalismo dominante en relación con outros posíbeis nacionalismos e culturas concorrentes no espazo que o primeiro considera propio ou natural, que normalmente rexerá desde o control do Estado. Ese control exerceuse de forma habitual con apoio no que se coñece como «procesos de nacionalización», que poden ser máis ou menos categóricos e ostensíbeis. E á vez máis ou menos contestados, tanto en escala macro ou sistémica como en escala micro, máis porosa e gradual aínda que a longo prazo bastante efectiva en termos culturais e políticos. Segundo é lóxico nesta clase de pugnas, tales procesos de nacionalización fixarán un dos seus obxectivos principais en combater e debilitar, sempre desde o poder estatal e as súas atribucións, calquera outro nacionalismo actuante nunha parte do territorio administrado. Esas dinámicas presupoñen por conseguinte a activación do que se poderían denominar «programas de periferización», destinados a desgastar os nacionalismos antagónicos e a acentuar o carácter periférico (*periferizado*) e subalterno das culturas respectivas. Centrada a atención no conflito cultural e no control de elites, trátase en realidade de procesos que teñen precedentes en lóxicas e estratexias aplicadas en situacións históricas anteriores á aparición do Estado-nación moderno.

Como se acaba de anticipar, os programas de periferización adoitan ser contestados polas culturas minorizadas e periferizadas, orixinándose así complexos e plurais procesos de resistencia cultural, acompañados doutros de adaptación ou resiliencia, e mesmo de *desperiferización*[87]. A interacción destes procesos coas culturas políticas preeminentes en cada territorio, por definición transversais a unha parte representativa da poboación, é así mesmo merecedora de atención e acaba tendo incidencia no debate público.

---

[87] Baixo perspectiva posnacional, José Colmeiro entende a desperiferización como unha desarticulación ou deconstrución da dicotomía centro/periferia mediante a cal queda impugnada toda relegación ou marxinalización apriorística dunha cultura (Colmeiro 2017: 21, 44-73).

E con toda certeza, tamén nas decisións e opcións que as revistas culturais concretan nas súas sucesivas tomas de posición respecto da comprensión do seu propio espazo nacional e das relacións que este debería manter con outros espazos nacionais —incluído, alí onde existir, o espazo nacional de oposición. Nada diso debería impedir, como é lóxico, a atención á existencia cruzada de afinidades e alianzas estéticas, ideolóxicas e doutras ordes, incluída a identitaria; nin tampouco, moi particularmente, un exame cabal de posíbeis homoloxías de posicións, nos campos respectivos, entre os axentes sociais e culturais que promoven revistas ou median a través de redes transnacionais para favoreceren determinadas clases de transferencias culturais (Bourdieu [1990] 2002: 5) e variadas modalidades de *gatekeeping*.

Un aspecto que non se poderá desenvolver aquí pero que merece unha anotación mínima é o da concorrencia nun determinado territorio de dúas culturas políticas nacionais. Se se quixer, xa so unha perspectiva máis próxima a Bourdieu, do xurdimento antagónico dun dobre «sentido común nacional» naquel espazo. De entrada, iso presupón a rivalidade dos nacionalismos asociados e a pugna das organizacións políticas, sociais e culturais respectivas. En segundo plano, tamén a dialéctica entre os procesos de nacionalización en marcha nun ou outro sentido, o cal é inevitábel que vaia asociado a dinámicas de conflito (e de negociación) perdurábeis[88].

[88] Tamén desde os estudos ibéricos foron concretándose achegas de interese para unha mellor comprensión dos procesos de nacionalización ibéricos (Rina Simón 2017). Porén, ás veces ocorre que interpretacións de base comparatista, supostamente ben intencionadas en termos de rigor analítico e histórico, contribúen a diluír dialécticas e conflitos como os amentados. Déixanse ler coa profundidade debida, con sentido histórico e sen candores especulativos, tendo presentes declaracións como estas de Miguel de Unamuno, o intelectual español por antonomasia do período aquí estudado e probabelmente tamén do século XX no seu conxunto a carón de José Ortega y Gasset, ínsitas nun texto de 1914 dedicado nada menos que a Joan Maragall: «No oculto que mi deseo —y el deseo lleva aparejada la esperanza— es que llegue un día en que no se hable en la Península española o ibérica —es decir, en España— otra lengua que la española o castellana, con los matices que cada región le dé» (*apud* Martínez-Gil 2015: 37). Reducirmos a lapso ou anécdota designios desta índole non faría máis que avigorar os programas de periferización aos que o propio Unamuno, iberista celebrado por tantos, adheriu con ostensíbel arrebato.

A pluralidade neses e outros planos é moi superior no caso catalán do constatábel en Galiza, tanto polo referido aos seus respectivos movementos nacionalistas —en Cataluña máis transversal e interclasista— como polo atinente ás reaccións de signo contrario rexistradas nun e outro territorios desde o nacionalismo español, non só na súa modulación «banal»[89]. Polo referido a Galiza, un dos vectores principais desa menor diversidade procede do feito de que no período aquí atendido é moi limitada a implicación da burguesía —de orixes foráneas en certa proporción—, ou en xeral dos sectores empresarial, industrial e mediático, co nacionalismo galego, ou simplemente co galeguismo. O aliñamento destes sectores efectuouse máis ben co nacionalismo estatal. A iso hai que engadir a escasa atención mutua rexistrada en Galiza entre o débil movemento obreiro de signo anarquista ou socialista e as organizacións políticas rexionalistas ou nacionalistas, que apenas lograron no período aquí considerado que o ideario galeguista impregnase o discurso político das organizacións de esquerda[90].

---

[89] Por *nacionalismo banal* entende Michael Billig aquel que nas nacións establecidas e asentadas do mundo occidental harmoniza os costumes da vida diaria dos seus concidadáns sen que estes perciban que esas vidas están marcadas pola existencia e persistencia da nación; até o punto de que, baixo esa disposición, «[n]ationalism, far from being an intermittent mood in established nations, is the endemic condition» (Billig 1995: 6). Algunhas das proxeccións da noción de nacionalismo banal en Billig mostran utilidade para entender mellor a dialéctica entre nacionalismo literario e literatura nacional, así como a existente entre literaturas nacionais concorrentes, segundo mostrou Pablo Pesado (2022 e 2023: 124-130). De particular interese para o que aquí nos ocupa é a seguinte observación: «o nacionalismo literário galego contemporâneo poderia ser estudado não como uma ideologia ou período evolutivo, mas como uma relação específica entre consumidores e textos literários galegos que consiste na impossibilidade de naturalizar eficazmente o seu referente nacional. A competência com um outro nacionalismo mais forte, mais presente e decerto mais invisível, não o permite» (Pesado 2023: 125).

[90] Con escasas excepcións puramente individuais, no seo do galeguismo de entreguerras non se concretou un subsistema ideolóxico de base marxista (Beramendi 2007: 549), nin moito menos libertario ou anarcosindicalista. Como elemento indicativo, pode lembrarse que a presenza da lingua galega foi nula na prensa anarquista galega do período 1931-1936. Mentres que na socialista e en especial na comunista do mesmo período o galego gañou espazo de forma perceptíbel. Isto malia mantérense porcentaxes do 81% na prensa socialista e do 50% na comunista de medios monolingües en castelán (Beramendi 2007: 882).

Todo isto é pertinente para a análise da interacción entre revistas literarias radicadas en espazos nacionais distintos. En concreto para o estudo das transferencias culturais entre revistas galegas e catalás, cuxos ámbitos territoriais iniciais de intervención estiveron suxeitos nos anos vinte e trinta do século pasado a moi diferentes dinámicas de conflito e negociación entre as culturas políticas nacionais actuantes nos respectivos territorios, elas mesmas dotadas dunha pluralidade interna dificilmente homologábel en Galiza e Cataluña en termos socioculturais, simbólicos e discursivos.

En calquera caso, pensando sempre nos casos catalán e galego, son múltiples os factores que fan problemática a localización de homoloxías válidas no relativo a sistemas sociais e ás súas conexións coas culturas políticas en xogo. Pénsese, sen ir máis lonxe, no peso da industria e dos sectores obreiros respectivos, na presenza determinante de movementos como o agrarista ou o anarquista, nas tomas de posición cultural e lingüística por parte da xerarquía católica e do clero en xeral en Cataluña e Galiza ou no signo dos moi diferentes fluxos de migración até o estalido da guerra civil[91]. Pénsese en especial no que significa, mesmo para a emerxencia do mercado editorial, e de modo específico para o lanzamento e continuidade das revistas culturais, a existencia dunha cidade como Barcelona, con algo máis dun millón de habitantes censados no seu municipio en 1930, case catro veces a suma dos correspondentes ás sete maiores cidades galegas no mesmo ano (ao redor de 265.000, sendo A Coruña a máis poboada entón, con 71.000 habitantes). O sinalado constitúe un factor máis a ter presente cando se fala de transferencias culturais e as súas interpretacións subsecuentes nas revistas de entreguerras. A debilidade relativa das homoloxías convocadas puido favorecer —aínda que isto haberá de matizarse á luz de factores que en breve se introducirán— interpretacións nesgadas, parciais e mesmo interesadas dos materiais importados.

---

[91] Respecto disto último non sobrarán algúns datos. En 1900 a poboación galega superaba lixeiramente á catalá (na contorna de dous millóns de habitantes en cada territorio) e Galiza era despois de Andalucía a rexión do Estado máis poboada. Esta situación revértese no inicio do período aquí contemplado: en 1920 a poboación respectiva é de 2,12 e 2,34 millóns de habitantes. Na actualidade, a poboación catalá (7,7 millóns de habitantes) case triplica á galega (2,7 millóns).

Referentes nacionais de analoxía e transferencia cultural

Segundo se veu mostrando, a aplicación dunha perspectiva relacional proxectada non só sobre aspectos literarios senón tamén culturais, mediáticos, políticos, sociolóxicos e en especial históricos é imprescindíbel para unha cabal comprensión das transferencias e fluxos interculturais tal como se materializaron nas revistas literarias e como se programaron antes por parte dos axentes que as dirixiron con maior ou menor autonomía. Ese prisma relacional é así mesmo operativo para unha correcta intelección do desenvolvemento histórico dos movementos nacionalistas e da concreción habilitada en cada caso sobre o concepto de nación. Aceptar isto último supón que a construción da nación —por exemplo, en casos como o catalán e o galego durante a etapa de entreguerras— non se proxectou nin se tentou sustentar unicamente de portas para dentro.

En realidade, como expuxo Justo Beramendi en sucesivas publicacións desde mediados dos anos 80, esa clase de procesos integran sempre unha dimensión relacional a través da cal se establecen unha serie de referentes externos. Distinguir e examinar esoutros referentes nacionais, en relación cos cales se define o propio, constitúe un dos eixos do operativo relacional proposto polo historiador. Interesa destacar que unha das primeiras aplicacións do esquema metodolóxico que agora se introducirá foi efectuada por Beramendi sobre cuestións en principio de orde cultural e literaria, a fin de interpretar a produción de Rosalía de Castro e o proxecto do provincialismo galego (Beramendi 1986)[92]. Ao cabo, como resaltaba o historiador alsaciano Georges Weill pouco antes do estalido da Segunda Guerra Mundial, os provedores fundamentais dos discursos de reivindicación nacional no século XIX, e en menor medida na parte do século XX que nos ocupa, foron literatos, historiadores e filólogos.

Beramendi diferencia catro clases de referentes nacionais que se vinculan coa postulación discursiva da nación propia e do nacionalismo. En primeiro lugar, o «referente afirmativo», que é o central e inescusábel, pois que ao seu través se perfilan os factores constitutivos de definición e

[92] Un desenvolvemento ulterior localízase en Beramendi (2007: 561-591). Ofrece así mesmo interese unha fase intermedia plasmada na contribución do autor en Beramendi e Máiz (1991: 127-170).

diferenciación nacional nos planos de etnicidade, historicidade, estrutura socioeconómica e estrutura política. En segundo termo, o «referente de reintegración», complementario do anterior alí onde se acredite ou postule a existencia dun tronco etnohistórico nacional común que se aspira a restablecer. O terceiro é o «referente de negación» ou «de oposición», con dúas alternativas. Será un referente nacional *outro* alí onde primen chaves de etnicidade ou historicidade. En cambio, será o pasado propio alí onde se destaquen, por contraste, chaves socioeconómicas ou de organización política pretéritas, como acontece cos nacionalismos xurdidos das revolucións burguesas. Finalmente, a través do «referente de analoxía» fíxase a atención noutras entidades nacionais en que se observan características ou desenvolvementos que nalgún sentido se ambicionan e que se considera que poderían ser emulados.

Nas súas análises, á luz do esquema metodolóxico que se acaba de introducir, Beramendi prestou atención aos vínculos existentes entre os procesos dos nacionalismos galego e catalán, ambos de tipo orgánico-historicista, e as súas respectivas fases anteriores. Durante a etapa provincialista, á marxe de contactos ocasionais entre escritores e publicistas, como Víctor Balaguer e Antolín Faraldo, a atención recíproca foi escasa no plano político, pero xa empezaba a consolidarse unha idea de longo percorrido posterior: a de que Cataluña era un modelo que Galiza podería e debería imitar (Beramendi 2012: 22).

Fixábase así, xa naquela altura, un dos dous análogos fundamentais para o nacionalismo galego por vir. Cataluña configurábase como referente de analoxía por afinidade de tipo político. O outro análogo, Irlanda, aparecía por unha afinidade de tipo étnico, alentada desde o celtismo pola historiografía de José Verea e Aguiar, asimilada despois por Manuel Murguía e outros. Pola súa banda, Portugal non se constitúe propiamente como referente de analoxía senón de reintegración, aínda que en sentido pleno só nunha fase histórica ulterior. Tamén bastante posterior, e de moi inferior escala e consecuencias históricas, é a aparición doutros referentes analóxicos para Galiza, tanto de tipo político (Euskadi, Dinamarca) como de tipo étnico (Bretaña e o arco atlántico céltico no seu conxunto); se ben este último matizaría o peso das culturas mediterráneas —e, en consecuencia, o potencial de analoxía procedente de Cataluña— no imaxinario social e cultural galego consolidado no período de entreguerras polo grupo Nós.

Isto é claro, por exemplo, en Otero Pedrayo, quen en 1930 publica na revista *Nós* un anticipo do que tres anos despois dará a coñecer como *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. A polaridade resolvíase no seu caso optando por dúas chaves. Primeiro, a idea de que a cultura se sobrepón á historia. En segundo lugar, a proposta dunha renuncia ao peso excesivo da referencialidade cultural mediterránea, por Otero contemplada como unha enerxía en decadencia. Isto último, de certo, en liña co xa argumentado por Vicente Risco en *Teoría do nacionalismo galego*, de 1920.

A alusión a Cataluña ou á cultura catalá resulta así, en ambos os libros, punto menos que anecdótica[93]. Con probabilidade, como consecuencia do pano de fondo indicado: a contraposición entre os imaxinarios transnacionais asociados ao atlantismo e ao mediterraneísmo. Por certo, este último fora asimilado desde Cataluña analoxicamente por Eugeni d'Ors e o *noucentisme* a partir das bases estético-poéticas e de autoimaxe cultural proclamadas pola *école romane* de Jean Moréas. Non será preciso abundar en que aquel distanciamento cultural e imagolóxico risquiano e oteriano, que non deixa de ser algo forzado en termos de discurso social e de fantasía política, incidiu igualmente na percepción da cultura galega por parte dos novecentistas cataláns. E isto malia o innegábel contrapeso imagolóxico do escorzo estetizante de Galiza estimulado por Valle-Inclán, ben perceptíbel en Maragall.

Con todo, non é exactamente de autoimaxes nin de heteroimaxes culturais ou literarias do que agora corresponde falar, por moito que a imagoloxía comparatista incorporara, xa desde o propio Jean-Marie Carré, un máis que evidente núcleo político, correlativo nalgunha medida da tensión franco-alemá durante o período de entreguerras e dos espellos deformantes e as construcións ilusorias do outro nacional, sobre todo cando estas chegan a consolidarse como tradición que prexulga

[93] Otero recoñecía en calquera caso unha afinidade das culturas galega e catalá, xunto coa vasca e a cantábrica, nos seus compartidos sinais de identidade europeos e na súa radical *ajenidad* a todo o que representaría o carácter diferencial español, por el identificado como *mudejarismo*. A comprensión do asunto por Castelao apártase do indicado, segundo contribúe a demostrar, non sen contradicións internas, *Sempre en Galiza* (1944). En parte, se callar, porque Castelao pasou parte da guerra civil en Valencia e despois en Barcelona, onde promoveu en 1937 *Nova Galiza*, como xa foi sinalado.

e volve estática aquela alteridade, dando pé por esa vía a toda sorte de desenganos políticos e frustracións históricas. Expúxoo con exactitude Antoni Martí Monterde (2016).

A cuestión inmediata que se nos presenta posúe, de xeito interconectado, unha dobre vertente. Primeiro está a pregunta sobre os modos e alcance en que aquelas analoxías determinaron a acción política e a acción cultural na nación que aspiraba a asimilarse a certos referentes, tratando de reproducir incluso, na escala que se puider, as súas bases estruturais, a súa experiencia histórica e en última instancia os seus «posíbeis» nacionais, aquilo que estaba ao alcance da man conseguir e consolidar. Esa pregunta podería formularse así: até onde alcanzou o impulso de imitación ou mesmo de emulación? Xa en segundo termo, aparece a necesaria atención ao outro lado do espello, o que corresponde ao «análogo escollido», para así tratarmos de observar e clasificar as consecuencias internas que implicou a súa selección e constitución como referente.

Neste punto cómpre destacar un factor determinante. Cataluña compartía con Galiza xa desde aqueles albores de construción discursiva protonacional —e tamén con Euskadi, é indubidábel[94]—, un claro referente de oposición, non sempre delimitado en termos políticos e identitarios do mesmo xeito. Porque unhas veces ese referente de oposición se estableceu en España como Estado plurinacional non igualitario, que se negaba ou refutaba —abríndose paso así a algunhas alternativas independentistas, aínda que sobre todo a outras de signo federalista ou iberista, orientadas á reinstauración dunha «Hespaña» plurinacional onde ningunha nación dominaría sobre as demais—, e outras veces en España como nación allea que somete á propia, o cal se asociou tanto en Galiza como sobre todo en Cataluña a pulos separatistas máis resoltos e enérxicos (Beramendi 2007: 574-583). En definitiva, a existencia dese

[94] Para o período atendido neste traballo, pénsese no acordo trilateral Galeuzca, ou Pacto de Compostela (1933), asinado polo Partido Galeguista, Ultreia, Partido Nacionalista Vasco, Acción Nacionalista Vasca, Palestra, Unió Democràtica de Catalunya, Acció Catalana Republicana, Esquerra Republicana de Catalunya e Lliga Catalana. Tamén na Tripla Alianza, o seu precedente de 1923 —máis inclinado ao independentismo—, formalizada polas Irmandades da Fala, Irmandade Nazonalista Galega, Partido Nacionalista Vasco, Comunión Nacionalista Vasca, Acció Catalana, Unió Catalanista e Estat Català.

referente de oposición común, na modalidade que for, é o que explica o interese do rexionalismo catalán por promover no último decenio do século XIX discursos e estratexias afíns noutros territorios peninsulares, incluso nos dominios coloniais do Estado. Galiza constituíu neste sentido para a Lliga de Catalunya unha posibilidade de alianza para materializar algún día obxectivos compartidos.

De todo o que se indicou, e doutros desenvolvementos posteriores que se apuntarán, foron testemuñas principais, e altofalantes privilexiados, xustamente os medios xornalísticos e algunhas revistas e suplementos de signo político-cultural. Entre aqueles, *A Patria Galega*, *Revista Galega* ou *La Veu de Catalunya*, vinculados aos rexionalismos respectivos e atentos en simultaneidade á vida cultural e literaria e á acción política, con algunha frecuencia mantendo unha reciprocidade máis que dinámica na circulación de textos e informacións (Diaz Fouces 2020: 46-51). Ou até, desde percepcións máis voluntaristas que fiábeis, chegando a asumir unha «relación dialéctica de influencia mutua» (Ribera Llopis e Rodríguez González 2000a: 250)[95]. Esta podería rastrexarse, para os investigadores citados, en particular durante o período 1885-1906. É dicir, entre a morte de Rosalía de Castro, cuxos *Cantares galegos* alcanzaran notábel repercusión en Cataluña e contribuíron a modificar estereotipos e demais chaves imagolóxicas (Hermida Gulías 1993), e a fundación de Solidaritat Catalana.

Claro que existe outra forma de contemplar esa alianza dirixida contra o referente común de oposición ou negación. Beramendi (2012: 33) recoñece que o seguidismo do modelo catalán chegou a ser para os rexionalistas galegos, durante decenios, «case obsesivo». Ese afán foi percibido, sobre todo a partir do xiro representado polo *Manifesto* da I Asambleia Nazonalista das Irmandades da Fala (Lugo, 1918), como asimétrico, case sempre efémero —ligado a complicidades atravesadas con frecuencia polo tacticismo— e a final de contas vivido desde Galiza como frustrante (Beramendi 2012: 42-43).

[95] A cita é asumida polos autores a partir dunha publicación anterior de Alfonso Magariños. Aparece tamén noutras das súas publicacións conxuntas, mesmo anteriores (Ribera Llopis e Rodríguez González 1998: 97 e 2000b: 122), aínda que de modo bastante máis matizado.

Sen intención de exhaustividade, esa ascendencia de longo percorrido contaba con precedentes como o dos Xogos Florais coruñeses de 1861, convocados dous anos despois que os Jocs Florals barceloneses. Reforzouse en 1890 coa fundación da Asociación Regionalista Gallega e en 1897 coa da Liga Gallega. E de novo en 1907 co lanzamento de Solidaridad Gallega, fronte contra o caciquismo e o *turnismo* do sistema da Restauración activado un ano despois da eclosión de Solidaritat Catalana. A diferenza desta organización, e salvada a súa crucial influencia a medio prazo no movemento agrarista, Solidaridad Gallega resultou en primeira instancia irrelevante en termos de representación parlamentaria, así como en músculo programático, pese á súa promoción do semanario *A Nosa Terra*.

Perante a sucesión de feitos como os detallados e outros igualmente significativos, Diaz Fouces (2020) ten argumentado que o propio sería falarmos de algo máis que de imitación e seguidismo desde Galiza por parte das organizacións políticas e das iniciativas culturais e institucionais promovidas. A súa proposta fala directamente de oscilacións entre a cooperación e a manipulación por parte do rexionalismo e o nacionalismo catalán. Refire incluso a existencia dunha «autèntica voluntat de tutela» (173).

Sen que caiba unha refutación tallante de interpretacións desta índole, é evidente que existe unha cuestión de fondo que non hai que perder de vista. En concreto, a que deriva dun contraste rigoroso entre os diferentes espazos de posibilidades catalán e galego —os seus *posíbeis*— ao longo do período histórico referido, separando con claridade a realidade e as lexítimas pretensións de axentes individuais e organizacións; algo que á súa vez se explica desde os moi diferentes graos de desenvolvemento socioeconómico e institucional alcanzados, como tamén desde o carácter máis funcional e pragmático —ou menos volátil, especulativo e figurado— da acción política nos respectivos espazos públicos.

O movemento cara a unha superación argumentada do rexionalismo non se produciu en Galiza até a comparecencia do impulso político das Irmandades en 1916, por tanto dez anos despois da publicación por Enric Prat de la Riba de *La nacionalitat catalana* e tamén do xiro *imperialista* efectuado polo iberismo catalanista como refutación do iberismo de signo biestatal e do federalismo (Martínez-Gil 1997: 254-273). Ao

longo de 1917 as Irmandades e a Lliga estreitaron a súa colaboración. Francesc Cambó visitou Galiza e en Barcelona promoveuse unha Semana Galega. Meses despois ambas as organizacións acordarían a compra do diario coruñés *El Noroeste* para así fortaleceren unha causa experimentada nalgunha medida —e por pouco tempo— como común, pero que ademais formaba parte estratéxica do programa de intervención exterior bosquexado por Cambó con apoio executivo en Joan Estelrich (Revelles Esquirol 2014). Nese programa, baixo a óptica catalanista, Galiza constituíase en complemento necesario de Portugal, seguindo formulacións postuladas xa en 1911 por Ignasi Ribera i Rovira nos seus *Ensayos iberistas. Portugal y Galicia nación*[96]. Con certeza, todo iso tivo plasmación puntual en xornais e revistas político-culturais da etapa histórica que se acaba de esquematizar, polo menos até que as condicións cambiaron co golpe de Estado do xeneral Primo de Rivera e o aval rexio.

Xusto a partir de 1918, segundo o exposto por Thomas Harrington (2002 e 2010: 156-162), alcanzaban significación así mesmo os propósitos e actividades do coñecido como Cercle Maristany, que facilitaron de modo notorio a proxección exterior da literatura e a cultura catalás. Pola súa sintonía con Vicente Clavel, fundador da Editorial Cervantes recentemente trasladada de Valencia a Barcelona, o poeta e tradutor Fernando Maristany puido canalizar con dinamismo varias coleccións e antoloxías destinadas a estimular en simultaneidade o interese polas letras catalás e o ideario iberista. Contou para iso co apoio dunha rede de contactos peninsulares e internacionais. Até 1924, cando Maristany falece prematuramente e se cortan os fluxos propiciados pola empresa editora (Harrington 2010: 160) —o cal non deixa de ser un indicio da fraxilidade da rede fomentada—, chegara a atraer ao proxecto non só a Gaziel, Alfons Maseras, o propio Ribera i Rovira e outros intelectuais cataláns, senón ademais a outros grupos, afectos nalgunha medida a ideais iberistas ou simpatizantes coa súa causa, aínda que de ningún modo homologábeis entre si. O primeiro deses núcleos sería o formado por un grupo de críticos e publicistas radicados en Madrid, con Enrique Díez-Canedo e Andrés González Blanco á cabeza. O segundo estableceuse ao redor dun sector de escritores adscritos á Renascença portuguesa, basicamente

[96] Para situar e comprender a traxectoria intelectual e ideolóxica de Ribera i Rovira, en particular en relación cos asuntos que nos ocupan, véxase Martínez-Gil (1997: 98-203) e Harrington (2010).

Teixeira de Pascoaes e Leonardo Coimbra. O terceiro núcleo, máis difuso que os anteriores, estaría configurado por autores procedentes de diversos países europeos e latinoamericanos, en ocasións por activación de algo moi próximo ao que antes se identificou como «referente de analoxía». Entre estes autores cabería destacar ao mexicano Rafael Lozano, ao checo Rudolf Slabý e ao armenio Hrand Nazariantz, partícipes en diferentes proxectos da Editorial Cervantes. Lozano foi, de feito, director de *Prisma. Revista de Poesía Internacional*, que por breve tempo lanzou en París esa casa editora (Harrington 2002: 125-126).

Aos vínculos indicados por Harrington, Padró Nieto (2019: 21-26) engadiu un máis de particular interese para o que aquí tratamos. O establecido por Maristany co núcleo da revista coruñesa *Alfar*, decisivo para unha serie de colaboracións catalás recibidas pola publicación que dirixía o uruguaio Julio J. Casal e, cando menos, coadxuvante para varias outras. Entre as primeiras, as de Maseras e outras sinaturas da súa contorna intelectual. Tamén, de modo destacado, as ligadas a Josep Maria López-Picó, director de *La Revista*, canle fundamental de proxección do *noucentisme*, e a *Revista de Poesia*, dirixida por Marià Manent[97], medios que en relación coa propia *Alfar*, ou en xeral con Galiza e a cultura galega, non alcanzaron a mostrar especial interese. Porén, hai un aspecto máis, anotado por Padró Nieto, que conviría resaltar debidamente. En concreto, o seu comentario sobre a dificultade de analizar con precisión os campos literarios galego e catalán dos anos 20 abstraéndose non só da sociabilidade intelectual vehiculada nas revistas literarias senón tamén do que describe como «clima iberista que se encontraba en el ambiente» (Padró Nieto 2019: 30), asunto no cal aquí tampouco é factíbel profundar.

Heteronomía, transferencias e nacionalismo literario

O operativo metodolóxico aplicado por Beramendi, centrado na descrición e análise de referentes como os de analoxía e oposición, foi

[97] Teresa Rosell (2019) estudou a dedicación crítica de Manent no cadro de desenvolvemento da modernidade cultural catalá, destacando para isto a súa faceta como mediador entre a cultura propia e as culturas estranxeiras. A súa análise asume de forma explícita, por outra banda, a conceptualización sobre transferencias culturais debida a Espagne, á que se fixo anterior referencia.

asimilado e ampliado de forma recorrente nas súas aplicacións culturais e literarias pola Rede Galabra, dirixida por Elias Torres Feijó desde a Universidade de Santiago de Compostela e especializada, entre outros planos, no estudo das relacións culturais intersistémicas[98]. Algúns destes traballos enfocáronse xustamente cara aos vínculos entre as literaturas catalá e galega, aínda que outorgando prioridade a etapas históricas posteriores á aquí considerada. De todos os xeitos, no modelo desenvolvido por Roberto López-Iglésias Samartim sobre os anos 1974-1978 localízanse algún axustes conceptuais, que en parte se mencionaron xa en páxinas anteriores a diversa luz teórica (asociada a Espagne, Figueroa e outros) e que agora pasaremos a describir de forma sucinta.

O principal é a proposta de que o referente de analoxía (ou a función referencial de analoxía) estaría determinada polas diferentes lóxicas e programas de acción política propios dos grupos que participan no sistema cultural. O autor entende esas lóxicas como os modos de actuar ou intervir en espazos específicos de posibilidades, entendido isto último no sentido de Bourdieu, xa descrito. Establece ademais unha comprensión de cada programa de acción segundo a súa estrita localización nun tipo concreto de espazo institucional, para cuxa delimitación —lémbrese que se fala dos anos inmediatos á morte de Franco— é chave o seu emprazamento ben na resiliencia ben en resistencia político-cultural (López-Iglésias Samartim 2012: 109). En realidade, segundo se explicita nese mesmo lugar, a validez de tal proposta está asociada ao alto grao de heteronomía que nos anos 1974-1978 referidos —aínda que o mesmo cabería indicar para o período de entreguerras— definen os campos/sistemas culturais galego e catalán en relación cos respectivos campos políticos. Iso obrigaría a analizar calquera transferencia dada entre os sistemas culturais catalán e galego desde a estrita delimitación,

[98] Chamarei a atención sobre o feito de que a tese doutoral de Torres Feijó, defendida no ano 1996, se centrou precisamente nas relacións entre Galiza e Portugal a través das revistas culturais do período 1900-1936. Fíxoo ademais mediante a posta en práctica dunha metodoloxía e un dispositivo conceptual que mantiveron vixencia e aplicabilidade posterior para as investigacións da rede mencionada. Por exemplo, no relativo á diferenciación de referentes formulada por Beramendi, e, de forma central, na asunción de base da teoría dos polisistemas de Even-Zohar. Parte da tese, a concentrada nos anos 1891-1906, publicouse con incorporación dun útil apartado final de «Notas teórico-metodolóxicas» (Torres Feijó 2019a: 737-757).

na resiliencia ou na resistencia —ou, no seu caso, mesmo nunha oficialidade adaptada ás pautas do réxime—, das posicións de saída e de chegada do produto transferido. For este un poema, un manifesto, un elemento de repertorio, un instrumento programático ou institucional, unha poética ou calquera outro.

Engadirei que non vexo problema en enlazar esa severa heteronomía, tanto no período da transición como no de entreguerras, e no grao que corresponda a cada caso, co que González-Millán (1995: 77-79) describiu como «nacionalismo literario», entendido como unha fase anterior á correspondente á constitución dunha literatura nacional. O que caracterizaría ao nacionalismo literario na súa evolución cara ao status de literatura nacional sería, precisamente, a ausencia dun desenvolvemento suficiente do ámbito discursivo-institucional. Dito doutro xeito, o nacionalismo literario sería o resultado dunha autonomía discursiva deficiente, derivada do feito de que a produción e o consumo literarios se converten, baixo determinadas circunstancias e de modo vicario, no único espazo público existente. Unha consecuencia decisiva é que os escritores e as súas canles habituais de intervención —incluídos xornais e revistas— reteñen de forma desproporcionada o control do campo de produción ideolóxica (Bourdieu 1977, Sapiro 2007). Por iso é tan relevante, en relación co que aquí se debate, a existencia ou non dun mínimo de institucionalización discursiva (González-Millán 1995: 77). Aí radica a posibilidade de existencia e consolidación das literaturas nacionais, rango que segundo González-Millán (1995: 78) se alcanzaría só a partir do momento en que, por parte dun determinado ideario nacional(ista), se alcanza unha suficiente lexitimación social e en simultaneidade se potencia a institucionalización autónoma de valores e canonicidades de orde centralmente estética.

Un problema heurístico complementario é o da mixtificación e vulgarización crecentes das nocións de «sistema literario» ou «campo literario» como meros sinónimos *aggiornati* do que sempre se entendeu, tamén por vías simplificadoras, por «literatura nacional». E, como consecuencia diso, o sólido (e adulterado) vínculo mantido co chamado «criterio filolóxico», ou «lingüístico», de definición das literaturas nacionais. Como se un sistema ou un campo correspondesen sempre (e só) a unha lingua e, ademais, só aos produtos considerados «textos» (novelas, poemas, dramas… e, probabelmente, tamén revistas), deixando deste

xeito á marxe todo o que non é texto[99]. Iso significaría, fixémonos ben, que todo o que non se presente como texto —en realidade, como texto escrito na lingua que se (pre)asumiu como delimitadora do sistema— sería extrasistémico, o cal constitúe unha flagrante contradición coa epistemoloxía e coa heurística de base. Neste sentido, é pertinente lembrar unha vez máis, con Bourdieu, que os límites dun campo literario, cultural ou doutra orde sitúanse alí onde se constatan aínda os seus efectos. Até ese lugar, como mínimo, chega o campo. Pois ben, con toda evidencia, os efectos do campo cultural español, así como os propios do subcampo de revistas literarias a el asociado, chegaron no período de entreguerras, e seguen chegando, aos campos culturais catalán e galego. Fixérono, e seguen a facelo, en medida e intensidade ben distintas das que corresponderían aos efectos documentábeis en sentido inverso.

Teño dedicado algunhas reflexións a este asunto desde a perspectiva dos estudos sistémico-culturais. O básico refírese ao feito de que os sistemas culturais consolidados teñen a capacidade de xerar o que denominei «delegacións sistémicas» (Casas 2003: 74-75), actuantes unhas veces na periferia e outras en posicións máis preeminentes ou centradas de sistemas culturais próximos, en especial se estes son deficitarios e non se consolidaron; como ocorre, por exemplo, en fases protosistémicas do seu desenvolvemento histórico. Existe un vínculo evidente entre o fomento por parte do sistema consolidado destas delegacións sistémicas —cuxo obxectivo último é debilitar o sistema concorrente, algo do que se ocupou así mesmo, a outra luz, a semiótica da cultura de Lotman— e o antes sinalado a propósito dos procesos de nacionalización. Nomeadamente, pola funcionalidade discursivo-institucional e o rendemento político das delegacións sistémicas en marcos estatais plurinacionais e plurilingüísticos. Unha vez máis, xornais e revistas xogan un papel discursivo-institucional de relevancia nese despregamento «delegado» que impulsa localmente un sistema cultural dominante sen prescindir

[99] Deixando á marxe, por exemplo, dimensións como a institucional e a relativa ao consumo e á recepción. O problema de fondo consiste en proxectar e soster como criterio non só delimitador senón identificador do sistema ou do campo literarios algo que servía facilmente para distinguir literaturas nacionais (do tipo: tal texto pertence á literatura *a* se e só se está escrito na lingua α, que é a propia da nación *A*), pero só literaturas nacionais.

por iso dos seus operativos xerais e centralizados de consolidación, poder e control[100].

Antes de pasar a outro plano, un corolario heurístico inmediato do arriba indicado é que resulta como mínimo controvertido expor na perspectiva dunha socioloxía cultural —creo que tamén na dun comparatismo crítico— un estudo das revistas culturais galegas e catalás de entreguerras, ou doutro tempo histórico, abstraéndose das redactadas total ou parcialmente en linguas diferentes do galego e o catalán nos territorios de implantación destas linguas, que por outra banda non

[100] Torres Feijó estudou nun importante traballo, xa citado en páxinas anteriores, o lugar da revista gráfica *Vida Gallega* no espazo cultural galego a partir de 1909, cando a lanzou en Vigo Jaime Solá, o seu promotor e director. Na valoración de Torres Feijó (2023: 13), trataríase do «órgão não diário fundamental no anfissistema galego na altura». Téñase presente que, segundo datos fornecidos polo propio medio, de aparición mensual ou quincenal segundo as etapas e caracterizado por unha ampla proxección exterior entre a emigración galega e por un prestixiado esmero fotográfico, e en xeral gráfico, con Castelao como portadista durante varios dos primeiros números, tería alcanzado en certos momentos da súa longa traxectoria pública (1909-1938) tiraxes de até 70.000 exemplares. A propósito do concepto de *anfisistema*, centralmente operativo no artigo referido de Torres Feijó sobre esta revista mensual/quincenal, son moi clarificadoras as delimitacións teóricas establecidas polo autor nun contributo anterior, cuxo referente inicial era a súa tese de doutoramento, da que xa se fixo referencia. Aínda que algo extensas, será ben recuperar esas delimitacións porque contribuirán a perfilar mellor, nos contrastes e nas coincidencias, algunhas das ideas expostas ao longo do meu propio traballo. Escribe Torres Feijó (2019b: n. 14, 54-55): «Tenho utilizado alguns prefixos gregos para matizar o *sentido sistémico* de determinadas situações e tendências: *proto-*, para indicar a tendência a constituir um sistema por parte dum grupo e para caraterizar esse mesmo quadro; *sub-* para aludir a agências que procuram especificidades dentro dum sistema sem pretender substituí-lo; *para-* querendo com ele conceitualizar aquelas atividades e agentes que funcionam à margem do sistema que domina o espaço social em que se inserem, sem pretensões nem de pertença nem de substituição mas de existência independente e não relacional nem conflituosa com aquele. Utilizo agora o de *anfi-* (anfissistémico) para denominar aquelas situações em que o funcionamento sistémico [é] ambíguo[:] tanto pode funcionar (ser produzido, canalizado, recebido, etc.) como subs-sistémico como como proto-sistémico e, até, como para-sistémico, e que no momento em que redigim a minha tese de doutoramento, de onde este capítulo procede, não soubem denominar. Tendo em conta o papel da literatura e da língua em particular e da atividade cultural em geral como vinculáveis e veículos dumha comunidade diferenciada, é claro que a constituição de cada um desses projetos sistémicos tem implicações políticas e sociais que podem ser fundamentais».

sobrará lembrar que transcenden os límites administrativos de Galiza e moi en particular de Cataluña. Redactadas por exemplo en castelán, para expresalo con total claridade[101]. Dito doutro xeito, a extensión do criterio lingüístico ou filolóxico de delimitación dunha literatura nacional ao campo das revistas literarias, en particular en fases de institucionalización deficiente, constituiría unha incoherencia heurística[102]. Podería ser ilustrativo en relación con isto o caso vasco, que por outra banda vén redundar en algo subliñado de modo suficiente en páxinas anteriores a propósito das asimetrías entre as culturas peninsulares consideradas periféricas. Porque o certo é que non existen revistas literarias en euskara até mediados do século xx, cando Jokin Zaitegi lanzou desde o exilio guatemalteco *Euzko Gogoa* (1946) e apareceu en territorio vasco *Egan*, bilingüe entre 1948 e 1953 e monolingüe en euskara a partir dese ano[103].

Segundo foi anticipado, Martínez-Gil (2015) observou a posibilidade dunha aplicación ao espazo ibérico dalgunhas propostas metodolóxicas desenvolvidas por Cioranescu (1964) en torno ás «relacións de interferencia». Entendíanse estas polo comparatista romanés como as dadas nun plano internacional entre literaturas diferentes, orixinándose «una interpenetración múltiple de ideas o de corrientes» (Cioranescu 1964: 74). Mais a condición sempre de que tales relacións non se reducisen ao trato ou coñecemento individual entre autores (o cal orixinaría

[101] Un exemplo, revelador ademais sobre determinados desequilibrios na clase de transferencias culturais aquí estudadas, é o ofrecido por Navas Sánchez-Élez e Ribera Llopis (2013) a propósito da revista *Estvdio*, publicada en castelán pola Societat d'Estudis Econòmics de Barcelona entre 1913 e 1920. O baleirado da revista mostra algunhas pautas informativas sobre a historia, a cultura e a literatura galegas que poderían ser representativas de tendencias habituais noutras revistas catalás do seu tempo, isto con independencia da lingua utilizada. Entre esas pautas, figuraría a centralidade matriz de Rosalía e, non tan paradoxalmente, unha menor atención a cuestións culturais e autorías literarias que á historiografía e ao pensamento.

[102] Padró Nieto (2022: 153-159) examinou baixo foco problematizador boa parte destes mesmos aspectos á hora de fixar o corpus de estudo pertinente para unha análise da presenza da cultura portuguesa nas revistas e a prensa catalás do período 1900-1950.

[103] Sobre os problemas de delimitación do que sexa unha revista cultural/literaria vasca, en relación co exposto e con outros asuntos conexos, véxanse os capítulos de Jon Kortazar, Aiora Sampedro e Asier Barandiaran incorporados a Sáez Delgado *et al.* (2022: 221-248).

apenas «relacións de contacto») nin ao fluxo de temas ou outros elementos entre un conxunto de diferentes literaturas, aínda en períodos históricos dilatados (o que daría lugar a «relacións de circulación»). Esas tres serían para Cioranescu (1964: 74) as «posibilidades que se ofrecen a la comparación literaria». Como anotou Martínez-Gil (2015: 40-41), con base en formulacións heurísticas do propio Cioranescu (1964: 104-109), entre as relacións de interferencia cabería considerar as xurdidas a partir dunha serie suficiente de relacións de contacto individuais, agregadas ou sumadas de maneira sucesiva durante un proceso histórico dado. Pois ben, segundo o seu criterio, que aquí procedo a adaptar, o anterior sería aplicábel aos vínculos de atención recíproca entre as literaturas catalá e galega desde mediados do século XIX até, ao mínimo, os anos da Segunda República. Segundo se reiterou en páxinas anteriores, en Cataluña e Galiza chegouse a promocionar, por motivos non sempre homólogos nin na mesma escala, a observación atenta da traxectoria da outra cultura periferizada. Fíxose así, e mantívose no tempo, mediante sucesivos e permanentes contactos, sostidos no fundamental por representantes dos respectivos movementos rexionalistas e nacionalistas —certamente vixentes e dinamizados no período de entreguerras que centra agora a nosa atención. O máis relevante da proposta de Martínez-Gil radicaría, segundo o interpreto, no razoado sobre o fundamento desas redes político-culturais e, en definitiva, tamén sobre as relacións de interferencia correlativas. Ese fundamento localizaríase no feito de que os movementos indicados, sen renuncia ás súas propias axendas, compartían a aposta pola modernización de estruturas e culturas políticas no marco estatal común. Ese impulso de avance cara á modernidade compatibilizouse, pois, coa loita por un recoñecemento o máis amplo posíbel do carácter plurinacional do Estado. Unha cousa e a outra resultarían neutralizadas coa derrota da República.

Para finalizar este apartado de consideracións críticas sobre diferentes propostas e modelos metodolóxicos, prestaremos atención ao exposto por Ribera Llopis (2014), atento igualmente en certa medida ao modelo de Cioranescu, sobre os que denomina «modos conectores», referidos a tres posíbeis situacións de interliterariedade. Unha delas, como se anticipou, corresponderíase co caso que aquí nos ocupa. Eses tres modos son descritos polo autor en función do tipo de conexión establecido:

> entre una literatura minorizada y restaurada y aquella estable que marcó su minorización (a); entre dos literaturas minorizadas y restauradas ante una estable y común minorizadora (b); y entre una literatura minorizada y restaurada y otra estable de la conjunta comunidad interliteraria pero distinta de aquella que impuso la minorización (c). (Ribera Llopis 2014: 61)

O primeiro modo correspondería, por exemplo, á conexión entre as literaturas catalá e castelán-española. O segundo, tamén por exemplo, á existente entre as literaturas catalá e galega. O terceiro, entre outras, á dada entre a literatura catalá e a portuguesa. Vaiamos co segundo modo de conexión, por tanto. En liña con outras publicacións conxuntas ou de autoría individual, algunhas das cales se citaron xa, Ribera Llopis efectúa un repaso do diálogo interliterario galego-catalán fixando a atención fundamentalmente no que presenta como un mutuo «itinerario enriquecedor» (67), fortalecido por un programa compartido de restauración que trataría de deixar atrás a minoración provocada (68). Con todo, Ribera Llopis non acaba de conceder importancia na súa comprensión do segundo modo conector —tampouco na do terceiro— á existencia dalgunha forma de asimetría xerarquizadora ou de supremacías reclamadas e sostidas discursivamente, que na práctica parece considerar exclusivas do primeiro modo conector. E nese sentido sostén que «[e]l diálogo interliterario gallego-catalán se ejecuta en un contexto de paridad de fuerzas literarias», como tamén o faría, sempre no seu criterio, o diálogo portugués-catalán (73). Con probabilidade, trátase de xuízos expresados desde o optimismo da vontade, pero non parece que aquela paridade poida demostrarse. Entre outras razóns, polo argumentado en páxinas anteriores ás veces desde anotacións tomadas do propio Ribera Llopis. Máis unha vez, o problema de fondo podería radicar en comprensións que se fundamentan en termos de autonomización excesiva das transferencias culturais e os procesos interliterarios. Por tanto, de insuficiente integración de chaves históricas e socio-políticas.

Prospectiva

A análise dos circuítos de colaboración e de transferencias entre as culturas galega e catalá no lapso considerado conta cunha serie, non moi ampla, de contribucións case sempre rigorosas e no seu conxunto exhaustivas, atentas ao rexistro de relacións interculturais, interartísticas

e interliterarias. En ocasións, mediante panorámicas historiográfico-comparatistas e a maior parte das veces mercé ao detalle ofrecido por estudos de caso. Isto é así malia non se alcanzar nunca a atención académica que *a priori* parecería razoábel esperar. En particular a partir de mediados os anos oitenta, cando, superadas en parte as circunstancias políticas que condicionaran o desenvolvemento democrático, medrou e mellorou o sistema universitario estatal e se incrementaron os recursos para a investigación.

Naqueles anos, e até comezos do século actual, xurdiron iniciativas investigadoras centradas en autores seleccionados pola súa centralidade canónica, e sobre todo polo seu carácter determinante para certos cambios de orde estética, ideolóxica ou temática. Ou tamén por propiciaren innovacións historiográficas, político-culturais ou artísticas. Entre eles, Milà i Fontanals, Balaguer, Murguía, Rosalía, Brañas, Maragall, Rusiñol, Prat de la Riba, D'Ors, Risco, Castelao, Gaziel, Riba, Salvat-Papasseit, Manuel Antonio, Garcès ou Cunqueiro.

Sobre as liñas de traballo priorizadas —entre elas, as debidas a García (1988), Alonso Montero (1993), Hermida Gulías (1993) ou Cerdà, Martínez-Gil e Veiga (2003)— dispomos de cumprida e detallada información mercé a un par de balances, xa algo afastados no tempo, da autoría conxunta de Juan M. Ribera Llopis e Olivia Rodríguez González (1998 e 2000b), presentados así mesmo como anticipo dun programa de investigación do que houbo relevantes concrecións posteriores. Significativamente, algunhas das investigacións referidas fixeron da análise hemerográfica e da atención ás revistas culturais parte central, ou polo menos destacada, dos operativos metodolóxicos aplicados. Entre as conclusións dos balances de investigación presentados por Ribera Llopis e Rodríguez González (1998 e 2000b) atópase a confirmación do desequilibrio habitual entre o interese espertado en Galiza e Cataluña pola cultura e os procesos históricos e políticos da outra nación. Ese interese móstrase máis definido e constante desde Galiza, tanto no referido á esfera mediática como á académica. Con todo, esa estimación tería que matizarse se o exame se estender aos dous primeiros decenios do século XXI.

As variantes da clase de atención sinalada ampliáronse, en efecto, nos últimos dous decenios, reforzadas polo impulso proveniente dos estudos ibéricos e, en certo xeito, pola incidencia do xiro posnacional na

concepción das interrelacións das culturas ibéricas. Tamén polo interese mostrado desde ópticas comparatistas máis tradicionais, moi pendentes aínda, en calquera caso, dos respectivos canons e da reciprocidade das atencións intelectuais cruzadas. Pero segue sen abrirse excesivo espazo á metodoloxías de fundamentación histórico-sociolóxica ou ás propias dun comparatismo crítico, que aquí se sinalaron como máis acaídas para a investigación das transferencias culturais e literarias. En particular, para as asociadas coas revistas.

Unha liña en que converxerían dalgunha forma esas dúas perspectivas é a que podería representar a historia comparada dos intelectuais perfilada por Joseph Jurt (2021: 273-293). A súa aplicación aos asuntos que agora nos ocupan estaría capacitada para contribuír a clarificar algo en que se insistiu xa aquí, tanto desde a teoría das temporalidades relativas e a historia conceptual de Koselleck como desde a comprensión das transferencias culturais e as refraccións consecutivas por teóricos como Espagne, Werner, Figueroa e outros. En definitiva, polo feito de compartiren un mesmo tempo histórico, ou mesmo semellantes procesos históricos, non pode afirmarse necesariamente que os campos intelectuais (ou os espazos públicos) correspondentes a dúas realidades nacionais distintas sexan nalgún sentido homólogos. Nin tampouco que, máis aló de aspectos fútiles, sexan sequera comparábeis en ausencia dunhas mínimas cautelas e da esixencia dun mínimo de utilidade para o exercicio da comparación.

O mesmo cabería indicar sobre os respectivos campos de produción ideolóxica, decisivos en condicións de heteronomía como as que caracterizan as fases de nacionalismo literario previas á configuración dunha literatura nacional relativamente autónoma[104]. E todo iso é así malia se tratar de procesos de emancipación nacional pendentes dun referente de oposición compartillado. Son aspectos, por outra banda, que os propios estudos ibéricos quizais non contemplan coa debida profundidade. Aspectos que non se dan asumido de forma suficiente

[104] Para unha mellor comprensión deste e doutros conceptos próximos empregados por González-Millán, tamén para o oportuno contraste desde unha ollada teórico-crítica actualizada, será oportuno consultar as propostas de Lourido (2023) e Pesado (2023). Unha das cuestións susceptíbeis de debate é a dese carácter supostamente sucesivo das fases mencionadas.

até agora, pese á súa entidade como elemento transversal de descontinuidade e fractura.

Como se suxeriu, a referencia a publicacións periódicas con respecto ao estudo das relacións interculturais ou interliterarias galego-catalás no período considerado é habitual, mesmo frecuente. Mais comparece case sempre en segundo plano, como reforzo doutras consideracións. Por conseguinte, en liña con algunhas das pautas que na parte inicial deste traballo foron descritas arredor do carácter subsidiario ou ancilar da atención ás revistas, entendida esta atención como fase preparatoria para unha formalización ulterior de análises críticas (sobre autores e obras, no básico; se callar, tamén sobre grupos ou poéticas) ou para a elaboración de síntese historiográfico-literarias sobre determinados períodos.

No entanto, segundo se argumentou desde unha sucesión de ángulos de observación, a atención á clase de procesos que nos ocupan incorpora factores que non poden eludirse. Algúns deles converxen causalmente na propia eclosión dos estudos sobre publicacións periódicas, e con certeza na puxante axenda académica por eles propiciada. Outros proveñen da heurística e dos operativos metodolóxicos da socioloxía do campo cultural, dos estudos asociados co funcionalismo dinámico e o paradigma sistémico ou da análise institucional da literatura, todo o cal fixo relativamente frecuentes as mencións de Bourdieu e os seus continuadores, ou as das escolas de Bratislava e Tel Aviv. Outro dos factores principais que consideramos neste estudo deriva do feito de que se está a facer referencia a relacións interculturais entre dúas nacións sen Estado, integradas durante séculos nun Estado común que non as recoñece como tales nacións e que, en definitiva, as nega.

Para concluír, hai dúas consideracións que convén facer explícitas. A primeira afecta ao tipo de publicacións que haberían de terse presentes nunha análise como a aquí exposta, comezando pola incerta delimitación entre revistas culturais e revistas literarias. Segundo houbo oportunidade de comentar, a opción máis estendida, mesmo antes da emerxencia dos estudos sobre publicacións periódicas, consiste en clasificar como obxectos de investigación ben diferenciados os xornais diarios, os hebdomadarios, os suplementos literarios e as revistas propiamente ditas, teñan estas unha orientación político-cultural, cultural, artística ou literaria. Porén, autores como Powell (2011: 443-444), de-

fenderon desde o cadro teórico dos *Periodical Studies* que non sempre resulta operativa ou xustificábel esa decisión, en particular se se pensar en parámetros como tiraxe e audiencia en conexión cos perfís do público lector e co acceso de autores e outros axentes culturais a unha difusión máis eficiente de ideas e tendencias, factor nunca desprezábel, aínda que só for en termos de mercado.

As razóns de fondo aducidas entre outros por Powell son facilmente entendíbeis, sobre todo trasladadas ao tempo histórico que aquí centrou a nosa atención e ás específicas circunstancias designadas baixo o concepto de «nacionalismo literario» como fase evolutiva *previa* á de consolidación dunha «literatura nacional» (González-Millán 1995). O certo é que as publicacións e tomas de posición correlativas a esas circunstancias alcanzaron concreción explícita e vehicular en medios de moi diverso alcance e condición, incluídos —á marxe de revistas, semanarios e diarios— boletíns corporativos, gacetas, órganos de difusión partidarios e sindicais e outras clases de publicacións menores de circulación restrinxida, mesmo se nos referirmos a textos de ton basicamente literario, por así expresalo.

